**SESIÓN ORDINARIA DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO PLENO DE DATA NOVE DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E UN**

No Salón de Sesións da Casa do Concello da cidade da Coruña, 9 de setembro de 2021. Baixo a Presidencia da **Excma. señora alcaldesa-presidenta, D.ª Inés Rey García**, e coa asistencia das e dos edís **D. José Manuel Lage Tuñas, D.ª Eudoxia María Neira Fernández, D. Juan Manuel Díaz Villoslada, D.ª Eva Martínez Acón, D. Jesús Javier Celemín Santos, D.ª María Esther Dolores Fontán Prado, D. Juan Ignacio Borrego Vázquez, D.ª Diana María Sobral Cabanas, D.ª Rosa María Gallego Neira, D. Roberto Rodríguez Martínez, D.ª Esperanza Peñalosa López-Pin, D. Antonio Deus Álvarez, D. Juan Carlos Varela Vázquez, D. Roberto García Fernández, D.ª María Teresa Gutiérrez Roselló, D.ª María Nazaret Cendán Gayoso, D. Roberto Luis Coira Andrade, D.ª María García Gómez, , D.ª Silvia Cameán Calvete, D. Alberto Lema Suárez, D.ª Claudia Delso Carreira, D. Iago Martínez Durán, D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, D.ª Avia Veira González, D.ª Mónica Martínez Lema e Dª Isabel Faraldo Calvo**, reúnese, previa convocatoria regulamentariamente circulada, o Excelentísimo Concello Pleno, co obxecto de realizar sesión ordinaria.

Dá fe do acto o infraescrito **secretario xeral do Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, atopándose ademais presente o **interventor xeral, don Ángel David Murado Codesal**.

Ás dez horas e oito minutos, a Presidencia declara aberta a sesión,

***SESIÓN ORDINARIA DEL EXCELENTÍSIMO AYUNTAMIENTO PLENO DE FECHA NUEVE DE SEPTIEMBRE DE DOS MIL VEINTIUNO***

*En el Salón de Sesiones de las Casas Consistoriales de la ciudad de A Coruña, a 9 de septiembre de 2021. Bajo la Presidencia de la* ***Excma. señora alcaldesa-presidenta, D.ª Inés Rey García****, y con la asistencia de las y los ediles* ***D. José Manuel Lage Tuñas, D.ª Eudoxia María Neira Fernández, D. Juan Manuel Díaz Villoslada, D.ª Eva Martínez Acón, D. Jesús Javier Celemín Santos, D.ª María Esther Dolores Fontán Prado, D. Juan Ignacio Borrego Vázquez, D.ª Diana María Sobral Cabanas, D.ª Rosa María Gallego Neira, D. Roberto Rodríguez Martínez, D.ª Esperanza Peñalosa López-Pin, D. Antonio Deus Álvarez, D. Juan Carlos Varela Vázquez D. Roberto García Fernández, D.ª María Teresa Gutiérrez Roselló, D.ª María Nazaret Cendán Gayoso, D. Roberto Luis Coira Andrade, D.ª María García Gómez, , D.ª Silvia Cameán Calvete, D. Alberto Lema Suárez, D.ª Claudia Delso Carreira D. Iago Martínez Durán, D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, D.ª Avia Veira González, D.ª Mónica Martínez Lema e Dª Isabel Faraldo Calvo****, se reúne, previa convocatoria reglamentariamente circulada, el Excelentísimo Ayuntamiento Pleno, con el objeto de realizar sesión ordinaria.*

*Da fe del acto el infrascrito* ***secretario general del Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez****, hallándose además presente el* ***interventor general, don Ángel David Murado Codesal****.*

*A las diez horas y ocho minutos, la Presidencia declara abierta la sesión,*

pasándose a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

**I – PARTE RESOLUTIVA**

**Intervencións**

**Presidencia**

Moi bo día a todos e a todas. Retomamos o curso político con esta sesión ordinaria do Pleno do mes de setembro. Saudamos a todos os membros da Corporación, persoal municipal que nos acompaña, señor secretario, señor interventor, xornalistas acreditados así como aqueles que nos acompañan na tribuna do público e a través do *streaming*.

**COMUNICACIÓNS DA ALCALDÍA**

**129. Comunicado da Alcaldía sobre a violencia machista**

**Presidencia**

Asunto número 1. Señor secretario.

**Señor secretario**

Asunto número 1. Comunicacións de Alcaldía.

**Presidencia**

No pasado Pleno do 14 de setembro de 2015 aprobouse por unanimidade unha moción conxunta sobre a violencia de xénero na que se acordaba iniciar cada Pleno ordinario agardando tantos minutos de silencio como persoas fosen asasinadas polo machismo desde o anterior Pleno. Neste Pleno de setembro deberán gardarse dez minutos de silencio polas vítimas que a continuación se relacionarán e se informe igualmente

*pasándose a tratar los siguientes asuntos incluidos en el orden del día.*

***I – PARTE RESOLUTIVA***

***Intervenciones***

***Presidencia***

*Muy buenos días a todos y a todas. Retomamos el curso político con esta sesión ordinaria del Pleno del mes de septiembre. Saludamos a todos los miembros de la Corporación, personal municipal que nos acompaña, señor secretario, señor interventor, periodistas acreditados así como aquellos que nos acompañan en la tribuna de invitados y a través de la retransmisión en directo.*

***COMUNICACIONES DE LA ALCALDÍA***

***129. Comunicado de la Alcaldía sobre la violencia machista***

***Presidencia***

*Asunto número 1. Señor secretario.*

***Señor secretario***

*Asunto número 1. Comunicaciones de Alcaldía.*

***Presidencia***

*En el pasado Pleno de 14 de septiembre de 2015 se aprobó por unanimidad una moción conjunta sobre la violencia de género en la que se acordaba iniciar cada Pleno ordinario guardando tantos minutos de silencio como personas fuesen asesinadas por el machismo desde el anterior Pleno. En este Pleno de septiembre deberán guardarse diez minutos de silencio por las víctimas que a continuación se relacionarán y se informe*

que no total do ano 2021, ata o día de hoxe, as cifras oficiais de asasinatos machistas, mulleres, fillos e fillas, é de 33 mulleres e 4 menores, no ano 2021.

*igualmente que en el total del año 2021, hasta día de hoy, las cifras oficiales de asesinatos machistas, mujeres, hijos e hijas, es de 33 mujeres y 4 menores, en el año 2021.*

Desde o Pleno do pasado 8 de xullo ata o Pleno do 9 de setembro foron asasinadas nove mulleres e unha menor coa última actualización de datos do 26 de agosto.

*Desde el Pleno del pasado 8 de julio hasta el Pleno del 9 de septiembre fueron asesinadas nueve mujeres y una menor con la última actualización de datos del 26 de agosto.*

1. O 05/06/2021 Inamculada Nzang Mba Oyana, 43 anos, en Almería.

*1. El 05/06/2021 Inamculada Nzang Mba Oyana, 43 años, en Almería.*

2. O 07/07/2021 Mª del Pilar Berrio Jiménez, de 43 anos en Navarra. Deixa 2 fillos menores de idade.

*2. El 07/07/2021 Mª del Pilar Berrio Jiménez, de 43 años en Navarra. Deja 2 hijos menores de edad.*

3. O 15/07/2021. Mari Ángeles Guerrero de 46 anos. Málaga.

*3. El 15/07/2021. Mari Ángeles Guerrero de 46 años. Málaga.*

4. O 22/07/2021. Luisa Amelia, de 76 anos, en Pozuelo de Alarcón (Madrid).

*4. El 22/07/2021. Luisa Amelia, de 76 años, en Pozuelo de Alarcón (Madrid).*

5. O 22/07/2021. Amal, de 38 anos, en Sabadell (Barcelona).

*5. El 22/07/2021. Amal, de 38 años, en Sabadell (Barcelona).*

6. O 30/07/2021. Antonella Abigaíl Orihuela, de 30 anos, en Sant Vicenç de Castellet (Barcelona). Deixa unha filla menor.

*6. El 30/07/2021. Antonella Abigaíl Orihuela, de 30 años, en Sant Vicenç de Castellet (Barcelona). Deja una hija menor.*

7. O 30/07/2021. Pamela Salgado, de 25 anos, en Tarragona.

*7. El 30/07/2021. Pamela Salgado, de 25 años, en Tarragona.*

8. O 02/08/2021. Oksana O.S., de 36 anos en Málaga.

*8. El 02/08/2021. Oksana O.S., de 36 años en Málaga.*

9. O 10/08/2021. Carmen de apelidos non coñecidos, de 60 anos en Sevilla.

*9. El 10/08/2021. Carmen de apellidos no conocidos, de 60 años en Sevilla.*

10. Anna Gimeno Zimmerman, de 1 ano. Santa Cruz de Tenerife (Illas Canarias). Confirmado o 25/08/2021 pola Delegación do Goberno. A irmá foi incorporada na relación de asasinatos machistas do pleno do 8 de xullo.

*10. Anna Gimeno Zimmerman, de 1 año. Santa Cruz de Tenerife (Islas Canarias). Confirmado el 25/08/2021 por la Delegación del Gobierno. La hermana fue incorporada en relación de asesinatos machistas del pleno del 8 de julio.*

Solicito a todos os presentes que nos poñamos en pé para gardar dez minutos de silencio.

**(Gárdanse 10 minutos de silencio).**

**130. Aprobación de actas**

Remitida a todos e cada un dos membros corporativos unha copia do borrador da acta da sesión plenaria celebrada o día 3 de xuño de 2021, a mesma dáse por lida procedéndose á súa aprobación.

**Presidencia**

Moitas grazas.

Nas comunicacións da Alcaldía tamén consta a aprobación da acta da sesión plenario ordinaria celebrada o 3 de xuño de 2021 á que non hai obxeccións e polo tanto entendemos aprobada.

Área de Alcaldía. Cultura. Asuntos 2 e 3. Señor secretario.

**ALCALDÍA**

**Cultura**

**131. Aprobación inicial do expediente de modificación do Orzamento do IMCE para o exercicio 2021, consistente nun suplemento de crédito por importe de 660.000 €.**

**Asunto:** Aprobación inicial do expediente de modificación do Orzamento do IMCE para o exercicio 2021, consistente nun suplemento de crédito por importe de 660.000 €.

Este asunto foi ditaminado pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Administración Xeral

*Solicito a todos los presentes que nos pongamos en pie para guardar diez minutos de silencio.*

***(Se guardan 10 minutos de silencio).***

***130. Aprobación de actas***

*Remitida a todos y cada uno de los miembros corporativos una copia del borrador del acta de la sesión plenaria celebrada el día 3 de junio de 2021, la misma se da por leída procediéndose a su aprobación.*

***Presidencia***

*Muchas gracias.*

*En las comunicaciones de la Alcaldía también consta la aprobación del acta de la sesión plenaria ordinaria celebrada el 3 de junio de 2021 a la que no hay objeciones y por lo tanto entendemos aprobada.*

*Área de Alcaldía. Cultura. Asuntos 2 y 3. Señor secretario.*

***ALCALDÍA***

***Cultura***

***131. Aprobación inicial del expediente de modificación del Presupuesto del IMCE para el ejercicio 2021, consistente en un suplemento de crédito por importe de 660.000 €.***

***Asunto:*** *Aprobación inicial del expediente de modificación del Presupuesto del IMCE para el ejercicio 2021, consistente en un suplemento de crédito por importe de 660.000 €.*

*Este asunto fue dictaminado por la Comisión Informativa de Economía, Hacienda y Administración General*

celebrada o día 6 de setembro de 2021, co voto a favor do Grupo Municipal Socialista, e as abstencións dos Grupos Municipais do Partido Popular, de Marea Atlántica, do BNG e da concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo, propoñéndose ao Pleno municipal a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación do Orzamento do IMCE de 2021 consistente nun suplemento de crédito de 660.000,00 € de acordo co seguinte detalle:

- 330/212.00 REPARACION, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE EDIFICIOS 6.000,00

- 330/221.99 OUTRAS SUBMINISTRACIÓNS 4.000,00

- 330/622.00 EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS 220.000,00

- 330/623.00 MAQUINARIA, INSTALACIÓNS TÉCNICAS E UTILLAJE 95.000,00

- 330/625.00 MOBILIARIO E AVEÑOS 21.500,00

- 330/632.00 EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS 11.000

- 30/635.00 MOBILIARIO E AVEÑOS 2.500,00

- 334/227.99 OUTROS TRABALLOS REALIZADOS POR EMPRESAS E PROF. 300.000,00

Total: 660.000 €

O devandito suplemento financiarase con Remanente líquido de tesourería para gastos xerais, aparecendo, desta

*celebrada el día 6 de septiembre de 2021, con el voto a favor del Grupo Municipal Socialista, y las abstenciones de los Grupos Municipales del Partido Popular, de Marea Atlántica, del BNG y de la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo, proponiéndose al Pleno municipal la adopción de los siguientes acuerdos:*

*PRIMERO.- Aprobar inicialmente el expediente de modificación del Presupuesto del IMCE de 2021 consistente en un suplemento de crédito de 660.000,00 € de acuerdo con el siguiente detalle:*

*- 330/212.00 REPARACION, MANTENIMIENTO Y CONSERVACIÓN DE EDIFICIOS 6.000,00*

*- 330/221.99 OTROS SUMINISTROS 4.000,00*

*- 330/622.00 EDIFICIOS Y OTRAS CONSTRUCCIONES 220.000,00*

*- 330/623.00 MAQUINARIA, INSTALACIONES TÉCNICAS Y UTILLAJE 95.000,00*

*- 330/625.00 MOBILIARIO Y ENSERES 21.500,00*

*- 330/632.00 EDIFICIOS Y OTRAS CONSTRUCCIONES 11.000*

*- 30/635.00 MOBILIARIO Y ENSERES 2.500,00*

*- 334/227.99 OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR EMPRESAS Y PROF. 300.000,00*

*Total: 660.000 €*

*Dicho suplemento se financiará con Remante líquido de tesorería para gastos generales, apareciendo, de esta forma, el*

forma, o expediente nivelado.

*expediente nivelado.*

**132. Aprobación inicial do expediente de modificación do Orzamento do IMCE para o exercicio 2021, consistente na concesión dun crédito extraordinario por importe de 30.979,80 €.**

***132. Aprobación inicial del expediente de modificación del Presupuesto del IMCE para el ejercicio 2021, consistente en la concesión de un crédito extraordinario por importe de 30.979,80 €.***

**Asunto:** Aprobación inicial do expediente de modificación do Orzamento do IMCE para o exercicio 2021, consistente na concesión dun crédito extraordinario por importe de 30.979,80 €.

***Asunto:*** *Aprobación inicial del expediente de modificación del Presupuesto del IMCE para el ejercicio 2021, consistente en la concesión de un crédito extraordinario por importe de 30.979,8 €.*

Este asunto foi ditaminado pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Administración Xeral celebrada o día 6 de setembro de 2021, co voto a favor do Grupo Municipal Socialista, e as abstencións dos Grupos Municipais do Partido Popular, de Marea Atlántica, do BNG e da concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo, propoñéndose ao Pleno municipal a adopción dos seguintes acordos:

*Este asunto fue dictaminado por la Comisión Informativa de Economía, Hacienda y Administración General celebrada el día 6 de septiembre de 2021, con el voto a favor del Grupo Municipal Socialista, y las abstenciones de los Grupos Municipales del Partido Popular, de Marea Atlántica, del BNG y de la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo, proponiéndose al Pleno municipal la adopción de los siguientes acuerdos:*

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o proxecto de modificación do Orzamento do IMCE de 2021 consistente na concesión dun crédito extraordinario na aplicación que se relaciona, por importe total de 30.979,80 €, financiada con Remanente líquido de tesouraría para gastos xerais polo mesmo importe (concepto 870 Remanente de Tesouraría do Estado de Ingresos):

*PRIMERO.- Aprobar inicialmente el proyecto de modificación del Presupuesto del IMCE de 2021 consistente en la concesión de un crédito extraordinario en la aplicación que se relaciona, por importe total de 30.979,80 €, financiada con Remanente líquido de tesorería para gastos generales por el mismo importe (concepto 870 Remanente de Tesorería del Estado de Ingresos):*

330/221.91 Recoñecemento de crédito – Subministracións: 30.979,80 €

*330/221.91 Reconocimiento de crédito – Suministros: 30.979,80 €*

SEGUNDO.- Recoñecer extraxudicialmente os créditos polas seguintes facturas, con cargo á aplicación 330/221.91, facendo constar que a eficacia do devandito

*SEGUNDO.- Reconocer extrajudicialmente los créditos por las siguientes facturas, con cargo a la aplicación 330/221.91, haciendo constar que la eficacia del dicho reconocimiento*

recoñecemento queda condicionada á validez e eficacia da concesión do crédito extraordinario antedito:

Factura: FE20137029236482.
Nº de Rexistro: 2020/890
Concepto: Subministración de enerxía eléctrica outubro 2020.
Importe da factura (IVE/IVE incluído): 9.500,48 .
IVE soportado deducible (55%): 906,86
Importe a imputar á aplicación 330/221.91: 8.593,62€.

Factura: FE21137007804307.
Nº de Rexistro: 2021/186.
Concepto: Subministración de enerxía eléctrica novembro 2020.
Importe da factura (IVE incluído): 11.028,51.
IVE soportado deducible (55%): 1.052,72.
Importe a imputar á aplicación 330/221.91: 9.975,79€.

Factura: FE21137007804358.
Nº de Rexistro: 2021/184.
Concepto: Subministración de enerxía eléctrica decembro 2020.
Importe da factura (IVE incluído): 13.720,03.
IVE soportado deducible (55%): 1.309,64.
Importe a imputar á aplicación 330/221.91: 12.410,39€.

Totais:
Importe da factura (IVE incluído): 34.249,02.
IVE soportado deducible (55%): 3269,22.
Importe a imputar á aplicación 330/221.91: 30.979,80€.

**Señor Secretario**

Asunto número dous, aprobación inicial do expediente de modificación do Orzamento do IMCE para o exercicio

*queda condicionada a la validez y eficacia de la concesión del crédito extraordinario antedicho:*

*Factura: FE20137029236482.*
*Nº de Registro: 2020/890.*
*Concepto: Suministro de energía eléctrica octubre 2020.*
*Importe de la factura (IVA incluido): 9.500,48.*
*IVA soportado deducible (55%): 906,86.*
*Importe a imputar a la aplicación 330/221.91: 8.593,62€.*

*Factura: FE21137007804307.*
*Nº de Registro: 2021/186.*
*Concepto: Suministro de energía eléctrica noviembre 2020.*
*Importe de la factura (IVA incluido): 11.028,51.*
*IVA soportado deducible (55%): 1.052,72.*
*Importe a imputar a la aplicación 330/221.91: 9.975,79€.*

*Factura: FE21137007804358.*
*Nº de Registro: 2021/184.*
*Concepto: Suministro de energía eléctrica diciembre 2020.*
*Importe de la factura (IVA incluido): 13.720,03.*
*IVA soportado deducible (55%): 1.309,64.*
*Importe a imputar a la aplicación 330/221.91: 12.410,39€.*

*Totales:*
*Importe de la factura (IVA incluido): 34.249,02.*
*IVA soportado deducible (55%): 3269,22.*
*Importe a imputar a la aplicación 330/221.91: 30.979,80€.*

***Señor Secretario***

*Asunto número dos, aprobación inicial del expediente de modificación del Presupuesto del IMCE para el ejercicio*

2021, consistente nun suplemento de crédito por importe de 660.000€.

Asunto número tres, aprobación inicial do expediente de modificación do Orzamento do IMCE para o exercicio 2021, consistente na concesión dun crédito extraordinario por importe de 30.979,80€.

**Presidencia**

Grazas.

Tal e como se acordou na Comisión de Voceiros ten a palabra en primeiro lugar o voceiro do Goberno, señor Lage Tuñas, e despois daremos paso ó debate, que terá dúas quendas por grupo e concelleira non adscrita, a primeira de catro minutos e a segunda de dous minutos.

Señor Lage Tuñas, ten a palabra.

**Señor Lage Tuñas**

Bo día a todos e a todas.

Nesta primeira intervención abordamos dous puntos da orde do día que son dous modificativos do orzamento do IMCE, do Instituto Municipal de Cultura e Espectáculos. Un modificativo por valor de 30.979,80 €, para facer fronte ó pago de facturas por subministro eléctrico por unha banda, e por outra un modificativo por valor de 660.000 € para facer fronte ós gastos de mantemento, reparación, conservación de edificio, subministros, edificacións e construcións, instalacións técnicas y tamén para a programación, unha parte da programación cultural do ano 2021.

Os dous modificativos que debatemos hoxe obedecen a axustes necesarios do gasto no IMCE e o aboamento de

*2021, consistente en un suplemento de crédito por importe de 660.000€.*

*Asunto número tres, aprobación inicial del expediente de modificación del Presupuesto del IMCE para el ejercicio 2021, consistente en la concesión de un crédito extraordinario por importe de 30.979,80€.*

***Presidencia***

*Gracias.*

*Tal y como se acordó en la Comisión de Portavoces tiene la palabra en primer lugar el portavoz del Gobierno, señor Lage Tuñas, y después daremos paso al debate, que tendrá dos turnos por grupo y concejala no adscrita, la primera de cuatro minutos y la segunda de dos minutos.*

*Señor Lage Tuñas, tiene la palabra.*

***Señor Lage Tuñas***

*Buenos días a todos y a todas.*

*En esta primera intervención abordamos dos puntos del orden del día que son dos modificativos del presupuesto del IMCE, del Instituto Municipal de Cultura y Espectáculos. Un modificativo por valor de 30.979,80 €, para hacer frente al pago de facturas por suministro eléctrico por una parte, y por otra un modificativo por valor de 660.000€ para hacer frente a los gastos de mantenimiento, reparación, conservación de edificio, suministros, edificaciones y construcciones, instalaciones técnicas y también para la programación, una parte de la programación cultural del año 2021.*

*Los dos modificativos que debatimos hoy obedecen a ajustes necesarios del gasto en el IMCE y el abono de servicios y*

servizos e subministros efectivamente prestados e non previstos e tamén á necesidade de realizar unha serie de actuacións en recintos municipais para garantir a súa operatividade. Nin mais nin menos que leva consigo obras de reparación y de posta a punto, bueno, temos un conxunto de instalacións y edificios municipais que se destinan fundamentalmente ó ámbito cultural y ós espectáculos y ós eventos que xa teñen uns anos y loxicamente pois precisan de reparacións y de actuacións puntuais, non?

*suministros efectivamente prestados y no previstos y también a la necesidad de realizar una serie de actuaciones en recintos municipales para garantizar su operatividad. Ni más ni menos que lleva consigo obras de reparación y de puesta a punto, bueno, tenemos un conjunto de instalaciones y edificios municipales que se destinan fundamentalmente al ámbito cultural y a los espectáculos y a los eventos que ya tienen unos años y lógicamente pues necesitan reparaciones y de actuaciones puntuales, ¿no?*

No que se refire ó primeiro modificativo por valor de 30.979 €, dicir que corresponde ó gasto de subministro eléctrico entre os meses de outubro e decembro do ano 2020. Neste caso recordar que está en proceso a inclusión do subministro eléctrico do IMCE no contrato xeral de subministro do Concello pero mentres non se culmina ese proceso hai que facer fronte igualmente ós gastos correspondentes. En calquera caso, o seu aboamento non vai supor unha merma de ningún servizo municipal xa que os fondos proceden do remanente de tesourería para gastos xerais. Trátase dun servizo efectivamente prestado y como saben todos os membros da Corporación existe unha obriga de facerlle fronte para evitar un enriquecemento ilícito do ente público.

*En lo que se refiere al primer modificativo por valor de 30.979 €, decir que corresponde al gasto de suministro eléctrico entre los meses de octubre y diciembre del año 2020. En este caso recordar que está en proceso la inclusión del suministro eléctrico del IMCE en el contrato general de suministro del Ayuntamiento pero mientras no se culmina ese proceso hay que hacer frente igualmente a los gastos correspondientes. En cualquier caso, su abono no va a suponer una merma de ningún servicio municipal ya que los fondos proceden del remanente de tesorería para gastos generales. Se trata de un servicio efectivamente prestado y como saben todos los miembros de la Corporación existe un deber de hacerle frente para evitar un enriquecimiento ilícito del ente público.*

Da mesma fonte de financiamento, de ese remanente de tesourería, proceden os 660.000 € do segundo modificativo, cantidade que en esencia se destina a obras de reparación, mantemento, mobiliario e tamén para completar a programación cultural do ano 2021. Resulta preciso adecuar as instalacións do Teatro Rosalía, do Coliseum e do Fórum Metropolitano. En todos eles hai que facer unha serie de actuacións que os membros da Comisión de Economía,

*De la misma fuente de financiación, de ese remanente de tesorería, proceden los 660.000 € del segundo modificativo, cantidad que en esencia se destina a obras de reparación, mantenimiento, mobiliario y también para completar la programación cultural del año 2021. Resulta preciso adecuar las instalaciones del Teatro Rosalía, del Coliseum y del Fórum Metropolitano. En todos ellos hay que hacer una serie de actuaciones que los miembros de la Comisión de Economía,*

Facenda e Administración Xeral coñecen en detalle, pero que teñen que ver, pois dende o material eléctrico e de son ata a operativa contra incendios ou a propia mellora das instalacións no que se refire a escenario, sinaléctica y todo o que ten relación coa iluminación y a posta a punto para poder desenvolver as actividades culturais nos diferentes escenarios do Forum, do Coliseum e do Rosalía.

*Hacienda y Administración General conocen en detalle, pero que tienen que ver, pues desde el material eléctrico y de sonido hasta la operativa contraincendios o la propia mejora de las instalaciones en lo que se refiere a escenario, señalización y todo lo que tiene relación con la iluminación y la puesta a punto para poder desarrollar las actividades culturales en los diferentes escenarios del Forum, del Coliseum y del Rosalía.*

Tamén nesa partida, para programación cultural, no que se intenta garantir a celebración de actividades de terceiros, citas como Corufest, o Atlantic Pride, por poñer un exemplo, contan con fondos que así non teñen que ser detraídos dentro da propia estrutura do IMCE dos orzamentos dos recintos, garantindo deste xeito que estes dispoñan da liquidez suficiente para poder desenvolver a súa programación propia tendo en conta como está organizado este instituto municipal.

*También en esa partida, para programación cultural, en el que se intenta garantizar la celebración de actividades de terceros, citas como Corufest, el Atlantic Pride, por poner un ejemplo, cuentan con fondos que así no tienen que ser detraídos dentro de la propia estructura del IMCE de los presupuestos de los recintos, garantizando de este modo que estos dispongan de la liquidez suficiente para poder desarrollar su programación propia teniendo en cuenta cómo está organizado este instituto municipal.*

En calquera caso cabe recordar que isto vai a permitir pois tamén desenvolver o ciclo de danza no Teatro Rosalía, os ciclos musicais en colaboración coas entidades locais, ciclos musicais onde as entidade locais da cidade participan, tamén o desenvolvemento de eventos no propio Coliseum y retomar o programa do lecer para os mais cativos no Fórum e no Ágora que como ben saben, pois hai un antes e un despois da COVID, no?

*En cualquier caso cabe recordar que esto va a permitir pues también desarrollar el ciclo de danza en el Teatro Rosalía, los ciclos musicales en colaboración con las entidades locales, ciclos musicales donde las entidad locales de la ciudad participan, también el desarrollo de eventos en el propio Coliseum y retomar el programa del ocio para los más pequeños en el Fórum y en el Ágora que como bien saben, pues hay un antes y un después de la COVID, ¿no?.*

En esencia este é o asunto, son os asuntos que traemos aquí nestes dous primeiros puntos da parte resolutiva é loxicamente pois pedirlle a tódolos grupos que faciliten dun xeito ou doutro, que se poidan acometer estas actuacións que son necesarias tamén para o mantemento dos propios espazos

*En esencia este es el asunto, son los asuntos que traemos aquí en estos dos primeros puntos de la parte resolutiva es lógicamente pues pedirle a todos los grupos que faciliten de una forma o de otra, que se puedan acometer estas actuaciones que son necesarias también para el mantenimiento de los propios*

culturais da nosa cidade.

**Presidencia**

Moitas grazas señor Lage.

Inicia o debate a concelleira non adscrita, señora Faraldo. Catro minutos na primeira quenda.

**Señora Isabel Faraldo**

Bo día señora alcaldesa, concelleiros e concelleiras e a todos os presentes nesta sala e a todas as persoas que nos seguen por *streaming*.

Quero comezar a miña intervención mandando o noso sentido pésame e unha fonda aperta cariñosa ás persoas achegadas de Víctor Gómez, finado esta semana, especialmente á súa familia de Protección Civil por ese oco doloroso que deixa.

Tamén un saúdo, como non, de apoio ó colectivo da Policía Local agora na praza de María Pita. Son xa catro meses defendendo a esixencia do cumprimento dos compromisos asinados.

Un saúdo ás veciñas de Elviña, tamén na praza, aquí ó lado, e sin embargo sentindo ó Concello tan lonxano a elas. E ós traballadores de Nostián que ven como o tempo pasa e sen embargo todo queda parado.

Dez minutos neste Pleno polas asasinadas por violencia de xénero, dez minutos, dez vidas. Non deixa de impresionarme esta rutina sobrecolledora, este cancro interminable. Necesitaba, tras eses minutos calada, alzar esta voz.

Hoxe creo que ningunha intervención pode ser allea á ola de violencia que as

*espacios culturales de nuestra ciudad.*

***Presidencia***

*Muchas gracias señor Lage.*

*Inicia el debate la concejala no adscrita, señora Faraldo. Cuatro minutos en el primer turno.*

***Señora Isabel Faraldo***

*Buenos día señora alcaldesa, concejales y concejalas y a todos los presentes en esta sala y a todas las personas que nos siguen a través de la retransmisión en directo.*

*Quiero comenzar mi intervención mandando nuestro sentido pésame y un hondo abrazo cariñoso a las personas allegadas de Víctor Gómez, fallecido esta semana, especialmente a su familia de Protección Civil por ese hueco doloroso que deja.*

*También un saludo, como no, de apoyo al colectivo de la Policía Local ahora en la plaza de María Pita. Son ya cuatro meses defendiendo la exigencia del cumplimiento de los compromisos firmados.*

*Un saludo a las vecinas de Elviña, también en la plaza, aquí al lado, y sin embargo sintiendo al Ayuntamiento tan lejano a ellas. Y a los trabajadores de Nostián que ven como el tiempo pasa y sin embargo todo queda parado.*

*Diez minutos en este Pleno por las asesinadas por violencia de género, diez minutos, diez vidas. No deja de impresionarme esta rutina sobrecogedora, este cáncer interminable. Necesitaba, tras esos minutos callada, alzar esta voz.*

*Hoy creo que ninguna intervención puede ser ajena a la ola de violencia que las*

persoas do colectivo LGTBIQ están a sufrir. É a terceira vez que o digo neste Pleno e non me vou a cansar de repetilo. Coidado con darlle alas á parte mais bárbara deste país. Coidado con blanquear os discursos do odio. Coidado con banalizar algunhas expresións, agresións perdón, como a queima de bandeiras LGTBI ou as pintadas. Coidado, moito coidado con certas alianzas. Se o odio é unha reacción ao avance das liberdades, de todas as liberdades, e hoxe, insisto, non podemos, non debemos y non queremos quedar caladas.

*personas del colectivo LGTBIQ están sufriendo. Es la tercera vez que lo digo en este Pleno y no me voy a cansar de repetirlo. Cuidado con darle alas a la parte más bárbara de este país. Cuidado con blanquear los discursos del odio. Cuidado con banalizar algunas expresiones, agresiones perdón, como la quema de banderas LGTBI o las pintadas. Cuidado, mucho cuidado con ciertas alianzas. Si el odio es una reacción al avance de las libertades, de todas las libertades, y hoy, insisto, no podemos, no debemos y no queremos quedarnos calladas.*

Indo ó tema dos asuntos dous e tres, trátase, como acaba de explicar o concelleiro de Facenda, dunha modificación de orzamento por un suplemento de crédito para diversas obras e dotacións no Teatro Rosalía de Castro, no Pazo de Congresos e no Fórum Metropolitano, e un crédito extraordinario para o pago de facturas de suministro eléctrico do último trimestre do ano pasado. Entendo que a aprobación destes créditos non exclúe a revisión dos expedientes para futuras comprobacións sobre os investimentos feitos no mantemento dos edificios así como nos cambios e adquisicións para os que se destinan estes suplementos de créditos, por si ocurrisen accións futuras que se poideran derivar.

*Yendo al tema de los asuntos dos y tres, se trata, como acaba de explicar el concejal de Hacienda, de una modificación de presupuesto por un suplemento de crédito para diversas obras y dotaciones en el Teatro Rosalía de Castro, en el Palacio de Congresos y en el Fórum Metropolitano, y un crédito extraordinario para el pago de facturas de suministro eléctrico del último trimestre del año pasado. Entiendo que la aprobación de estos créditos no excluye la revisión de los expedientes para futuras comprobaciones sobre las inversiones hechas en el mantenimiento de los edificios así como en los cambios y adquisiciones para los que se destinan estos suplementos de créditos, por si ocurriesen acciones futuras que se pudiesen derivar.*

Polo tanto, o noso voto vai a ser a favor.

*Por lo tanto, nuestro voto va a ser a favor.*

Grazas.

*Gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas señora Faraldo.

*Muchas gracias señora Faraldo.*

Polo Bloque Nacionalista Galego, señor Jorquera.

*Por el Bloque Nacionalista Galego, señor Jorquera.*

**Señor Jorquera Caselas**

***Señor Jorquera Caselas***

Grazas señora alcaldesa.

Como é habitual na primeira intervención quero saudar ó público que segue este pleno de xeito presencial ou a través do *streaming*, ás traballadoras e traballadores do Concello, ós traballadores e traballadoras da prensa, os membros da Corporación e fago extensivo este saúdo ós distintos colectivos que están agora en María Pita.

E como fixo a anterior concelleira quero aproveitar tamén ós que xa non están, por iso expresamos tamén o noso pesar y o noso afecto á familia e achegados de Víctor Gómez, que facemos extensivo a todas as persoas que integran a agrupación de voluntarios de Protección Civil da Coruña da que era membro. Y expresamos tamén o noso pesar y o noso afecto á familia y achegados de Martín Naya y ás súas compañeiras y compañeiros do centro social A Comuna.

Entrando en materia, cando o Goberno municipal optou unilateralmente por prorrogar os orzamentos do 2020, unha das razóns da nosa crítica é que esa decisión abocaba a ter que negociar os orzamentos a retallos, pronunciándonos ó longo do exercicio sobre continuas modificacións orzamentarias en vez de abordar na súa globalidade unha previsión de gastos ou ingresos como sería o racional. Lembrábamos que os orzamentos deben ser flexíbeis e para iso están precisamente os modificativos, pero unha cousa é iso y outra ter que recorrer ó parcheo continuo por carecermos dunha planificación global.

Fago este recordatorio porque, se non levo mal as contas, con estes dous modificativos xa son sete os que

*Gracias señora alcaldesa.*

*Como es habitual en la primera intervención quiero saludar al público que sigue este pleno de manera presencial o a través de la retransmisión en directo, a las trabajadoras y trabajadores del Ayuntamiento, a los trabajadores y trabajadoras de la prensa, a los miembros de la Corporación y hago extensivo este saludo a los distintos colectivos que están ahora en María Pita.*

*Y como hizo la anterior concejala quiero aprovechar también a los que ya no están, por eso expresamos también nuestro pesar y nuestro afecto a la familia y allegados de Víctor Gómez, que hacemos extensivo a todas las personas que integran la agrupación de voluntarios de Protección Civil de A Coruña de la que era miembro. Y expresamos también nuestro pesar y nuestro afecto a la familia y allegados de Martín Naya y a sus compañeras y compañeros del centro social A Comuna.*

*Entrando en materia, cuando el Gobierno municipal optó unilateralmente por prorrogar los presupuestos del 2020, una de las razones de nuestra crítica es que esa decisión llevaba a tener que negociar los presupuestos en fragmentos, pronunciándonos a lo largo del ejercicio sobre continuas modificaciones presupuestarias en vez de abordar en su globalidad una previsión de gastos o ingresos como sería lo racional. Recordábamos que los presupuestos deben ser flexibles y para eso están precisamente los modificativos, pero una cosa es eso y otra tener que recurrir al parcheo continuo por carecer de una planificación global.*

*Hago este recordatorio porque, si no llevo mal las cuentas, con estos dos modificativos ya son siete los que presentó*

presentou o Goberno municipal dende o pasado mes de xaneiro, e iso que seguimos agardando pola ampliación de capital de EMVSA, aprobada por unanimidade no seu Consello de decembro de 2020 e necesaria para poñer en marcha o complexo deportivo do Castrillón.

*el Gobierno municipal desde el pasado mes de enero, y eso que seguimos esperando por la ampliación de capital de EMVSA, aprobada por unanimidad en su Consejo de diciembre de 2020 y necesaria para poner en marcha el complejo deportivo del Castrillón.*

Ademais, cos dous modificativos que se debaten hoxe van xa catro os que afectan singularmente ó IMCE. En xullo aprobamos os expedientes M2 y M3, para dotar ó PRESCO y ampliar os convenios que contemplaban baixas no IMCE por importe de 860.000 € e 240.000 €. Naquel debate expuxemos a nosa preocupación pola repercusión que estas baixas podían ter na programación cultural dependente do IMCE y o seu impacto nun ámbito tan importante e tan afectado pola crise como é a cultura. Agora proponse a concesión dun crédito extraordinario de preto de 31.000 € y un suplemento de crédito de 660.000 € dos cales 300.000 € destinaranse a traballos realizados por empresas y profesionais co obxecto de facer fronte á programación cultural até o fin de 2021, creo que un bo exemplo dese recurso parcheo continuo por carecermos dunha planificación global.

*Además, con los dos modificativos que se debaten hoy van ya cuatro los que afectan singularmente al IMCE. En julio aprobamos los expedientes M2 y M3, para dotar al PRESCO y ampliar los convenios que contemplaban bajas en el IMCE por importe de 860.000 € y 240.000 €. En aquel debate expusimos nuestra preocupación por la repercusión que estas bajas podían tener en la programación cultural dependiente del IMCE y su impacto en un ámbito tan importante y tan afectado por la crisis como es la cultura. Ahora se proponen la concesión de un crédito extraordinario de cerca de 31.000 € y un suplemento de crédito de 660.000 € de los cuales 300.000 € se destinarán a trabajos realizados por empresas y profesionales con el objeto de hacer frente a la programación cultural hasta el fin de 2021, creo que un buen ejemplo de ese recurso parcheo continuo por carecer de una planificación global.*

Pero dado que comecei lembrando as consecuencias que tivo a decisión do Goberno de non negociar os orzamentos para o 2021, prorrogando os do 2021, remato esta primeira intervención cunha reflexión: aledámonos de que decidisen rectificar e anunciasen o inicio de negociacións para que haxa orzamentos novos en 2022, aledámonos por tanto que dean compromiso ó acordo de investidura subscrito co BNG no que se comprometeron a iniciar a negociación dos orzamentos de cada exercicio no mes de setembro do ano anterior, porque ó mellor se esqueceron pero ese

*Pero dado que comencé recordando las consecuencias que tuvo la decisión del Gobierno de no negociar los presupuestos para el 2021, prorrogando los del 2021, finalizo esta primera intervención con una reflexión: nos alegramos de que decidieran rectificar y anunciaran el inicio de negociaciones para que haya presupuestos nuevos en 2022, nos alegramos por tanto que den compromiso al acuerdo de investidura suscrito con el BNG en el que se comprometieron a iniciar la negociación de los presupuestos de cada ejercicio en el mes de septiembre del año anterior, porque a lo mejor se*

compromiso asinárono co BNG.

*olvidaron pero ese compromiso lo firmaron con el BNG.*

Somos conscientes da composición numérica desta corporación. Non temos problema en que negocien con outros grupos municipais, pero non nos gustaría pensar que vostedes se esquecen do que asinan e asumen compromisos que logo non teñan vontade de materializar, como xa fixeron ó prorrogar os orzamentos de 2020. E gustaríanos ademais que negociasen con transparencia e sen dobres xogos. Digo isto, dado que recorren tantos modificativos, porque non sería transparente negociar cos grupos uns orzamentos cunha orientación progresista, e despois con outros un modificativo deses mesmos orzamentos para que A Coruña pague polo que xa é de todos. Estoume referindo ós terreos do porto. Non sería transparente, sería tramposo.

*Somos conscientes de la composición numérica de esta corporación. No tenemos problema en que negocien con otros grupos municipales, pero no nos gustaría pensar que ustedes se olvidan de lo que firman y asumen compromisos que luego no tengan voluntad de materializar, como ya hicieron al prorrogar los presupuestos de 2020. Y nos gustaría además que negociaran con transparencia y sin dobles juegos. Digo esto, dado que recurren tantos modificativos, porque no sería transparente negociar con los grupos unos presupuestos con una orientación progresista, y después con otros un modificativo de esos mismos presupuestos para que A Coruña pague por lo que ya es de todos. Me estoy refiriendo a los terrenos del puerto. No sería transparente, sería tramposo.*

Ben, explicitaremos **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** o sentido de voto a respecto destes dous modificativos na segunda intervención.

*Bien, explicitaremos **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)** el sentido de voto respecto de estos dos modificativos en la segunda intervención.*

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas señor Jorquera.

*Muchas gracias señor Jorquera.*

Turno para a Marea Atlántica, señor Martínez.

*Turno para la Marea Atlántica, señor Martínez.*

**Señor Martínez Durán**

***Señor Martínez Durán***

Grazas señora alcaldesa.

*Gracias señora alcaldesa.*

Moi bo día a todos e a todas, membros da Corporación, profesionais dos medios de comunicación, traballadores e traballadoras municipais, veciños e veciñas que nos seguen a través do

*Muy buenos días a todos y a todas, miembros de la Corporación, profesionales de los medios de comunicación, trabajadores y trabajadoras municipales, vecinos y*

*streaming.*

Por ser esta ademais a primeira intervención do noso grupo no Pleno pois trasladar tamén o noso apoio e un saúdo aos colectivos que están hoxe, en moitos casos por enésima vez, na praza, o persoal da Policía Municipal, que leva pedindo algo de escoita por parte do Goberno dende o 19 de maio, afectados e afectadas de Elviña e traballadoras e traballadores de Nostián.

Eu non sei señora Rey se marchou vostede de vacacións, nin canto, nin cando, nin onde. Ese tribunal que fiscaliza as vacacións o preside dilixentemente a señora Gallego, supoño que logo nos ilustrará co seu informe. En realidade a nós danos igual. O que nos preocupa son outros síntomas de esgotamento do mandato. Facía agora referencia o voceiro do Bloque Nacionalista Galego ás consecuencias de renunciar unilateralmente a aprobar uns orzamentos para este ano. Non é o único problema, hai mais problemas, hai mais causas para este *impasse* no que se atopa o mandato, falta de iniciativa do Goberno y este Pleno lamentablemente volve a evidencialo como outras tantas veces, dous meses despois do último Pleno ordinario do mes de xullo.

Pasado o ecuador do mandato, cando quedan... en realidade, todos os que pasamos por un goberno sabemos que para os gobernos os mandatos acaban antes de que cheguen as eleccións, y todo o que temos hoxe mais alá das distincións na Policía Local, para debater e aprobar hoxe, son dous modificativos menores, imos a dicilo así, ou pouco transcendentes y que ademais levan pendentes dende o mes de xuño. Un recoñecemento extraxudicial de apenas 30.000 € que non imos

*vecinas que nos siguen a través la retransmisión en directo. Por ser esta además la primera intervención de nuestro grupo en el Pleno, pues trasladar también nuestro apoyo y un saludo a los colectivos que están hoy, en muchos casos por enésima vez, en la plaza, el personal de la Policía Municipal, que lleva pidiendo algo de escucha por parte del Gobierno desde el 19 de mayo, afectados y afectadas de Elviña y trabajadoras y trabajadores de Nostián.*

*Yo no sé señora Rey si se fue usted de vacaciones, ni cuánto, ni cuándo, ni dónde Ese tribunal que fiscaliza las vacaciones lo preside diligentemente la señora Gallego, supongo que luego nos ilustrará con su informe. En realidad a nosotros nos da igual. Lo que nos preocupa son otros síntomas de agotamiento del mandato. Hacía ahora referencia el portavoz del Bloque Nacionalista Galego a las consecuencias de renunciar unilateralmente a aprobar unos presupuestos para este año. No es el único problema, hay más problemas, hay más causas para este impasse en el que se encuentra el mandato, falta de iniciativa del Gobierno y este Pleno lamentablemente vuelve a evidenciarlo como otras tantas veces, dos meses después del último Pleno ordinario del mes de julio.*

*Pasado el ecuador del mandato, cuando quedan… en realidad. todos los que pasamos por un gobierno sabemos que para los gobiernos los mandatos acaban antes de que lleguen las elecciones y todo lo que tenemos hoy más allá de las distinciones en la Policía Local, para debatir y aprobar hoy, son dos modificativos menores, vamos a decirlo así, o poco trascendentes y que además llevan pendientes desde el mes de junio. Un reconocimiento extrajudicial de apenas 30.000 € que no vamos a*

obstaculizar y unha modificación orzamentaria de 660.000 € que estamos dispostos a apoiar si hai pola súa banda algo de, un xesto, algún sinal de que están dispostos a aceptar voluntariamente, non por sentencia xudicial, a colaboración da Marea Atlántica para levantar este mandato e levantar particularmente as políticas culturais.

*obstaculizar y una modificación presupuestaria de 660.000 € que estamos dispuestos a apoyar si hay por su parte algo de, un gesto, alguna señal de que están dispuestos a aceptar voluntariamente, no por sentencia judicial, la colaboración de la Marea Atlántica para levantar este mandato y levantar particularmente las políticas culturales.*

Porque é triste, pero mais de dous anos despois da investidura aínda nos facemos a mesma pregunta: cal é o proxecto cultural deste goberno? Que proxecto ten este goberno para a Cultura?. A caza do Xerión? Ese é o proxecto cultural deste Goberno ou iso é unha política ambiental? Porque non o temos claro.

*Porque es triste, pero más de dos años después de la investidura aún nos hacemos la misma pregunta: ¿cuál es el proyecto cultural de este gobierno? ¿Qué proyecto tiene este gobierno para la Cultura? ¿La caza de Gerión? ¿Ese es el proyecto cultural de este Gobierno o eso es una política ambiental? Porque no lo tenemos claro.*

É certo que algúns avances fomos dando nas medidas de rescate ao sector da cultura a través do PRESCO. Costou, costou moito, nós creo que fixemos un traballo leal, honesto, para mellorar as medidas especificamente dirixidas ó ámbito da cultura no PRESCO, pero iso non é suficiente. O funcionamento ordinario dun concello ou as medidas extraordinarias de rescate nunha coxuntura como a actual non colman o que debe ser unha política cultural dun concello como o da Coruña.

*Es cierto que algunos avances fuimos dando en las medidas de rescate al sector de la cultura a través del PRESCO. Costó, costó mucho, nosotros creo que hicimos un trabajo leal, honesto, para mejorar las medidas específicamente dirigidas al ámbito de la cultura en el PRESCO, pero eso no es suficiente. El funcionamiento ordinario de un ayuntamiento o las medidas extraordinarias de rescate en una coyuntura como la actual no colman lo que debe ser una política cultural de un ayuntamiento como el de A Coruña.*

Poderíamos falar de moitas contas pendentes no ámbito da cultura pero poño un par de exemplos: lembran cando aprobamos neste pleno a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego e da Marea Atlántica a creación dun consello municipal da cultura? En novembro de 2020, vai para un ano, prontiño será un ano. Xa non falo dos nosos acordos de investidura, nova biblioteca de Novo Mesoiro, as obras na Fundación Seoane, concurso público para dirixir a dirección no Noroeste... Pero é que hai meses que se aprobou neste pleno a iniciativa deste

*Podríamos hablar de muchas cuentas pendientes en el ámbito de la cultura pero pongo un par de ejemplos: ¿recuerdan cuando aprobamos en este pleno a iniciativa del Bloque Nacionalista Galego y de la Marea Atlántica la creación de un consejo municipal de la cultura? En noviembre de 2020, va para un año, pronto será un año. Ya no hablo de nuestros acuerdos de investidura, nueva biblioteca de Novo Mesoiro, las obras en la Fundación Seoane, concurso público para dirigir la dirección en el Noroeste... Pero es que hace meses que se aprobó en*

grupo de crear un programa de adquisición de obra para as festas locais, impulsar as residencias artísticas en sentido amplo para todas as linguaxes e disciplinas da cultura y nada sabemos, por non falar dos convenios, seguramente hoxe falaremos moito de diálogo, de escoita, de acordo, de negociación y tamén de convenios y de sentencias xudiciais **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** y de rectificación, pero é que os convenios, eses convenios que foron vetados ilegalmente, agora o podemos dicir, con respaldo xudicial neste pleno, aínda hoxe, a día 9 de setembro, non están aprobados.

Remato esta primeira intervención, reitero que o Grupo Municipal da Marea Atlántica está disposto a apoiar este modificativo, pero rectifiquen, acepten realmente a man tendida da Marea Atlántica e poñámonos a traballar para adoptar este mandato que xa leva consumido a metade da súa vida útil e unha política cultural merecente de tal nome.

Moitas grazas.

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Martínez.

Turno para o Partido Popular, señora Gallego.

***Señora Gallego Neira***

Señor Rodríguez, efectivamente hai un policía local que tamén acudiu en defensa da muller que afogaba no Parrote que xa foi felicitado persoalmente, pero que por mor da súa condición de policía pois de momento, cumprindo o seu labor, non ten motivo para este recoñecemento, aunque xa foi felicitado. Infórmolle de que a mesa técnica non estaba convocada, a mesa técnica informouse por parte da Concellería de Seguridade Cidadá que se convocaría unha mesa técnica a primeiros de setembre, convocaríase, non que se celebraría a xuntanza. Ou sexa, está a cousa pendente e por suposto continuaremos co diálogo dentro das nosas competencias.

*Señor Rodríguez, efectivamente hay un policía local que también acudió en defensa de la mujer que se ahogaba en el Parrote que ya fue felicitado personalmente, pero que a causa de su condición de policía pues de momento, cumpliendo su labor, no tiene motivo para este reconocimiento, aunque ya fue felicitado. Le informo de que la mesa técnica no estaba convocada, la mesa técnica se informó por parte de la Concejalía de Seguridad Ciudadana que se convocaría una mesa técnica a primeros de septiembre, se convocaría, no que se celebraría la reunión. O sea, está la cosa pendiente y por supuesto continuaremos con el diálogo dentro de nuestras competencias.*

E por suposto hai unha cousa que si quero plantexar claramente, non? Este pleno ten moitos ocos para meter mocións interesantísimas de estudo de moitísimos análises económicos, salariais, reivindicativos, sindicais, financeiros, de seguridade, pero instrumentar á Policía precisamente no punto do seu propio recoñecemento non me parece tampouco o máis apropiado. No podía deixar de dicilo, así que nada máis e moitas grazas.

*Y por supuesto hay una cosa que sí quiero plantear claramente, ¿no? Este pleno tiene muchos huecos para meter mociones interesantísimas de estudio de muchísimos análisis económicos, salariales, reivindicativos, sindicales, financieros, de seguridad, pero instrumentar a la Policía precisamente en el punto de su propio reconocimiento no me parece tampoco lo más apropiado. No podía dejar de decirlo, así que nada más y muchas gracias.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Borrego.

Procedemos á votación.

***Presidencia***

*Muchas gracias, señor Borrego.*

*Procedemos a la votación.*

**Votación do asunto número catro**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación do asunto número catro referenciado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos)

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos)

Vota a favor o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (5 votos)

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos)

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto)

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto)

***Votación del asunto número cuatro***

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación del asunto número cuatro referenciado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos)*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos)*

*Vota a favor el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (5 votos)*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos)*

*Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto)*

*Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto)*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas.

Queda aprobado por unanimidade da Corporación. Parabéns a todos os recoñecidos neste expediente de Distincións Policiais á Traxectoria Profesional Exemplar.

**Acordo**

A Comisión de Distincións en reunión de 5 de maio de 2021, unha vez analizadas as propostas de mandos e policías, acordou propoñer ao Director de Seguridade Cidadá, para que neste ano 2021 con ocasión da celebración da Festividade da Policía Local da Coruña ou dos actos do 175º Aniversario da Policía Local de A Coruña, salvo que por razóns imprevisibles da pandemia do Coronavirus SARS-CoV-2, teña que pospoñerse ata unha data axeitada, eleve ao Pleno Municipal a concesión da MEDALLA Ó MÉRITO POLICIAL con distintivo azul aos funcionarios da policía local da Coruña que se relacionan:

1. Inspector D. Juan Puente Rapela.
2. Oficial D. Julio Barreiro López.
3. Policía D. José Manuel Loureiro Ventureira.
4. Policía D. Manuel Fernando Cernadas Vázquez.
5. Policía D. José Luis Pardo Fariñas.

Por todo iso, segundo establece o artigo 12 do Regulamento de Honras e Distincións do Corpo da Policía Local do Concello da Coruña, propoño ao Alcalde/Corporación Municipal que someta a aprobación do Pleno Municipal, o citado acordo da Comisión de Distincións e na súa virtude, en consonancia co artigo 3. 4 do Regulamento a todas as persoas distinguidas impóñaselles a medalla e outórgueselles o diploma acreditativo correspondente a tal distinción, e en

*Muchas gracias.*

*Queda aprobado por unanimidad de la Corporación. Felicitaciones a todos los reconocidos en este expediente de Distinciones Policiales a la Trayectoria Profesional Ejemplar.*

***Acuerdo***

*La Comisión de Distinciones en reunión de 5 de mayo de 2021, una vez analizadas las propuestas de mandos y policías, acordó proponer al Director de Seguridad Ciudadana, para que en este año 2021 con ocasión de la celebración de la Festividad de la Policía Local de A Coruña o de los actos del 175º Aniversario de la Policía Local de A Coruña, salvo que por razones imprevisibles de la pandemia del Coronavirus SARS- CoV-2, tenga que posponerse hasta una fecha idónea, eleve al Pleno Municipal la concesión de la MEDALLA Al MÉRITO POLICIAL con distintivo azul a los funcionarios de la policía local de A Coruña que se relacionan:*

1. *Inspector D. Juan Puente Rapela.*
2. *Oficial D. Julio Barreiro López.*
3. *Policía D. José Manuel Loureiro Ventureira.*
4. *Policía D. Manuel Fernando Cernadas Vázquez.*
5. *Policía D. José Luis Pardo Fariñas.*

*Por todo ello, según establece el artículo 12 del Reglamento de Honores y Distinciones del Cuerpo de la Policía Local del Ayuntamiento de A Coruña, propongo al Alcalde/Corporación Municipal que someta la aprobación del Pleno Municipal, el citado acuerdo de la Comisión de Distinciones y en su virtud, en consonancia con el artículo 3. 4 del Reglamento a todas las personas distinguidas se les imponga la medalla y se les otorgue el diploma acreditativo correspondiente a tal distinción, y en*

aplicación do artigo 10. 2 do mesmo, tal distinción figure no seu expediente persoal e, se é o caso, e de acordo co previsto na normativa legal respecto diso, poida ser valorado para a carreira profesional como mérito nos procedementos de acceso, promoción interna, mobilidade e restantes sistemas de provisión de postos de traballo e postos de destino ou servizo.

Por outra banda, de acordo co establecido nos artigos 2, 3, 7 e 15 do REGULAMENTO DE HONRAS E DISTINCIÓNS DO CORPO DÁ POLICIA LOCAL DO CONCELLO DÁ CORUÑA, á proposta do Xefe do Corpo e aprobación do Director de Seguridade Cidadá, prémiase e distínguese publicamente a persoas alleas ao Corpo dá Policía Local dá Coruña, todas elas persoas funcionarias de recoñecido prestixio vinculadas a seguridade pública, servizos de emerxencia ou concello da Coruña e pertencentes ás diferentes administracións, que destacan pola súa actividade profesional de dignificación, colaboración e apoio a función da Policía Local, e concretamente pola súa conduta a favor dá Policía Local dá Coruña de xeito sostido ao longo do tempo, facilitando a labor da policía local e propiciando resultados policiais satisfactorios en beneficio dos intereses xerais e da seguridade cidadá, polo que proponse felicitar e distinguir ás seguintes persoas:

1. D. SANTIAGO VILLANUEVA ALVAREZ, Director Xeral de Emerxencias e Interior e da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) da Xunta de Galicia.

2. D. JAVIER JAMBRINA RODRIGUEZ, Coronel, Xefe da 611

*aplicación del artículo 10. 2 del mismo, tal distinción figure en su expediente personal y, si es el caso, y de acuerdo con el previsto en la normativa legal al respecto, pueda ser valorado para la carrera profesional como mérito en los procedimientos de acceso, promoción interna, movilidad y restantes sistemas de provisión de puestos de trabajo y puestos de destino o servicio.*

*Por otra parte, de acuerdo con el establecido en los artículos 2, 3, 7 y 15 del REGLAMENTO DE HONORES Y DISTINCIONES DEL CUERPO DE A POLICIA LOCAL DEL AYUNTAMIENTO DE A CORUÑA, a la propuesta del Jefe del Cuerpo y aprobación del Director de Seguridad Ciudadana, se premia y se distingue públicamente a personas ajenas al Cuerpo da Policía Local da Coruña, todas ellas personas funcionarias de reconocido prestigio vinculadas a seguridad pública, servicios de emergencia o ayuntamiento de A Coruña y pertenecientes a las diferentes administraciones, que destacan por su actividad profesional de dignificación, colaboración y apoyo a la función de la Policía Local, y concretamente por su conducta a favor de la Policía Local de A Coruña de manera sostenida a lo largo del tiempo, facilitando la labor de la policía local y propiciando resultados policiales satisfactorios en beneficio de los intereses generales y de la seguridad ciudadana, por lo que se propone felicitar y distinguir a las siguientes personas:*

*1. D. SANTIAGO VILLANUEVA ALVAREZ, Director General de Emergencias e Interior y de la Academia Gallega de Seguridad Pública (AGASP) de la Xunta de Galicia.*

*2. D. JAVIER JAMBRINA RODRIGUEZ, Coronel, Jefe de la 611*

Comandancia da Garda Civil de A Coruña.

3. D. RAIMUNDO FRANCISCO FERNANDEZ LEGASPI, Inspector-Xefe, Xefe de Sección da Brigada Provincial de Seguridade Cidadá de A Coruña.

4. D. FELIX DIAZ RODRIGUEZ, Suboficial do Servicio de Extinción de Incendios e Salvamento (SEIS) do Concello da Coruña.

5. D. JOSE MANUEL CALVIÑO GONZALEZ, Oficial de Protección Civil do Concello da Coruña.

6. D. JOSÉ ENRIQUE ALCAZAR SANCHEZ-VIZCAINO, DNI: 32809813-Z, funcionario do Concello da Coruña por acto excepcional realizado fora de servicio.

**Presidencia**

Pasamos xa á Parte non resolutiva do Pleno, control e seguemento da xestión. Señor Secretario.

**II. PARTE NON RESOLUTIVA. CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN:**

**1º. Ter coñecemento das resolucións por delegación da Xunta de Goberno Local e decretos da Alcaldía**

**134. Ter coñecemento:**

-Das resolucións da Xunta de Goberno Local, desde a número quince mil setenta e un (15.071), do cinco de xullo de 2021, á número dezanove mil quiñentos quince (19.515), do tres de setembro de 2021.

-E dos decretos da Alcaldía, desde o

*Comandancia de la Guardia Civil de A Coruña.*

*3. D. RAIMUNDO FRANCISCO FERNANDEZ LEGASPI, Inspector-Jefe, Jefe de Sección de la Brigada Provincial de Seguridad Ciudadana de A Coruña.*

*4. D. FELIX DIAZ RODRIGUEZ, Suboficial del Servicio de Extinción de Incendios y Salvamento (SEIS) del Ayuntamiento de A Coruña.*

*5. D. JOSE MANUEL CALVIÑO GONZALEZ, Oficial de Protección Civil del Ayuntamiento de A Coruña.*

*6. D. JOSÉ ENRIQUE ALCAZAR SANCHEZ- VIZCAINO, DNI: 32809813-Z, funcionario del Ayuntamiento de A Coruña por acto excepcional realizado fuera de servicio.*

***Presidencia***

*Pasamos ya a la Parte no resolutiva del Pleno, control y seguimiento de la gestión. Señor Secretario.*

***II. PARTE NO RESOLUTIVA. CONTROL Y SEGUIMIENTO DE La GESTIÓN:***

***1º. Tomar conocimiento de las resoluciones por delegación de la Junta de Gobierno Local y decretos de la Alcaldía***

***134. Tomar conocimiento:***

*-De las resoluciones de la Junta de Gobierno Local, desde la número quince mil setenta y uno (15.071), de cinco de julio de 2021, a la número diecinueve mil quinientos quince (19.515), de tres de septiembre de 2021.*

*-Y de los decretos de la Alcaldía, desde el*

número cinco mil seis (5.006) do dous de xullo de 2021, ao número seis mil catrocentos sesenta e un (6.461), do tres de setembro de 2021.

En cumprimento do previsto no artigo 124-4-h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a dación de conta para a toma de coñecemento da antedita inclúe os decretos ditados pola Alcaldía relacionados coa crise provocada pola COVID-19.

**Señor Secretario**

A continuación mocións, rogos e preguntas.

**Ás once horas e vinte e seis minutos saen do salón de sesións as señoras García Gómez e Martínez Lema, e o señor Martínez Durán.**

**2º. Mocións**

**MOCIÓNS PRESENTADAS POLA CONCELLEIRA NON ADSCRITA DONA ISABEL FARALDO CALVO**

**Primeira. Moción para declarar A Coruña cidade de acollida para persoas refuxiadas afgás.**

**Presidencia**

Ben, pasamos xa ao debate das mocións.

O primeiro turno é o da concelleira non adscrita... gracias, gracias... dona Isabel Faraldo Calvo, coa primeira das súas mocións: moción para declarar A Coruña cidade de acollida para persoas refuxiadas afgás.

Non constan emendas a esta moción.

*número cinco mil seis (5.006) de dos de julio de 2021, al número seis mil cuatrocientos sesenta y uno (6.461), de tres de septiembre de 2021.*

*En cumplimiento de lo previsto en el artículo 124-4- h) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, la dación de cuenta para la toma de conocimiento de la antedicha incluye los decretos dictados por la Alcaldía relacionados con la crisis provocada por la COVID-19.*

***Señor Secretario***

*A continuación mociones, ruegos y preguntas.*

***A las once horas y veintiséis minutos salen Salón de Sesiones las señoras García Gómez y Martínez Lema, y el señor Martínez Durán.***

***2º. Mociones***

***MOCIONES PRESENTADAS POR LA CONCEJALA NO ADSCRITA DOÑA ISABEL FARALDO CALVO***

***Primera. Moción para declarar A Coruña ciudad de acogida para personas afganas.***

***Presidencia***

*Bien, pasamos ya al debate de las mociones.*

*El primer turno es el de la concejala no adscrita... gracias, gracias... doña Isabel Faraldo Calvo, con la primera de sus mociones: moción para declarar A Coruña ciudad de acogida para personas refugiadas afganas.*

*No constan enmiendas a esta moción.*

Ten a palabra a señora Faraldo.

**Señora Faraldo Calvo**

Grazas, señora alcaldesa.

Presentamos hoxe unha moción desas que nunca desexaríamos ter que presentar, porque nos lembran que o mundo segue sendo intransitable para a gran cantidade de seres humanos que, como describía Galeano, son tratados como os *ninguéns*, que custan menos que a bala que os mata.

**Ás once horas e vinte e sete minutos sae do Salón de Sesións o señor García Fernández.**

A situación actual en Afganistán é un reflexo do fracaso das políticas da OTAN na zona durante moitos anos. O abandono de Estados Unidos e de unha Europa continuísta e sen criterio propio, deixan ó pobo afgán á mercé dos talibán.

Necesitamos unha política migratoria eficaz que vaia á raíz dos conflitos e ás causas que obrigan ás persoas a migrar e que eviten os desastres humanitarios, tanto nos países de orixe como nos de tránsito e de chegada.

Toca recordar neste punto que a avogacía española xa expresou en sesión plenaria a súa preocupación polos feitos acaecidos e pediu un esforzo na acollida de persoas refuxiadas afgás. Non podemos desligarnos da nosa responsabilidade na situación que atravesa o pobo afgán e as persoas que se están vendo forzadas a migrar. Necesitamos apoiar medidas urxentes para a súa protección e asilo. Trátase de defender a vida das persoas que piden asilo e que escapan dunha morte segura.

*Tiene la palabra la señora Faraldo.*

***Señora Faraldo Calvo***

*Gracias, señora alcaldesa.*

*Presentamos hoy una moción de esas que nunca desearíamos tener que presentar, porque nos recuerdan que el mundo sigue siendo intransitable para la gran cantidad de seres humanos que, como describía Galeano, son tratados como los nadies, que cuestan menos que la bala que los mata.*

***A las once horas y veintisiete minutos sale del Salón de Sesiones el señor García Fernández.***

*La situación actual en Afganistán es un reflejo del fracaso de las políticas de la OTAN en la zona durante muchos años. El abandono de Estados Unidos y de una Europa continuista y sin criterio propio, dejan al pueblo afgano a la merced de los talibanes.*

*Necesitamos una política migratoria eficaz que vaya a la raíz de los conflictos y a las causas que obligan a las personas a migrar y que eviten los desastres humanitarios, tanto en los países de origen como en los de tránsito y de llegada.*

*Toca recordar en este punto que la abogacía española ya expresó en sesión plenaria su preocupación por los hechos acaecidos y pidió un esfuerzo en la acogida de personas refugiadas afganas. No podemos desligarnos de nuestra responsabilidad en la situación que atraviesa el pueblo afgano y las personas que se están viendo forzadas a migrar. Necesitamos apoyar medidas urgentes para su protección y asilo. Se trata de defender la vida de las personas que piden asilo y que escapan de una muerte segura.*

**Ás once horas e vinte e oito minutos sae do Salón de Sesións o señor Lage Tuñas.**

Dicía Gioconda Belli que a solidariedade é a tenrura dos pobos. Confío en que lonxe dos cuñadismos facilones del lévaos para a túa casa, primeiro os de aquí —como se as emerxencias se medisen en quilómetros e non en nivel de risco—, fronte a eses cuñadismos, espero que hoxe aquí fagamos un acto de tenrura e votemos a favor duns acordos que non procuran outra cousa que aportar o noso grao de area, o de esta cidade *cara* ese camiño que sinalaba en recentes declaracións a vicepresidenta Iolanda Díaz que é a utopía do século XXI: o camiño da paz.

***A las once horas y veintiocho minutos sale del Salón de Sesiones el señor Lage Tuñas.***

*Decía Gioconda Belli que la solidaridad es la ternura de los pueblos. Confío en que lejos de los cuñadismos facilones de el llévalos para tu casa, primero los de aquí — como si las emergencias se midieran en kilómetros y no en nivel de riesgo—, frente a esos cuñadismos, espero que hoy aquí hagamos un acto de ternura y votemos a favor de unos acuerdos que no buscan otra cosa que aportar nuestro grano de arena, el de esta ciudad hacia ese camino que señalaba en recientes declaraciones la vicepresidenta Yolanda Díaz que es la utopía del siglo XXI: el camino de la paz.*

**Ás once horas e vinte e oito minutos sae do Salón de Sesións a señora Sobral Cabanas.**

E os acordos que pretendemos son: que o Concello se dirixa á Xunta de Galicia e lle solicite o total compromiso e disposición co Estado á hora de acoller persoas refuxiadas afgás; que o Concello se dirixa á Xunta de Galicia para que dende o Goberno autonómico se lle solicite á SAREB a cesión de vivendas para poder dar acollida a estas persoas refuxiadas; e que o Concello se sume a esta iniciativa e se declare cidade de acollida para as refuxiadas afgás, poñendo e ofrecendo os recursos propios dos que dispoña a disposición do Estado. Todas estas se engloban no cuarto punto: ofrecernos ao Estado como cidade refuxio para todas aquelas persoas ás que se vulneren calquera dos seus dereitos humanos. E, neste momento, a urxencia pasa por declararnos cidade de acollida para as persoas refuxiadas afgás.

***A las once horas y veintiocho minutos sale del Salón de Sesiones la señora Sobral Cabanas.***

*Y los acuerdos que pretendemos son: que el Ayuntamiento se dirija a la Xunta de Galicia y le solicite el total compromiso y disposición con el Estado a la hora de acoger personas refugiadas afganas; que el Ayuntamiento se dirija a la Xunta de Galicia para que desde el Gobierno autonómico se le solicite a la SAREB la cesión de viviendas para poder dar acogida a estas personas refugiadas; y que el Ayuntamiento se sume a esta iniciativa y se declare ciudad de acogida para las refugiadas afganas, poniendo y ofreciendo los recursos propios de los que disponga a disposición del Estado. Todas estas se engloban en el cuarto punto: ofrecernos al Estado como ciudad refugio para todas aquellas personas a las que se vulneren cualquiera de sus derechos humanos. Y, en este momento, la urgencia pasa por declararnos ciudad de acogida para las personas refugiadas afganas.*

**Ás once horas e vinte e nove minutos**

***A las once horas y veintinueve minutos***

**entra no Salón de Sesións a señora García Gómez e sae a señora Martínez Lema.**

Grazas.

**Presidencia**

Moitas grazas, señora Faraldo.

Turno para o Bloque Nacionalista Galego, señor Veira.

**Señora Veira González**

Si, pois en primeiro lugar sinalar que desde o BNG estamos profundamente preocupadas pola situación en Afganistán, sobre todo pola situación humanitaria na que se atopan milleiros de persoas no país a consecuencia da guerra. A metade das persoas afgás vive na pobreza, ten unha das taxas de vida máis baixas do mundo e unha mortalidade infantil altísima.

**Ás once horas e trinta minutos entra no Salón de Sesións a señora Martínez Lema.**

O intervencionismo militar dos Estados Unidos e dos seus aliados —incluído o Estado español— deixan milleiros de persoas falecidas, civís e militares, unha enorme devastación, a ausencia de infraestruturas no país, corrupción, beneficios para a industria armamentística e apoio a determinadas elites, aumento do narcotráfico co cultivo do opio e das mafias da heroína e a pobreza xeneralizada en que vive a maioría da poboación afgá.

**Ás once horas e trinta e un minutos entra no Salón de Sesións o señor Martínez Durán.**

Os mesmos Estados Unidos que no seu día ocuparon Afganistán, hoxe

***entra en el Salón de Sesiones la señora García Gómez y sale la señora Martínez Lema.***

*Gracias.*

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora Faraldo.*

*Turno para el Bloque Nacionalista Galego, señor Veira.*

***Señora Veira González***

*Sí, pues en primer lugar señalar que desde el BNG estamos profundamente preocupadas por la situación en Afganistán, sobre todo por la situación humanitaria en la que se encuentran miles de personas en el país por consecuencia de la guerra. La mitad de las personas afganas vive en la pobreza, tiene una de las tasas de vida más bajas del mundo y una mortalidad infantil altísima.*

***A las once horas y treinta minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Martínez Lema.***

*El intervencionismo militar de los Estados Unidos y de sus aliados —incluido el Estado español— dejan miles de personas fallecidas, civiles y militares, una enorme devastación, la ausencia de infraestructuras en el país, corrupción, beneficios para la industria armamentística y apoyo a determinadas élites, aumento del narcotráfico con el cultivo del opio y de las mafias de la heroína y la pobreza generalizada en que vive la mayoría de la población afgana.*

***A las once horas y treinta y un minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Martínez Durán.***

*Los mismos Estados Unidos que en su día ocuparon Afganistán, hoy abandonan el*

abandonan o país logo dun acordo cos talibáns. Os mesmos Estados Unidos que hoxe nos confesan que realmente non foran a Afganistán a crear unha democracia. Nunca lle interesou nin a Estados Unidos, nin á OTAN, nin ós seus aliados que no Afganistán houbese unha democracia nin a mellora das condicións de vida das mulleres, dos colectivos LGTBQI ou as maiorías sociais do país.

*país después de un acuerdo con los talibanes. Los mismos Estados Unidos que hoy nos confiesan que realmente no habían ido a Afganistán a crear una democracia. Nunca le interesó ni a Estados Unidos, ni a la OTAN, ni a sus aliados que en Afganistán hubiera una democracia ni la mejora de las condiciones de vida de las mujeres, de los colectivos LGTBQI o las mayorías sociales del país.*

Desde o BNG estamos fondamente preocupadas pola implantación dun réxime político baseado na sharía, máis o certo é que tamén cómpre denunciar que nestes últimos 20 anos de ocupación estadounidense non houbo demasiados avances significativos nos dereitos humanos. Estamos moi preocupadas, como dicía, pola situación das mulleres afgás, das minorías LGTBI, da infancia, das clases populares, que son as que máis poden sufrir a regresión e esixen o respecto e a solidariedade internacional.

*Desde el BNG estamos hondamente preocupadas por la implantación de un régimen político basado en la sharía, más lo cierto es que también hace falta denunciar que en estos últimos 20 años de ocupación estadounidense no hubo demasiados avances significativos en los derechos humanos. Estamos muy preocupadas, como decía, por la situación de las mujeres afganas, de las minorías LGTBI, de la infancia, de las clases populares, que son las que más pueden sufrir la regresión y exigen el respeto y la solidaridad internacional.*

É urxente pois a tramitación dos visados humanitarios e da creación de corredores humanitarios para a situación das persoas que soliciten asilo e refuxio. E neste contexto tamén, de novo, cómpre denunciar, como noutros casos, a actitude da Unión Europea, nomeadamente dalgúns estados que non queren admitir afgáns e afgás como refuxiados alegando que non veñen dunha situación de guerra.

*Es urgente pues la tramitación de los visados humanitarios y de la creación de corredores humanitarios para la situación de las personas que soliciten asilo y refugio. Y en este contexto también, de nuevo, hace falta denunciar, como en otros casos, la actitud de la Unión Europea, especialmente de algunos estados que no quieren admitir afganos y afganas como refugiados alegando que no vienen de una situación de guerra.*

Nese sentido apoiamos o espírito da moción e non tanto da súa redacción. Apoiamos que a Coruña sexa declarada como cidade acolledora de persoas afgás, mais para iso, o Goberno do Estado e a comunidade internacional son os que teñen que facilitar a saída das persoas afgás que precisan refuxio. E é fundamental que se creen eses

*En ese sentido apoyamos el espíritu de la moción y no tanto de su redacción. Apoyamos que A Coruña sea declarada como ciudad acogedora de personas afganas, mas para eso, el Gobierno del Estado y la comunidad internacional son los que tienen que facilitar la salida de las personas afganas que precisan refugio. Y es fundamental que se creen esos*

corredores humanitarios, que se dean eses visados, pero é fundamental, sobre todo, que aos concellos, se queremos ser cidade refuxio, se nos faciliten recursos para o acollemento e a integración destas persoas. Non abondan só as palabras nin as declaracións, precísanse feitos e recursos reais.

**Presidencia**

Moitas grazas, señora Veira.

Pola Marea Atlántica, señora Cameán.

**Señora Cameán Calvete**

Si, moitísimas grazas, alcaldesa.

Moi bo día a todas e a todos.

Ben, a situación en Afganistán creo que a ninguén se lle escapa que é preocupante, é preocupante. Pero máis se cabe, efectivamente, para as mulleres e para as nenas afgás, que están a ver vulnerados sistematicamente os seus dereitos humanos pola lei islámica. Imos ver algunhas desas consecuencias que está tendo para estas mulleres e para as nenas algunhas das prohibicións que se lle están a impor actualmente, son: prohibido calquera actividade fóra da casa, prohibido saír á rúa e, se o fan, deben facelo sempre acompañadas dun familiar home, prohibido traballar, prohibido facer uso de cosméticos, prohibido falar ou estreitar tamén as mans a varóns, prohibido rir en voz alta, prohibido levar zapatos con tacóns, prohibido pechar tratos con comerciantes masculinos, prohibido ser tratadas por doutores masculinos, prohibido estudar en calquera institución educativa, prohibido practicar deportes, prohibido levar indumentarias de cores vistosos, prohibido montar en bicicleta, prohibido entrar a un baño público se non é con burka.

*corredores humanitarios, que se den esos visados, pero es fundamental, sobre todo, que a los ayuntamientos, se queremos ser ciudad refugio, se nos faciliten recursos para el acogimiento y la integración de estas personas. No son suficiente solo las palabras ni las declaraciones, se necesitan hechos y recursos reales.*

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora Veira.*

*Por la Marea Atlántica, señora Cameán.*

***Señora Cameán Calvete***

*Sí, muchísimas gracias, alcaldesa.*

*Muy buen día a todas y a todos.*

*Bien, la situación en Afganistán creo que a nadie se le escapa que es preocupante, es preocupante. Pero más si cabe, efectivamente, para las mujeres y para las niñas afganas, que están viendo vulnerados sistemáticamente sus derechos humanos por la ley islámica. Vamos a ver algunas de esas consecuencias que está teniendo para estas mujeres y para las niñas algunas de las prohibiciones que se le están imponiendo actualmente, son: prohibido cualquier actividad fuera de la casa, prohibido salir a la calle y, si lo hacen, deben hacerlo siempre acompañadas de un familiar hombre, prohibido trabajar, prohibido hacer uso de cosméticos, prohibido hablar o estrechar también las manos a varones, prohibido reír en voz alta, prohibido llevar zapatos con tacones, prohibido cerrar tratos con comerciantes masculinos, prohibido ser tratadas por doctores masculinos, prohibido estudiar en cualquier institución educativa, prohibido practicar deportes, prohibido llevar indumentarias de colores vistosos, prohibido montar en bicicleta, prohibido entrar a un baño público si no es con*

**Ás once horas e trinta e catro minutos entra no Salón de Sesións a señora Sobral Cabanas.**

E ben, despois de todas estas prohibicións, os castigos da lei islámica xa sabemos cales son: azotes, *malleiras*, abusos verbais contra aquelas mulleres que non usen o burka, azotes en público tamén contra aquelas mulleres que non ocultan a súa pel ou os seus nocellos, lapidación pública contra aquelas mulleres que son acusadas de manter relacións sexuais fóra do matrimonio. E ante todo isto non podemos mirar cara outro lado, non podemos, como comunidade internacional, non facer nada, e máis se cabe cando temos responsabilidades xurídicas por asinar convenios internacionais na defensa de dereitos humanos que nos obrigan a tomar parte. Neste sentido imos a votar a favor desta moción, porque compartimos que, efectivamente, dende distintos ámbitos tamén e dende o local deben darse pasos. Xa no mandato anterior, no mandato de Xulio Ferreiro, esta cidade, A Coruña, foi declarada cidade refuxio, con outros 17 municipios de todo o Estado español, e cremos que este momento, é un momento tamén idóneo para, efectivamente, amosar esa solidariedade e para tomar partido. Pasar da retórica aos feitos,

A min gustaríame, xa para rematar, lembrar un acto institucional que tivo lugar aquí no 2017, neste Salón de Plenos no que estamos todas e todos hoxe aquí en María Pita, no que participou precisamente unha persoa refuxiada de Afganistán. O seu nome é Omid Aman. Omid Aman leunos aquí unhas verbas preciosas dunha poeta somalí que se chama Warsan Shire, que hoxe quero recordar convosco, e que di

*burka.*

***A las once horas y treinta y cuatro minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Sobral Cabanas.***

*Y bien, después de todas estas prohibiciones, los castigos de la ley islámica ya sabemos cuáles son: azotes, palizas, abusos verbales contra aquellas mujeres que no usen el burka, azotes en público también contra aquellas mujeres que no ocultan su piel o sus tobillos, lapidación pública contra aquellas mujeres que son acusadas de mantener relaciones sexuales fuera del matrimonio. Y ante todo esto no podemos mirar hacia otro lado, no podemos, como comunidad internacional, no hacer nada, y más si cabe cuando tenemos responsabilidades jurídicas por firmar convenios internacionales en la defensa de derechos humanos que nos obligan a tomar parte. En este sentido vamos a votar a favor de esta moción, porque compartimos que, efectivamente, desde distintos ámbitos también y desde el local deben darse pasos. Ya en el mandato anterior, en el mandato de Xulio Ferreiro, esta ciudad, A Coruña, fue declarada ciudad refugio, con otros 17 municipios de todo el Estado español, y creemos que este momento, es un momento también idóneo para, efectivamente, mostrar esa solidaridad y para tomar partido. Pasar de la retórica a los hechos,*

*A mí me gustaría, ya para finalizar, recordar un acto institucional que tuvo lugar aquí en el 2017, en este Salón de Plenos en el que estamos todas y todos hoy aquí en María Pita, en el que participó precisamente una persona refugiada de Afganistán. Su nombre es Omid Aman. Omid Aman nos leyó aquí unas palabras preciosas de una poeta somalí que se llama Warsan Shire, que hoy quiero recordar con vosotros, y que dice así:*

así: tes que entender que ninguén pon ó seus fillos nun bote a menos que a auga sexa máis segura que a terra.

Pois ben, como xa dixen anteriormente, imos apoiar esta moción precisamente porque cremos que hai que tomar medidas, hai que ser parte das solucións e cremos que este é un problema moi severo.

Moitas grazas.

**Presidencia**

Moitas grazas, señora Cameán.

Polo Grupo Popular, señora Gutiérrez.

**Señora Gutiérrez Roselló**

*Bos días e un saúdo a todos os que dunha forma ou outra están a seguir este Pleno.*

*Bo, témome que na miña intervención non vou achegar nada novo porque, como ser humano sensible ao que está a ocorrer, non podo máis nada que recoñecer o que están a dicir os meus compañeiros.*

*Desgraciadamente, nada parece poder poñer freo ao rodete talibán. Miles de persoas tratan de saír do país por todos os medios e dese inferno que o totalitarismo e o fanatismo converteu. A día de hoxe a fuxida deixou de ser unha solución porque xa está en mans dos líderes talibán decidir quen entra e quen sae, transformando o país nunha rateira onde a xente enfróntase sen escudo á morte con tal de poder escapar. A alta comisionada para os Dereitos Humanos de Nacións Unidas e os medios de comunicación abríronnos os ollos ao que supón as severas restricións aos dereitos humanos na zona talibán, especial e cruelmente cernadas no caso*

*tienes que entender que nadie pone a sus hijos en un bote a menos que el agua sea más segura que la tierra.*

*Pues bien, como ya dije anteriormente, vamos a apoyar esta moción precisamente porque creemos que hay que tomar medidas, hay que ser parte de las soluciones y creemos que este es un problema muy severo.*

*Muchas gracias.*

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora Cameán.*

*Por el Grupo Popular, señora Gutiérrez.*

***Señora Gutiérrez Roselló***

*Buenos días y un saludo a todos los que de una forma u otra están siguiendo este Pleno.*

*Bueno, me temo que en mi intervención no voy a aportar nada nuevo porque, como ser humano sensible a lo que está ocurriendo, no puedo nada más que reconocer lo que están diciendo mis compañeros.*

*Desgraciadamente, nada parece poder poner freno al rodillo talibán. Miles de personas tratan de salir del país por todos los medios y de ese infierno que el totalitarismo y el fanatismo ha convertido. A día de hoy la huida ha dejado de ser una solución porque ya está en manos de los líderes talibanes decidir quién entra y quién sale, transformando el país en una ratonera donde la gente se enfrenta sin escudo a la muerte con tal de poder escapar. La alta comisionada para los Derechos Humanos de Naciones Unidas y los medios de comunicación nos han abierto los ojos a lo que supone las severas restricciones a los derechos humanos en la zona talibán, especial y*

*das mulleres. Se ninguén o remedia, as mulleres volverán ter prohibido acudir á escola, veranse abocadas a cubrir o seu corpo integramente co burka, non poderán saír á rúa se non é acompañada dun home da súa familia. A sharía implica un drástico retroceso nos dereitos das mulleres e a comunidade LGTBI. Eses dereitos que conseguiron con impensables sacrificios en Afganistán ao longo dos últimos 20 anos.*

*A axuda da comunidade internacional é e será inescusable para plantarlle cara a esta barbarie. É case lamentable ter que admitir que ese berro á solidariedade polo momento non calou en todos os países europeos como era de esperar.*

***Ás once horas e trinta e oito minutos entra no Salón de Sesións o señor Lage Tuñas.***

*Galicia sempre estivo dispoñible, prestou a súa colaboración ante calquera circunstancia adversa para os máis vulnerables. Non pode ser, e de feito non o é, allea a esta crúa realidade. Pero Afganistán require dunha acción coordinada desde o Goberno central, que é quen ten a capacidade, os medios e a marxe de manobra para asumir as súas responsabilidades en materia de política exterior e control de fronteiras. A Xunta de Galicia recibiu comunicación da Delegación do Goberno sobre as 36 persoas que foron derivadas á nosa comunidade a través do Programa Acollida Internacional que xestiona o Goberno do Estado en coordinación con destacadas organizacións da sociedade civil. Desde Galicia séguese con atención a evolución e desde a Xunta tomaranse as medidas necesarias para acoller, no seu*

*cruelmente cercenadas en el caso de las mujeres. Si nadie lo remedia, las mujeres volverán a tener prohibido acudir a la escuela, se verán abocadas a cubrir su cuerpo íntegramente con el burka, no podrán salir a la calle si no es acompañada de un varón de su familia. La sharía implica un drástico retroceso en los derechos de las mujeres y la comunidad LGTBI. Esos derechos que han conseguido con impensables sacrificios en Afganistán a lo largo de los últimos 20 años.*

*La ayuda de la comunidad internacional es y será inexcusable para plantarle cara a esta barbarie. Es casi lamentable tener que admitir que ese grito a la solidaridad por el momento no ha calado en todos los países europeos como era de esperar.*

***A las once horas y treinta y ocho minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Lage Tuñas.***

*Galicia siempre ha estado disponible, ha prestado su colaboración ante cualquier circunstancia adversa para los más vulnerables. No puede ser, y de hecho no lo es, ajena a esta cruda realidad. Pero Afganistán requiere de una acción coordinada desde el Gobierno central, que es quien tiene la capacidad, los medios y el margen de maniobra para asumir sus responsabilidades en materia de política exterior y control de fronteras. La Xunta de Galicia recibió comunicación de la Delegación del Gobierno sobre las 36 personas que fueron derivadas a nuestra comunidad a través del Programa Acogida Internacional que gestiona el Gobierno del Estado en coordinación con destacadas organizaciones de la sociedad civil. Desde Galicia se sigue con atención la evolución y desde la Xunta se tomarán las medidas necesarias para acoger, en su caso, a todas las personas afganas que*

*caso, a todas as persoas afgás que requiran circunstancias humanitarias.*

***Ás once horas e trinta e oito minutos entra no Salón de Sesións o señor García Fernández.***

*Non creo necesario aclarar que as persoas que soliciten asilo en España ou teñan condición de refuxiados ou desprazados e carecen de medios económicos para atender as súas necesidades ou as dos seus, serán derivados aos centros de acollida, que son establecementos públicos nos que se lles presta aloxamento, manutención e asistencia urxente e primaria.*

*Temos a obrigación moral de levar ao extremo a nosa sensibilidade respecto diso e desenvolver un espírito crítico co que está a ocorrer en Afganistán, un país atrapado no medo á incerteza.*

*Lía non fai moito a noticia de que as 5 primeiras mulleres afgás que tiveron a valentía de manifestarse dicían que non necesitan bonitas declaracións, senón accións bonitas de parte da comunidade internacional. Oxalá esas 5 mulleres pronto sexan 5, 50, 5.000 ou 5 millóns. Oxalá centos de miles e milleiros de persoas, todas. Oxalá que o seu paso compásese co resto das mulleres oprimidas do mundo e todas podamos seguir camiñando cara á igualdade.*

*Con este desexo marcado a lume no corazón por suposto que imos aprobar a moción.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señora Gutiérrez.

Polo Grupo Socialista, señora Neira.

**Señora Neira Fernández**

*requieran circunstancias humanitarias.*

***A las once horas y treinta y ocho minutos entra en el Salón de Sesiones el señor García Fernández.***

*No creo necesario aclarar que las personas que soliciten asilo en España o tengan condición de refugiados o desplazados y carecen de medios económicos para atender sus necesidades o las de los suyos, serán derivados a los centros de acogida, que son establecimientos públicos en los que se les presta alojamiento, manutención y asistencia urgente y primaria.*

*Tenemos la obligación moral de llevar al extremo nuestra sensibilidad al respecto y desarrollar un espíritu crítico con lo que está ocurriendo en Afganistán, un país atrapado en el miedo a la incertidumbre.*

*Leía no hace mucho la noticia de que las 5 primeras mujeres afganas que tuvieron la valentía de manifestarse decían que no necesitan bonitas declaraciones, sino acciones bonitas de parte de la comunidad internacional. Ojalá esas 5 mujeres pronto sean 5, 50, 5.000 o 5 millones. Ojalá cientos de miles y millares de personas, todas. Ojalá que su paso se acompase con el resto de las mujeres oprimidas del mundo y todas podamos seguir caminando hacia la igualdad.*

*Con este deseo marcado a fuego en el corazón por supuesto que vamos a aprobar la moción.*

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora Gutiérrez.*

*Por el Grupo Socialista, señora Neira.*

***Señora Neira Fernández***

*Grazas, señora alcaldesa.*

*Bo, pois falar en último lugar nunha moción deste tipo, na que xa se expresou todo e ademais déronse datos concretos que todos coñecemos, pero que é importante en moitas ocasións subliñar e non esquecer do que é o día a día fundamentalmente do colectivo máis azoutado por este fanatismo absoluto como é o colectivo das mulleres e as nenas, pero tampouco podemos esquecer a colectivos homosexuais que tamén son obxecto da ira en nome dese deus mal entendido e dese radicalismo absoluto.*

*É evidente que Afganistán é, como tantos outros países, pero sen dúbida Afganistán, que nos azoutou este verán polo sorpresivo, é o froito do fracaso absoluto da política internacional respecto diso. Seguramente non era tan mala a intervención no seu momento como non foi boa a retirada, deixando á súa sorte a miles de persoas, que todos puidemos asistir a esas imaxes terribles nos aeroportos. Decidir a cal dos teus fillos salvas ou, como dicía un pai afgán, non?, deixalos para que alguén, sen saber quen, os leve a un país, non se sabe cal, e afacerse a vivir sen eles e a morrer de dor. Bo, pois finalmente ten que conmovernos como sociedade, ten que conmovernos desde logo como Europa, e ten desde logo que atacar á nosa conciencia como seres humanos.*

*Por parte deste Goberno local, por parte da alcaldesa, desde logo estamos en contacto coas entidades que son colaboradoras do Ministerio de Asuntos Exteriores para cuestións desta natureza —neste caso ACCEM, tamén Cruz Vermella— e desde logo prestar toda a nosa colaboración, como non pode ser doutra maneira, neste caso e en*

*Gracias, señora alcaldesa.*

*Bueno, pues hablar en último lugar en una moción de este tipo, en la que ya se ha expresado todo y además se han dado datos concretos que todos conocemos, pero que es importante en muchas ocasiones subrayar y no olvidar de lo que es el día a día fundamentalmente del colectivo más azotado por este fanatismo absoluto como es el colectivo de las mujeres y las niñas, pero tampoco podemos olvidar a colectivos homosexuales que también son objeto de la ira en nombre de ese dios mal entendido y de ese radicalismo absoluto.*

*Es evidente que Afganistán es, como tantos otros países, pero sin duda Afganistán, que nos ha azotado este verano por lo sorpresivo, es el fruto del fracaso absoluto de la política internacional al respecto. Seguramente no era tan mala la intervención en su momento como no ha sido buena la retirada, dejando a su suerte a miles de personas, que todos hemos podido asistir a esas imágenes terribles en los aeropuertos. Decidir a cuál de tus hijos salvas o, como decía un padre afgano, ¿no?, dejarlos para que alguien, sin saber quién, los lleve a un país, no se sabe cuál, y acostumbrarse a vivir sin ellos y a morir de dolor. Bueno, pues finalmente tiene que conmovernos como sociedad, tiene que conmovernos desde luego como Europa, y tiene desde luego que atacar a nuestra conciencia como seres humanos.*

*Por parte de este Gobierno local, por parte de la alcaldesa, desde luego estamos en contacto con las entidades que son colaboradoras del Ministerio de Asuntos Exteriores para cuestiones de esta naturaleza —en este caso ACCEM, también Cruz Roja— y desde luego prestar toda nuestra colaboración, como no puede ser de otra manera, en este caso*

*todos aqueles casos nos que persoas poidan chegar á nosa cidade buscando pois o que todos buscamos na vida, un futuro mellor, un futuro digno e, desde logo, a tranquilidade de saber que os nosos fillos polo menos vivirán nunha contorna segura, no que non sexan apedradas simplemente por ensinar os nocellos, por exemplo.*

*Dicir que, desde logo, como non pode ser doutra maneira e ademais tendo en conta que estamos no 70 aniversario dese Estatuto dos Refuxiados, dicir que si. Tamén utilizando as palabras ou a intervención da señora Veira, tamén facer loxicamente o chamamento lóxico á colaboración entre institucións, que existe, que existe. E, desde logo, o reproche absoluto ás forzas políticas da extrema dereita que aínda seguen permitíndose o luxo de dicir que é moito mellor que este tipo de perfís sexan acollidos en países musulmáns da contorna, xa non pola cultura, xa non pola relixión, senón tamén pola raza. Se cadra, se cadra, teriamos que facer unha reflexión quen somos, realmente desde as nosas discrepancias, pero forzas que cremos na democracia profunda e na discrepancia ao pensamento e sobre todo no respecto aos dereitos humanos, canta responsabilidade temos ao darlles eco e en moitas ocasións darlles soporte a persoas que son capaces de dicir e de pensar e de xerar este tipo de pensamento na sociedade á que din representar.*

*E xa por último, porque non quero terminar a miña última intervención sen que conste desde logo o meu recoñecemento e o meu agradecemento persoal e o de todos os meus compañeiros e compañeiras da concellería a Víctor Gómez, que foi para nós, no momento da pandemia, un dos voluntarios máis activos, que levaba a*

*y en todos aquellos casos en los que personas puedan llegar a nuestra ciudad buscando pues lo que todos buscamos en la vida, un futuro mejor, un futuro digno y, desde luego, la tranquilidad de saber que nuestros hijos al menos vivirán en un entorno seguro, en el que no sean apedreadas simplemente por enseñar los tobillos, por ejemplo.*

*Decir que, desde luego, como no puede ser de otra manera y además teniendo en cuenta que estamos en el 70 aniversario de ese Estatuto de los Refugiados, decir que sí. También utilizando las palabras o la intervención de la señora Veira, también hacer lógicamente el llamamiento lógico a la colaboración entre instituciones, que existe, que existe. Y, desde luego, el reproche absoluto a las fuerzas políticas de la extrema derecha que todavía siguen permitiéndose el lujo de decir que es mucho mejor que este tipo de perfiles sean acogidos en países musulmanes del entorno, ya no por la cultura, ya no por la religión, sino también por la raza. A lo mejor, a lo mejor, tendríamos que hacer una reflexión quienes somos, realmente desde nuestras discrepancias, pero fuerzas que creemos en la democracia profunda y en la discrepancia al pensamiento y sobre todo en el respeto a los derechos humanos, cuánta responsabilidad tenemos al darles eco y en muchas ocasiones darles soporte a personas que son capaces de decir y de pensar y de generar este tipo de pensamiento en la sociedad a la que dicen representar.*

*Y ya por último, porque no quiero terminar mi última intervención sin que conste desde luego mi reconocimiento y mi agradecimiento personal y el de todos mis compañeros y compañeras de la concejalía a Víctor Gómez, que ha sido para nosotros, en el momento de la pandemia, uno de los voluntarios más activos, que llevaba la zona de Monte*

*zona de Monte Alto, o colexio a Grande Obra de Atocha e que ademais ten nese haber o ser o voluntario de Protección Civil que máis debuxos recollía dos nenos a cuxas casas acudía a diario. Ese si é un exemplo de como a solidariedade do pequeno pode cambiar a vida de tantas persoas e é realmente ao final o que a un xustifícalle que o tránsito pola vida sexa positivo, que é deixar pegada nos demais. Polo tanto, no meu nome, no nome dos meus compañeiros e compañeiras da concellería e por suposto no de todo o Goberno municipal, darlle as grazas alá onde estea e desde logo o noso apoio e o noso agarimo a toda a súa familia e a Protección Civil.*

*Nada máis e moitas grazas.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señora Neira.

Procedemos á votación desta moción.

**Votación da primeira moción da concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo**

*Gobernar supón escoitar as necesidades dos cidadáns, percorrer a cidade, patear os barrios, coñecer as súas infraestruturas, identificar as carencias, as barreiras que fan máis difícil a vida dos coruñeses. Gobernar é resolver problemas, implicarse neles, atender as peticións, todas importantes, moitas necesarias e algunhas mesmo urxentes, sen que a desidia sexa unha opción. Sospeito que eu debo estar equivocada, pois, pola contra, asisto -non sen certa estupefacción- a unha forma de gobernar que apenas vai máis aló de administrar os recursos, de simular unha ficticia estratexia política, de presidir os órganos administrativos que correspondan e de pasear polos barrios para a foto, que logo se adornará cun comentario bucólico para edulcorar o acedume da verdadeira realidade da cidade. Non é necesario remontarse demasiado lonxe para reunir un bo puñado de asuntos que inquietan os coruñeses e sobre os que o Goberno de Inés Rey demostra escaso ou nulo interese. Son problemas comúns cuxa única incerteza reside en descubrir cada mañá a que barrio lle tocará dar o sinal de alarma. Supoño que de algo lles soará algunha das seguintes cuestións;*

Gobernar supone escuchar las necesidades de los ciudadanos, recorrer la ciudad, patear los barrios, conocer sus infraestructuras, identificar las carencias, las barreras que hacen más difícil la vida de los coruñeses. Gobernar es resolver problemas, implicarse en ellos, atender las peticiones, todas importantes, muchas necesarias y algunas incluso urgentes, sin que la desidia sea una opción. Sospecho que yo debo estar equivocada, pues, por el contrario, asisto -no sin cierta estupefacción- a una forma de gobernar que a duras penas va más allá de administrar los recursos, de simular una ficticia estrategia política, de presidir los órganos administrativos que correspondan y de pasear por los barrios para la foto, que luego se adornará con un comentario bucólico para edulcorar la acidez de la verdadera realidad de la ciudad. No es necesario remontarse demasiado lejos para reunir un buen puñado de asuntos que inquietan a los coruñeses y sobre los que el Gobierno de Inés Rey demuestra escaso o nulo interés. Son problemas comunes cuya única incertidumbre reside en descubrir cada mañana a qué barrio le tocará poner el grito en el cielo. Supongo que de algo les sonará alguna de las siguientes cuestiones; las inversiones

*os investimentos comprometidos esperando nalgún caixón; a ocupación ilegal a unha media de cinco por mes segundo a caprichosa estatística; a seguridade cidadá -todos estrañando a policía de barrio-; o mantemento, a limpeza e o saneamento máis aló dos barrios do centro e un problema con predilección especial na zona de Elviña pero que non deixa fóra o barrio das Flores, a Monte Alto, á Agra do Orzán ou á propia Praza de María Pita: o problema son as ratas. Efectivamente non é só unha queixa que desde este grupo municipal teramos trasladado neste mesmo salón en numerosas ocasións: revisen as chamadas do 010, escoiten á opinión pública a través das canles de participación. É un problema que parece herdado da época dos chapeus de á larga e parece mentira que a Coruña do século XXI siga loitando con problemas propios da época do capitán Alatriste. Cústame crer que non se ruboricen cada vez que alguén lles formula esta cuestión. Señora Fontán, señora Cabanas, vostedes saben coma min que hoxe as ratas campan á vontade e os tobos rodean os perímetros das casas e dos xardíns e que existen as empresas especializadas en control de pragas, dignas herdeiras do frautista de Hamelin, pero moitísimo máis eficaces. Que coa simple execución dos contratos de mantemento e a realización periódica das campañas de desratización que, para simplificar, só han de realizarse cada 21 días, atendendo aos ciclos reprodutivos dos roedores, o problema mitigaríase.*

comprometidas esperando en algún cajón; la ocupación ilegal a una media de cinco por mes según la caprichosa estadística; la seguridad ciudadana -todos añorando la policía de barrio-; el mantenimiento, la limpieza y el saneamiento más allá de los barrios del centro y un problema con predilección especial en la zona de Elviña pero que no deja fuera al barrio de las Flores, a Monte Alto, al Agra del Orzán o a la propia Plaza de María Pita: el problema son las ratas. Efectivamente no es solo una queja que desde este grupo municipal hayamos trasladado en este mismo salón en numerosas ocasiones: revisen las llamadas del 010, escuchen a la opinión pública a través de los canales de participación. Es un problema que parece heredado de la época de los sombreros de ala ancha y parece mentira que la Coruña del siglo XXI siga bregando con problemas propios de la época del capitán Alatriste. Me cuesta creer que no se sonrojen cada vez que alguien les plantea esta cuestión. Señora Fontán, señora Cabanas, ustedes saben como yo que hoy las ratas campan a sus anchas y las madrigueras rodean los perímetros de las casas y de los jardines y que existen las empresas especializadas en control de plagas, dignas herederas del flautista de Hamelin, pero muchísimo más eficaces. Que con la simple ejecución de los contratos de mantenimiento y la realización periódica de las campañas de desratización que, para simplificar, solo han de realizarse cada 21 días, atendiendo a los ciclos reproductivos de los roedores, el problema se habría mitigado.

*Pregunto de novo: é a Concellería de Medio Ambiente a que non desempeña as súas funcións ou é a empresa concesionaria a culpable de que non se vexa o froito dese suposto traballo? Deixen, pois, de tocar a frauta os coruñeses e executen coa urxencia*

Pregunto de nuevo: ¿es la Concejalía de Medio Ambiente la que no desempeña sus funciones o es la empresa concesionaria la culpable de que no se vea el fruto de ese supuesto trabajo? Dejen, pues, de tocar la flauta a los coruñeses y ejecuten con la urgencia requerida y la diligencia que se

*requirida e a dilixencia que se merecen os nosos veciños un plan de urxencia que se repita coa periodicidade e o empeño suficiente para que polo menos na Coruña non se vexa o nome ensuciado polas ratas. Moitas grazas.*

merecen nuestros vecinos un plan de urgencia que se repita con la periodicidad y el empeño suficiente para que al menos en la Coruña no se vea el nombre ensuciado por las ratas. Muchas gracias.

**Presidencia**

Moitas grazas, señora Gutiérrez.

Señora Faraldo, o seu turno.

**Ás quince horas e cincuenta e cinco minutos entra no Salón de Sesións o señor Rodríguez Martínez.**

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora Gutiérrez.*

*Señora Faraldo, su turno.*

***A las quince horas y cincuenta y cinco minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Rodríguez Martínez.***

**Señora Faraldo Calvo**

Na exposición de motivos desta moción faise un remix da situación barrial, a interpretación do PP, das accións ou inaccións, segundo plasma a propia moción, do Goberno local, coa que podo estar en moitos puntos, amosar a miña conformidade. Pero logo concreta o acordo nunha única cuestión, a desratización. Vou ir directa a esa cuestión. Dúas noticias recollía a Voz de Galicia este verán: *guerra contra as ratas en Coruña*, para dicir a continuación que os servizos de desratización actuaron a mediados de agosto na segunda fase de Elviña e que —e di a noticia— que non é unha das zonas máis afectadas pola praga e a outra noticia era que os veciños e comerciantes da zona de San Pablo, na Coruña, denuncian unha praga de ratas do tamaño dun coello. Isto, a finais de xuño.

Varios focos orixinan este problema: o alcantarillado, inframundo onde as colonias de ratas campan ás súas anchas; a alimentación incontrolada dos felinos das rúas; edificios abandonados e soares en estados selváticos, cuestións que habería que acometer previamente á desratización.

***Señora Faraldo Calvo***

*En la exposición de motivos de esta moción se hace un remix de la situación barrial, a interpretación del PP, de las acciones o inacciones, según plasma la propia moción, del Gobierno local, con la que puedo estar en muchos puntos, mostrar mi conformidad. Pero después concreta el acuerdo en una única cuestión, la desratización. Voy a ir directa a esa cuestión. Dos noticias recogía la Voz de Galicia este verano:* guerra contra las ratas en Coruña, *para decir a continuación que los servicios de desratización actuaron a mediados de agosto en la segunda fase de Elviña y que —y dice la noticia— que no es una de las zonas más afectadas por la plaga y la otra noticia era que los vecinos y comerciantes de la zona de San Pablo, en A Coruña, denuncian una plaga de ratas del tamaño de un conejo. Esto, a finales de junio.*

*Varios focos originan este problema: el alcantarillado, inframundo donde las colonias de ratas campan a sus anchas; la alimentación incontrolada de los felinos de las calles; edificios abandonados y solares en estados selváticos, cuestiones que habría que acometer previamente a la desratización.*

Cabería primeiro, pola miña parte, preguntar que tipo de accións leva a Concellería de Medio Ambiente ao respecto, con que periodicidade, etc. En todo caso, pide o PP nesta moción un plan de actuación inmediata e un plan de control de pragas e, pola nosa parte, o único que quedaría por dicir é que sería alucinante que non o houbera xa, polo que, antes de decidir o noso voto esperamos ás explicacións pertinentes.

Grazas.

**Presidencia**

Moitas grazas, señora Faraldo.

Señor Jorquera, polo BNG.

**Señor Jorquera Caselas**

Grazas, señora alcaldesa.

A moción do Grupo Popular céntrase, na súa parte resolutiva, nun aspecto concreto da xestión en materia de medio ambiente: a necesidade de actuar de xeito eficiente contra as pragas e, en particular, contra as pragas de ratas existentes nalgún barrio, como é o caso de Elviña. Pero este problema é un máis dos moitos que ten a cidade en materia medioambiental. Nos últimos días fun recompilando as informacións de prensa ao respecto. O relato sería interminábel: denuncias pola sucidade que se acumula na contorna da Domus, da rúa San Xoán e no barrio do Orzán; queixas da asociacións ou de veciños a título particular pola falta de limpeza e o deficiente estado de zonas verdes en Pedralonga, Eirís, Mesoiro Vello. Sen ir máis lonxe, para o presente Pleno rexistramos preguntas escritas sobre a acumulación de sucidade provocada pola proliferación de autocaravanas no

*Cabría primero, por mi parte, preguntar qué tipo de acciones lleva la Concejalía de Medio Ambiente al respecto, con qué periodicidad, etc. En todo caso, pide el PP en esta moción un plan de actuación inmediata y un plan de control de plagas y, por nuestra parte, lo único que quedaría por decir es que sería alucinante que no lo hubiese ya, por lo que, antes de decidir nuestro voto esperamos a las explicaciones pertinentes.*

*Gracias.*

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora Faraldo.*

*Señor Jorquera, por el BNG.*

***Señor Jorquera Caselas***

*Gracias, señora alcaldesa.*

*La moción del Grupo Popular se centra, en su parte resolutiva, en un aspecto concreto de la gestión en materia de medio ambiente: la necesidad de actuar de manera eficiente contra las plagas y, en particular, contra las plagas de ratas existentes en algún barrio, como es el caso de Elviña. Pero este problema es uno más de los muchos que tiene la ciudad en materia medioambiental. En los últimos días fui recopilando las informaciones de prensa al respecto. El relato sería interminable: denuncias por la suciedad que se acumula en el entorno de la Domus, de la calle San Xoán y en el barrio del Orzán; quejas de la asociaciones o de vecinos a título particular por la falta de limpieza y el deficiente estado de zonas verdes en Pedralonga, Eirís, Mesoiro Vello. Sin ir más lejos, para el presente Pleno registramos preguntas escritas sobre la acumulación de suciedad provocada por la proliferación de*

aparcadoiro do Aquarium Finisterrae; a degradación do camiño do Pinar; a falta de limpeza nas marxes dos camiños e pistas en Eirís e Xuxán; a non recollida do lixo amoreado nas beiras do camiño da Silva e na estrada que conecta a avenida de Fisterra con Bens; a falta dun tratamento específico para combater as especies invasoras ou o lamentábel estado de mantemento na zona axardinada existente na rúa Vila de Cambre e Monte Alto.

*autocaravanas en el aparcamiento del Aquarium Finisterrae; la degradación del camino del Pinar; la falta de limpieza en los márgenes de los caminos y pistas en Eirís y Xuxán; la no recogida de la basura acopiada en las orillas del camino de A Silva y en la carretera que conecta la avenida de Finisterre con Bens; la falta de un tratamiento específico para combatir las especies invasoras o el lamentable estado de mantenimiento en la zona ajardinada existente en la calle Vila de Cambre y Monte Alto.*

A maiores, algúns dos nosos rogos tamén aluden a cuestións de limpeza. É un tema importante, máxime se temos en conta que non só se falla nas cuestións micro, con seren estas moi importantes, pois a ninguén lle gusta que haxa sucidade ou unha praga na rúa na que vive. Fállase tamén nas cuestións macro: os contratos de recollida de lixo e de limpeza viaria tardaron moito máis do desexábel en resolverse; segue sen saír a licitación o novo contrato de mantemento de parques e xardíns e, mentres tanto, segue prestando o servizo a anterior adxudicataria, pese aos seus reiterados incumprimentos. Quizais estas cuestións expliquen parte dos problemas que se describen na exposición de motivos desta moción. Por non falar da situación da planta de Nostián e a falta de perspectiva de que se resolva o novo contrato antes de fin de mandato. Quero lembrar que a limpeza foi unha das bandeiras ondeadas por Inés Rey en campaña nas pasadas eleccións municipais, mais á vista destes feitos está claro que unha cousa é predicar e outra dar trigo.

*Además, algunos de nuestros ruegos también aluden a cuestiones de limpieza. Es un tema importante, máxime si tenemos en cuenta que no solo se falla en las cuestiones micro, con ser estas muy importantes, pues a nadie le gusta que haya suciedad o una plaga en la calle en la que vive. Se falla también en las cuestiones macro: los contratos de recogida de basuras y de limpieza viaria tardaron mucho más de lo deseable en resolverse; sigue sin salir a licitación el nuevo contrato de mantenimiento de parques y jardines y, mientras tanto, sigue prestando el servicio la anterior adjudicataria, pese a sus reiterados incumplimientos. Quizás estas cuestiones expliquen parte de los problemas que se describen en la exposición de motivos de esta moción. Por no hablar de la situación de la planta de Nostián y la falta de perspectiva de que se resuelva el nuevo contrato antes de fin de mandato. Quiero recordar que la limpieza fue una de las banderas ondeadas por Inés Rey en campaña en las pasadas elecciones municipales, pero a la vista de estos hechos claro está que una cosa es predicar y otra dar trigo.*

Polas razóns devanditas, o Grupo Municipal do BNG votará a favor desta moción.

*Por dichas razones, el Grupo Municipal del BNG votará a favor de esta moción.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señor Jorquera.

Pola Marea Atlántica, señora García.

**Señora García Gómez**

Grazas.

Bueno, atención, porque as ratas volven á cidade ou, mellor dito, volven a este salón de plenos porque é evidente que da cidade nunca marcharon. De onde si desapareceron foron das páxinas de determinados medios de comunicación, escritos e radiofónicos que durante o pasado mandato vían proliferacións extraordinarias de ratas coma gatos, coma coellos, coma vacas, coma cabalos, precisamente nas cidades do cambio: na Coruña, en Santiago, en Ferrol, en Madrid, en Cádiz, en Barcelona, en Zaragoza, etc. A axenda política, mediática e tamén da dereita estaba clara: eran ratas, era sucidade, era inseguridade, era delincuencia, etc. Pero non só, desgrazadamente, foi a axenda política da dereita, senón que en moitos casos como aquí, no Concello da Coruña, foi seguida de maneira entusiasta polo Partido Socialista, que engordou ese discurso das ratas coma cabalos. O Partido Socialista que, bueno, fixo campaña, tamén, con brigadas cidadás, con caras que agora nos resultarían moi coñecidas e que fixeron da limpeza e da insalubridade da Coruña un eixo fundamental da súa campaña electoral. Resulta que agora goberna e non só non se solucionou o problema que consideraban tan prioritario na cidade senón que ocorre algo peor e é que se sacrificaron outras políticas que si, de maneira moi decidida, estaban en marcha. É evidente que nos chegan denuncias veciñais. Efectivamente nos chegan denuncias do barrio de Elviña, pero tamén doutros barrios da cidade: de

*Muchas gracias, señor Jorquera.*

*Por la Marea Atlántica, señora García.*

***Señora García Gómez***

*Gracias.*

*Bueno, atención, porque las ratas vuelven a la ciudad o, mejor dicho, vuelven a este salón de plenos porque es evidente que de la ciudad nunca se fueron. De donde sí desaparecieron fue de las páginas de determinados medios de comunicación, escritos y radiofónicos que durante el pasado mandato veían proliferaciones extraordinarias de ratas como gatos, como conejos, como vacas, como caballos, precisamente en las ciudades del cambio: en A Coruña, en Santiago, en Ferrol, en Madrid, en Cádiz, en Barcelona, en Zaragoza, etc. La agenda política, mediática y también de la derecha estaba clara: eran ratas, era suciedad, era inseguridad, era delincuencia, etc. Pero no solo, desgraciadamente, fue la agenda política de la derecha, sino que en muchos casos como aquí, en el Ayuntamiento de A Coruña, fue seguida de manera entusiasta por el Partido Socialista, que engordó ese discurso de las ratas como caballos. El Partido Socialista que, bueno, hizo campaña, también, con brigadas ciudadanas, con caras que ahora nos resultarían muy conocidas y que hicieron de la limpieza y de la insalubridad de A Coruña un eje fundamental de su campaña electoral. Resulta que ahora gobierna y no solo no se solucionó el problema que consideraban tan prioritario en la ciudad sino que ocurre algo peor y es que se sacrificaron otras políticas que sí, de manera muy decidida, estaban en marcha. Es evidente que nos llegan denuncias vecinales. Efectivamente nos llegan denuncias del barrio de Elviña,*

Monte Alto, de, bueno, zonas moi próximas de aquí, pola falta de salubridade e presenza de ratas. O Concello ten que actuar.

*pero también de otros barrios de la ciudad: de Monte Alto, de, bueno, zonas muy próximas de aquí, por la falta de salubridad y presencia de ratas. El Ayuntamiento tiene que actuar.*

**Ás dezaseis horas e dous minutos entra no Salón de Sesións a señora Delso Carreira.**

***A las dieciséis horas y dos minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Delso Carreira.***

O control de pragas é un servizo esencial que se presta de maneira rutinaria e que non debería ter maior dificultade que é aplicalo, é controlalo. O problema de ter engordado este discurso non é só que non se consiga resolver unha cuestión que consideraron prioritaria, senón que ademais se sacrificaron outras políticas que nós consideramos moi importantes, que tiñan que ver coa protección medioambiental e a loita contra a emerxencia climática. Efectivamente, deixaron de impulsarse políticas de residuos; non se licitan contratos como a planta de Nostián; as zonas verdes adoecen de falta de coidado; non se executa a bolsa de melloras; paralizouse o plan de infraestrutura verde; a ampliación das hortas sofre un retraso tras outro; non hai xestión dos espazos protexidos; non se cumpren nin sequera os acordos coa Marea Atlántica en materia de enerxía. Consideramos que a xestión non está sendo boa.

*El control de plagas es un servicio esencial que se presta de manera rutinaria y que no debería tener mayor dificultad que es aplicarlo, es controlarlo. El problema de haber engordado este discurso no es solo que no se consiga resolver una cuestión que consideraron prioritaria, sino que además se sacrificaron otras políticas que nosotros consideramos muy importantes, que tenían que ver con la protección medioambiental y la lucha contra la emergencia climática. Efectivamente, dejaron de impulsarse políticas de residuos; no se licitan contratos como la planta de Nostián; las zonas verdes adolecen de falta de cuidado; no se ejecuta la bolsa de mejoras; se paralizó el plan de infraestructura verde; la ampliación de las huertas sufre un retraso tras otro; no hay gestión de los espacios protegidos; no se cumplen ni siquiera los acuerdos con la Marea Atlántica en materia de energía. Consideramos que la gestión no está siendo buena.*

A Marea Atlántica vaise abster nesta moción porque nós non queremos mercar esa axenda da que hoxe, unha vez máis, se volve a presentar aquí, a das ratas, a da sucidade, a ocupación, todo nun totum revolutum que cremos que ademais estigmatiza á cidade, que fai bastante dano. O que si queremos pedirlle á Concellería de Medio Ambiente é que actúe, que reaccione ás demandas veciñais, neste e noutros asuntos, porque cremos que a xestión é bastante mellorable. Moitas grazas.

*La Marea Atlántica se va a abstener en esta moción porque nosotros no queremos comprar esa agenda de la que hoy, una vez más, se vuelve a presentar aquí, la de las ratas, la de la suciedad, la ocupación, todo en un totum revolutum que creemos que además estigmatiza a la ciudad, que hace bastante daño. Lo que sí queremos pedirle a la Concejalía de Medio Ambiente es que actúe, que reaccione a las demandas vecinales, en este y en otros asuntos, porque creemos que la gestión es bastante mejorable. Muchas gracias.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señora García.

Pecha o debate a señora Fontán.

***Señora Fontán Prado***

*Grazas, señora alcaldesa.*

*Ben, hai que ver a cantidade de cousas que caben nunha moción de desratización! De todo, menos as ratas, case.*

*Para chegar á moción das ratas chegaron vostedes a falar, mesmo, ata do frautista de Hamelin. Mire, esta concelleira, señora Gutiérrez, non está a esperar a ningún frautista nin isto é Hamelin, entre outras cousas, porque tampouco é o meu conto preferido tendo en conta que hai un rapto de nenos, desaparición...unhas cousas un pouco raras nese conto pouco edificante. Pero, de ter que facer alusión a algún tipo de ratas aconséllolle obras máis encomiables, como As ratas de Delibes, a do arxentino José Bianco ou o do chileno Roberto Bolaño, por non falar dunha canción -que me acaban de pasar agora- e que pensei que me ía dedicar unha canción don Roberto Rodríguez hoxe pero xa vexo que é vostede, señora Gutiérrez, e que eu lle vou aconsellar que poida escoitala, que se chama Rata de dúas patas, de Paquita a do Barrio* **(risos).**

*Feita esta analoxía imos falar un pouquiño, entón, da súa proposta. Mire, programación anual de actuacións e máis aínda na época na que pasamos coa COVID. Tráiolle aquí, ademais é que o vou poñer ao dispor de todos os grupos, un informe da empresa á que vostede fixo alusión, por certo, moi boa*

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora García.*

*Cierra el debate la señora Fontán.*

**Señora Fontán Prado**

Gracias, señora alcaldesa.

Bueno, ¡hay que ver la cantidad de cosas que caben en una moción de desratización! De todo, menos las ratas, casi.

Para llegar a la moción de las ratas llegaron ustedes a hablar, incluso, hasta del flautista de Hamelin. Mire, esta concejala, señora Gutiérrez, no está esperando a ningún flautista ni esto es Hamelin, entre otras cosas, porque tampoco es mi cuento preferido teniendo en cuenta que hay un secuestro de niños, desaparición...unas cosas un poco raras en ese cuento poco edificante. Pero, de tener que hacer alusión a algún tipo de ratas le aconsejo obras más encomiables, como Las ratas de Delibes, la del argentino José Bianco o el del chileno Roberto Bolaño, por no hablar de una canción -que me acaban de pasar ahora- y que pensé que me iba a dedicar una canción don Roberto Rodríguez hoy pero ya veo que es usted, señora Gutiérrez, y que yo le voy a aconsejar que pueda escucharla, que se llama Rata de dos patas, de Paquita la del Barrio ***(risas).***

Hecha esta analogía vamos a hablar un poquito, entonces, de su propuesta. Mire, programación anual de actuaciones y más aún en la época en la que hemos pasado con el COVID. Le traigo aquí, además es que lo voy a poner a disposición de todos los grupos, un informe de la empresa a la que usted ha hecho alusión, por cierto,

*empresa, porque saíu en moitísimos medios de comunicación como exemplo de traballo: é o traballo destes tres últimos meses. Existe unha programación anual que se reforza durante a época do verán. Pero para que vostede máis ou menos teña xa unha idea de por onde imos; en xuño desratizáronse todos os centros escolares nos distritos 2, 7 e 8; en xullo os centros cívicos máis os distritos 3, 4, 6 e 9; en agosto todos os mercados máis os distritos 1, 5, 7 e 10. É dicir, desratizáronse 6.199 puntos de control, incluíndo eses de Elviña tan desatendidos aos que fomos a señora concelleira de Barrios máis eu tres veces, e non debe ser que lle interese moito os veciños do barrio de Elviña o asunto, porque só compareceu o presidente á devandita reunión. Vese que non están moi preocupados os veciños de Elviña polas ratas. Á parte desta planificación que lle ensino eu, trimestral, temos as das chamadas, as dos SeR, as dos avisos. Podo ensinarlle aquí, perfectamente, e de verdade, gustaríame que o tivesen vostedes, o número de SeR que tivemos en cada un dos barrios; ningún de Elviña, señora Gutiérrez, ningún. E neste ano foron menores que no ano pasado. Teñen aquí os datos. Non son meus. Son da empresa que os fai.*

muy buena empresa, porque ha salido en muchísimos medios de comunicación como ejemplo de trabajo: es el trabajo de estos tres últimos meses. Existe una programación anual que se refuerza durante la época del verano. Pero para que usted más o menos tenga ya una idea de por dónde vamos; en junio se desratizaron todos los centros escolares en los distritos 2, 7 y 8; en julio los centros cívicos más los distritos 3, 4, 6 y 9; en agosto todos los mercados más los distritos 1, 5, 7 y 10. Es decir, se desratizaron 6.199 puntos de control, incluyendo esos de Elviña tan desatendidos a los que fuimos la señora concejala de Barrios y yo tres veces, y no debe ser que le interese mucho a los vecinos del barrio de Elviña el asunto, porque solo compareció el presidente a dicha reunión. Se ve que no están muy preocupados los vecinos de Elviña por las ratas. Aparte de esta planificación que le enseño yo, trimestral, tenemos las de las llamadas, las de los SyR, las de los avisos. Puedo enseñarle aquí, perfectamente, y de verdad, me gustaría que lo tuvieran ustedes, el número de SyR que hemos tenido en cada uno de los barrios; ninguno de Elviña, señora Gutiérrez, ninguno. Y en este año han sido menores que en el año pasado. Tienen aquí los datos. Non son míos. Son de la empresa que los hace.

*Como vexo que parece que só é culpa da Concellería de Medio Ambiente e aínda que algo dixo a señora Faraldo respecto diso, a min gustaríame facer fincapé, tamén, nun tema: a actitude dos cidadáns. Sabe por que proliferan, tamén, as ratas? Pois porque hai moitos cidadáns que se dedican a darlle para comer os gatos, ás pombas, ás gaivotas. Porque deixan as bolsas de lixo fóra do contedor orgánico e iso atrae a eses bichos e para eses bichos existen colonias felinas e os cidadáns aos que llo imos lembrar este trimestre* **(óese un**

Como veo que parece que solo es culpa de la Concejalía de Medio Ambiente y aunque algo dijo la señora Faraldo al respecto, a mí me gustaría hacer hincapié, también, en un tema: la actitud de los ciudadanos. ¿Sabe por qué proliferan, también, las ratas? Pues porque hay muchos ciudadanos que se dedican a darle de comer a los gatos, a las palomas, a las gaviotas. Porque dejan las bolsas de basura fuera del contenedor orgánico y eso atrae a esos bichos y para esos bichos existen colonias felinas y los ciudadanos a los que se lo vamos a recordar este

**sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** *—acabo, señora alcaldesa— non teñen que contribuír en nada a esa pandemia. Porque é unha pandemia, o das ratas. As ratas van convivir connosco. E mire, dígolle máis: nós incrementaremos ese labor, porque é importante, pero a maiores de todo isto a min, neste momento, e para terminar dunha maneira, tamén, agradable e seguindo coa literatura máis amable, máis próxima, vou acabar cunha frase: se te centras no que deixas atrás non poderás ver o que tes diante. Díxoo Remy, de Ratatouille.*

*Por suposto, votaremos a favor da moción, porque é o que xa estamos a facer.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señora Fontán.

Pasamos á votación da moción.

**Votación da primeira moción do Grupo Municipal do Partido Popular**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a primeira moción do Grupo Municipal do Partido Popular, sobre desratización, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

Abstense o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (5 abstencións).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2

trimestre ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** —acabo, señora alcaldesa— no tienen que contribuir en nada a esa pandemia. Porque es una pandemia, lo de las ratas. Las ratas van a convivir con nosotros. Y mire, le digo más: nosotros incrementaremos esa labor, porque es importante, pero a mayores de todo esto a mí, en este momento, y para terminar de una manera, también, agradable y siguiendo con la literatura más amable, más próxima, voy a acabar con una frase: si te centras en lo que dejas atrás no podrás ver lo que tienes delante. Lo dijo Remy, de Ratatouille.

Por supuesto, votaremos a favor de la moción, porque es lo que ya estamos haciendo.

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora Fontán.*

*Pasamos a la votación de la moción.*

***Votación de la primera moción del Grupo Municipal del Partido Popular***

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la primera moción del Grupo Municipal del Partido Popular, sobre desratización, produciéndose el siguiente resultado:*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).*

*Se abstiene el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (5 abstenciones).*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2*

votos).

Vota a favor a concelleira non adscrita Dª. Mónica Martínez Lema (1 voto).

Vota a favor a concelleira non adscrita Dª. Isabel Faraldo Calvo (1 voto).

**Presidencia**

Grazas. Queda aprobada.

**143. Moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular sobre desratización**

**Acordo:**

A Corporación Municipal da Coruña en Pleno acorda instar o Goberno municipal a:

1. Executar, con carácter urxente, un plan de actuación inmediata contra a praga de ratas na cidade, en especial no barrio de Elviña.

2. Elaborar e executar, a través da Concellería de Medio Ambiente, un Plan de control de pragas, desratización e desinfección de carácter periódico.

3. Vixiar e corrixir a programación dos traballos das empresas encargadas, co obxecto de que se cumpran escrupulosamente, e coa periodicidade adecuada, as actuacións que correspondan.

**Segunda. Moción sobre turismo**

**Sobre esta moción o Grupo Municipal Socialista presenta unha emenda de substitución.**

**Presidencia**

Consta unha emenda de substitución do Grupo Municipal Socialista.

*votos).*

*Vota a favor la concejala no adscrita Dª. Mónica Martínez Lema (1 voto).*

*Vota a favor la concejala no adscrita Dª. Isabel Faraldo Calvo (1 voto).*

***Presidencia***

*Gracias. Queda aprobada.*

***143. Moción presentada por el Grupo Municipal del Partido Popular sobre desratización***

***Acuerdo:***

*La Corporación Municipal de A Coruña en Pleno acuerda instar al Gobierno municipal a:*

*1. Ejecutar, con carácter urgente, un plan de actuación inmediata contra la plaga de ratas en la ciudad, en especial en el barrio de Elviña.*

*2. Elaborar y ejecutar, a través de la Concejalía de Medio Ambiente, un Plan de control de plagas, desratización y desinfección de carácter periódico.*

*3. Vigilar y corregir la programación de los trabajos de las empresas encargadas, con el objeto de que se cumplan escrupulosamente, y con la periodicidad adecuada, las actuaciones que correspondan.*

***Segunda. Moción sobre turismo***

***Sobre esta moción el Grupo Municipal Socialista presenta una enmienda de sustitución.***

***Presidencia***

*Consta una enmienda de sustitución del Grupo Municipal Socialista.*

Señora Cendán...

**Señora Cendán Gayoso**

Señora alcaldesa, non imos aceptar a emenda.

**Presidencia**

Perdón?

**Señora Cendán Gayoso**

Non imos aceptar a emenda.

**Presidencia**

Ben, pois ten a palabra para a defensa da moción.

**Señora Cendán Gayoso**

Moitas grazas.

O voo con destino a Menorca foi cancelado. O voo con destino a Valencia foi cancelado. Podería consumir a metade do meu tempo repasando a listaxe, mais non hai marxe. Urxe unha reacción deste Goberno ante a incesante sangría de voos e destinos. Non é de novo, levamos máis de dous anos falando da pasividade dos concelleiros, a ausencia da alcaldesa e un Consorcio de Turismo que se pon de perfil nesta materia, polo que o que pedimos é, simplemente, o menos que se lle ten que pedir ao equipo de Goberno: implicación e traballo.

Sen constitución da mesa institucional para Alvedro, sen recuperación da base operativa de Vueling e os empregos no aire, nunca mellor dito. Non recuperamos a conexión con Heathrow, e a compañía non só non ten a intención de facelo, senón que creou unha

*Señora Cendán...*

***Señora Cendán Gayoso***

*Señora alcaldesa, no vamos a aceptar la enmienda.*

***Presidencia***

*¿Perdón?*

***Señora Cendán Gayoso***

*No vamos a aceptar la enmienda.*

***Presidencia***

*Bien, pues tiene la palabra para la defensa de la moción.*

***Señora Cendán Gayoso***

*Muchas gracias.*

*El vuelo con destino a Menorca fue cancelado. El vuelo con destino a Valencia fue cancelado. Podría consumir la mitad de mi tiempo repasando el listado, pero no hay margen. Urge una reacción de este Gobierno ante la incesante sangría de vuelos y destinos. No es algo nuevo, llevamos más de dos años hablando de la pasividad de los concejales, la ausencia de la alcaldesa y un Consorcio de Turismo que se pone de perfil en esta materia, por lo que lo que pedimos es, simplemente, lo menos que se le tiene que pedir al equipo de Gobierno: implicación y trabajo.*

*Sin constitución de la mesa institucional para Alvedro, sin recuperación de la base operativa de Vueling y los empleos en el aire, nunca mejor dicho. No recuperamos la conexión con Heathrow y la compañía no solo no tiene la intención de hacerlo, sino que creó una conexión en Santiago.*

conexión en Santiago. Un todo que poderíamos resumir nestas verbas dun representante do sector con relación ao acontecido recentemente con Menorca: *queremos facer un chamamento o Concello para que ate ben as condicións e frecuencias coas compañías cando chegue a un acordo.*

*Uno todo que podríamos resumir en estas palabras de un representante del sector en relación con lo sucedido recientemente con Menorca:* queremos hacer un llamamiento al Ayuntamiento para que ate bien las condiciones y frecuencias con las compañías cuando llegue a un acuerdo.

Un despropósito que non é alleo á xestión turística municipal. Recentemente limos uns chíos dun encontro co sector para presentar as liñas estratéxicas do futuro turístico para Coruña. O certo é que se quedaron nunhas fotos, porque da estratexia pouco se falou, e saben por que? Porque non a hai. Unha presentación á que non fomos invitados os membros do Consorcio, pero logo gústanos falar daquilo do diálogo coa oposición, achegar posturas e alcanzar acordos. Igual que lles gusta falar de transparencia e bo goberno, cando o que tivemos na elección do novo xerente foi un proceso opaco. El mesmo nunha entrevista recoñeceu aceptar o cargo. Lonxe queda esta expresión para quen concorreu a un proceso selectivo con todas as garantías, non cren? Intentamos, sen éxito, que se nos desen explicacións sobre todas as irregularidades do proceso, dende a destitución da anterior titular ata a nova designación. Congratúlanos a experiencia do novo xerente, o seu talento, o seu talante e o seu amor á Coruña. Sabemos que fará todo o posible ou todo o que estea na súa man, pero non as formas do PSOE. Era fácil facelo ben, pero optaron por un proceso viciado, cheo de sombras e que debería ser nulo dende o inicio. Pero de sombras tamén sabe moito o Bloque Nacionalista Galego. Ensínoo, señor Jorquera?, ensínoo, señora Avia, que agora mesmo non a vexo? En serio, Racha co Xacobeo? Insisto, en serio? Rachan co turismo, coa hostalería, moi afectados pola pandemia e que agora aspiran a

*Un despropósito que no es ajeno a la gestión turística municipal. Recientemente leímos unos tuits de un encuentro con el sector para presentar las líneas estratégicas del futuro turístico para Coruña. Lo cierto es que se quedaron en unas fotos, porque de la estrategia poco se habló, y ¿saben por qué? Porque no la hay. Una presentación a la que no fuimos invitados los miembros del Consorcio, pero después nos gusta hablar de aquello del diálogo con la oposición, acercar posturas y alcanzar acuerdos. Igual que les gusta hablar de transparencia y buen gobierno, cuando lo que tuvimos en la elección del nuevo gerente fue un proceso opaco. Él mismo en una entrevista reconoció aceptar el cargo. Lejos queda esta expresión para quien concurrió a un proceso selectivo con todas las garantías, ¿no creen? Intentamos, sin éxito, que se nos diesen explicaciones sobre todas las irregularidades del proceso, desde la destitución de la anterior titular hasta la nueva designación. Nos congratula la experiencia del nuevo gerente, su talento, su talante y su amor a A Coruña. Sabemos que hará todo lo posible o todo lo que esté en su mano, pero no las formas del PSOE. Era fácil hacerlo bien, pero optaron por un proceso viciado, lleno de sombras y que debería ser nulo desde el inicio. Pero de sombras también sabe mucho el Bloque Nacionalista Galego ¿Lo enseño, señor Jorquera?, ¿lo enseño, señora Avia, que ahora mismo no la veo? En serio, ¿rompe con el Xacobeo? Insisto, ¿en serio? Rompen con el turismo, con la hostelería, muy afectados por la pandemia y que*

recuperarse grazas a este Xacobeo bianual. Rachan con símbolos culturais da nosa terra. Rachan coa marca Galicia. Estamos acostumados ao radicalismo do Bloque e isto non nos colle por sorpresa pero é certo que Galicia non se merece este tipo de campañas. Falamos de peregrinación, non de ideas peregrinas exportadas. Fíxense que o matiz non é pequeno. Por que esa turismofobia? Non están vostedes na realidade dunha Galicia, dun modelo turístico que desfruta de forma tranquila e non masificado. Foi un intento moi feo para desacreditar a estes sectores económicos, polo que lles pedimos que non volvan poñer en dúbida o seu traballo e que non volvan a atacar o prestixio da marca Galicia no mundo. Vaia peregrinación dura a que temos que facer, etapas nas que o Goberno racha con Alvedro e nas que os seus socios de Goberno rachan co Xacobeo. Así non.

*ahora aspiran a recuperarse gracias a este Xacobeo bianual. Rompen con símbolos culturales de nuestra tierra. Rompen con la marca Galicia. Estamos acostumbrados al radicalismo del Bloque y esto no nos coge por sorpresa pero es cierto que Galicia no se merece este tipo de campañas. Hablamos de peregrinación, no de ideas peregrinas exportadas. Fíjense que el matiz no es pequeño. ¿Por qué esa turismofobia? No están ustedes en la realidad de una Galicia, de un modelo turístico que disfruta de forma tranquila y no masificado. Fue un intento muy feo para desacreditar a estos sectores económicos, por lo que les pedimos que no vuelvan a poner en entredicho su trabajo y que no vuelvan a atacar el prestigio de la marca Galicia en el mundo. Vaya peregrinación dura la que tenemos que hacer, etapas en las que el Gobierno rompe con Alvedro y en las que sus socios de Gobierno rompen con el Xacobeo. Así no.*

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

**<u>Presidencia</u>**

***<u>Presidencia</u>***

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

En serio, señora Cendán?, Que é a señora Veira! De verdade, pero...tranquila, que eu... como o da petaca.

*¿En serio, señora Cendán?, ¡Qué es la señora Veira! De verdad, pero...tranquila, que yo... como el de la petaca.*

Señora Faraldo, o seu turno, dona Isabel.

*Señora Faraldo, su turno, doña Isabel.*

**<u>Señora Faraldo Calvo</u>**

***<u>Señora Faraldo Calvo</u>***

Comezo, pois, señora alcaldesa.

*Comienzo, pues, señora alcaldesa.*

Cando lin a moción de turismo pensei que iamos atoparmos cunha moción propositiva neste eido, aproveitando o repunte que pareceu apreciarse no turismo na nosa cidade este verán e pensei que se falaría das potencialidades na nosa cidade a nivel turístico, para

*Cuando leí la moción de turismo pensé que nos íbamos a encontrar con una moción propositiva en este campo, aprovechando el repunte que pareció apreciarse en el turismo en nuestra ciudad este verano y pensé que se hablaría de las potencialidades en nuestra ciudad a nivel*

completar unha estratexia de turismo sostible e desestacionalizado, destacando, pois, rutas verdes do entorno da cidade, turismo de eventos, dinamizando os museos e a oferta cultural ou todas as posibilidades de ter unha cidade rodeada polo mar. Pero me atopei, primeiro, que o tema era unha reprimenda, máis que oportuna, ao Goberno municipal polas perdas de voos e de conexións do aeroporto de Alvedro onde poderíamos entrar a valorar, pois non cabe dúbida que é unha mala nova en canto á perda de identidade da nosa cidade e do noso aeroporto. As xestións realizadas ou deixadas de realizar está claro que non defenden debidamente os intereses da Coruña. É importante as comunicacións cos aeroportos, que no caso de Galicia é lamentable. No caso da nosa cidade, tamén. As aeroliñas prefiren, como non, poñer destinos como por exemplo a Oporto, se ata desde A Coruña temos autobuses ao aeroporto luso. Pero logo me atopo cunha guerra aberta entre o PP e o BNG na que nin pincho nin corto. É unha campaña das xuventudes de Galiza Nova que podendo ser máis ou menos atinada non me corresponde a min xulgala, non como concelleira. Do mesmo xeito, aproveita o PP coruñés para meterlle o dente ao alcalde de Vigo, que non digo eu que non as teña merecidas, pero non é a casus belli deste Pleno. Só unha anotación: sendo como é o Xacobeo, no que respecta ao sector turístico, un dinamizador, o que si cremos e que temos que replantearmos a nivel galego, é non fialo todo a este evento. Non pode ser que recaia nos cidadáns e nas cidadás galegas os custos de mantemento do camiño. Urxe a taxa turística. Perdemos recursos, non só é unha cuestión de posicionar o Xacobeo, que tamén e que ben. Pero é importante que xere cartos, inversións e postos de traballo. O turismo de albergue, con todo o positivo que é a outros niveis, non mantén o

*turístico, para completar una estrategia de turismo sostenible y desestacionalizado, destacando, pues, rutas verdes del entorno de la ciudad, turismo de eventos, dinamizando los museos y la oferta cultural o todas las posibilidades de tener una ciudad rodeada por el mar. Pero me encontré, primero, que el tema era una reprimenda, más que oportuna, al Gobierno municipal por las pérdidas de vuelos y de conexiones del aeropuerto de Alvedro donde podríamos entrar a valorar, pues no cabe duda que es una mala noticia en cuanto a la pérdida de identidad de nuestra ciudad y de nuestro aeropuerto. Las gestiones realizadas o dejadas de realizar claro está que no defienden debidamente los intereses de A Coruña. Es importante las comunicaciones con los aeropuertos, que en el caso de Galicia es lamentable. En el caso de nuestra ciudad, también. Las aerolíneas prefieren, como no, poner destinos como por ejemplo a Oporto, si hasta desde A Coruña tenemos autobuses al aeropuerto luso. Pero después me encuentro con una guerra abierta entre el PP y el BNG en la que ni pincho ni corto. Es una campaña de las juventudes de Galicia Nova que pudiendo ser más o menos acertada no me corresponde a mí juzgarla, no como concejala. Del mismo modo, aprovecha el PP coruñés para meterle el diente al alcalde de Vigo, que no digo yo que no las tenga merecidas, pero no es la casus belli de este Pleno. Solo una anotación: siendo como es el Xacobeo, en lo que respecta al sector turístico, un dinamizador, lo que sí creemos y que tenemos que replantearnos a nivel gallego, es no fiarlo todo a este evento. No puede ser que recaiga en los ciudadanos y en las ciudadanas gallegas los costes de mantenimiento del camino. Urge la tasa turística. Perdemos recursos, no solo es una cuestión de posicionar el Xacobeo, que también y qué bien. Pero es importante que genere dinero, inversiones y puestos de trabajo. El turismo de*

camiño. O Xacobeo é alimentado por Patrimonio, Infraestruturas, partidas orzamentarias de Europa e o que leva a Igrexa. Digo eu de rachar co Xacobeo? Nin moito menos, pero insisto, non se pode fiar todo en turismo galego a este evento. Con todo este merecumbé, tan despistada cando cheguei aos acordos, entre a mezcla de Santiago Apóstolo con Alvedro, quedei totalmente embrollada. Podería votar a favor na parte que se refire ao aeroporto pero ante o totum revolutum voume abster. Grazas.

*albergue, con todo lo positivo que es a otros niveles, no mantiene el camino. El Xacobeo es alimentado por Patrimonio, Infraestructuras, partidas presupuestarias de Europa y lo que lleva la Iglesia. ¿Digo yo de romper con el Xacobeo? Ni mucho menos, pero insisto, no se puede fiar todo en turismo gallego a este evento. Con todo este merecumbé, tan despistada cuando llegué a los acuerdos, entre la mezcla de Santiago Apóstol con Alvedro, quedé totalmente embrollada. Podría votar a favor en la parte que se refiere al aeropuerto pero ante el totum revolutum me voy a abstener. Gracias.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señora Faraldo.

Polo Bloque Nacionalista Galego, señor Jorquera.

**Señor Jorquera Caselas**

Señora alcaldesa, non sei se os tempos de debate desta moción habería que multiplicalos por tres. Digo isto porque o PP anunciou que presentaría en Pleno unha moción pola perda de rutas e voos con Alvedro -preocupación que compartimos- pero finalmente atopámonos cunha moción onde á parte de falar en termos apocalípticos, cito textualmente: do peche de Alvedro, e enumerar unha serie de reivindicacións, por moito que no fondo poidamos estar de acordo, que pola forma en que están redactadas máis ben semellan unha carta os reis magos, nesta moción fálase tamén de non sei que problemas coa sinalética do camiño de Santiago entre a Xunta de Galiza e o alcalde de Vigo, un problema, sen dúbida, de primeira orde para a cidade da Coruña. E desenvolve todo un argumentario en defensa do Xacobeo por mor dunha campaña presentada por unha

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora Faraldo.*

*Por el Bloque Nacionalista Galego, señor Jorquera.*

***Señor Jorquera Caselas***

*Enlazando con el debate anterior, si antes sugería que se triplicara el tiempo para fijar posición ahora quizás debería proponer todo lo contrario, porque en esta moción el PP apela exclusivamente a la alcaldesa y al grupo de Gobierno. Por esto voy a intentar ser sucinto. El BNG nunca se opuso a que el Gobierno dialogue con todos los grupos, ni a que a todos los grupos dialoguen entre sí. Coincidimos en que el Área Metropolitana es una cuestión llave, por mucho que ustedes nunca parecieron entenderlo así y nosotros también echamos en falta un diálogo sobre el área en la que participen todos los grupos, máxime, cuando fue el BNG quien en junio presentó una moción denunciando la parálisis en el inicio del procedimiento e instando a darle impulso. Pero además, echamos en falta el diálogo con el resto de los ayuntamientos de la comarca, porque para que el Área Metropolitana llegue a ser una realidad, es indispensable su concurso y no pueden ser tratados como comparsas. Y también echamos en falta diálogo sobre el puerto. Nos enteramos por la prensa de las propuestas del Gobierno municipal, ni procuró negociarlas ni nos informó de las mismas, ni tan siquiera nos aportó en tiempo y*

que ese diálogo servise para afortalar posicións que este Pleno acordou por unanimidade, como demandar a condonación da débeda do porto en vez de pactar pola porta de atrás pagar polo que xa é de todos. Por tanto, estamos a favor de que se dialogue e se explore a posibilidade de chegar a acordos.

*forma la documentación. Lo que sí nos gustaría es que ese diálogo sirviera para fortalecer posiciones que este Pleno acordó por unanimidad, como demandar la condonación de la deuda del puerto en vez de pactar por la puerta de atrás pagar por lo que ya es de todos. Por tanto, estamos a favor de que se dialogue y se explore la posibilidad de llegar a acuerdos.*

**Ás dezaseis horas e corenta minutos entra no Salón de Sesións o señor Coira Andrade.**

***A las dieciséis horas y cuarenta minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Coira Andrade.***

Que acontece? Que non cremos nas políticas neutras, incoloras, inodoras e insípidas. Dependendo de onde se establezan as prioridades as políticas serven a uns fins ou outros. Os Orzamentos son un exemplo: pódese apostar polas rebaixas fiscais xeralizadas -como seguen defendendo vostedes- ou pódese apostar por unha política de gasto que permita, a través do investimento, fortalecer a recuperación da actividade económica e a xeración de emprego e reforzando determinados programas, combater as desigualdades acentuadas pola actual situación. Pero conciliar iso co que propoñen vostedes é difícil. Non acostuma ser doado sorber e soprar ao mesmo tempo. Ademais, a señora Rey resultou electa en virtude duns acordos de investidura, acordos que contemplaban, entre outros compromisos, o de negociar os Orzamentos de xeito prioritario coas forzas asinantes. Mais, como queira que o BNG non defende a exclusión a priori de ninguén e esta moción a quen apela é á alcaldesa e ao grupo de Goberno, ímonos abster na votación desta moción e anticipo que faremos o mesmo a respecto das dúas emendas presentadas. Moitas grazas.

*¿Qué sucede? Que no creemos en las políticas neutras, incoloras, inodoras e insípidas. Dependiendo de dónde se establezcan las prioridades las políticas sirven a unos fines u otros. Los Presupuestos son un ejemplo: se puede apostar por las rebajas fiscales generalizadas -como siguen defendiendo ustedes- o se puede apostar por una política de gasto que permita, a través de la inversión, fortalecer la recuperación de la actividad económica y la generación de empleo y reforzando determinados programas, combatir las desigualdades acentuadas por la actual situación. Pero conciliar eso con lo que proponen ustedes es difícil. No suele ser fácil sorber y soplar al mismo tiempo. Además, la señora Rey resultó electa en virtud de unos acuerdos de investidura, acuerdos que contemplaban, entre otros compromisos, el de negociar los Presupuestos de manera prioritaria con las fuerzas firmantes. Pero, como quiera que el BNG no defiende la exclusión a priori de nadie y esta moción a quien apela es a la alcaldesa y al grupo de Gobierno, nos vamos a abstener en la votación de esta moción y anticipo que haremos lo mismo respecto a las dos enmiendas presentadas. Muchas gracias.*

**<u>Presidencia</u>**

***<u>Presidencia</u>***

Moitas grazas, señor Jorquera.

Pola Marea Atlántica, señora García.

**Señora García Gómez**

Grazas.

Todas as forzas políticas do Pleno e a concelleira non adscrita temos o dereito, pero o deber, tamén, de trasladar ao Goberno municipal e a este salón de plenos a nosa iniciativa política e incluso é un imperativo legal, como falaremos máis tarde, protexido na Constitución. Pero é tamén un imperativo cando un Goberno goberna en minoría e necesita de alianzas para aprobar as políticas fundamentais do Concello.

A Marea Atlántica está permanentemente trasladando a este salón de plenos e o Goberno local a súa iniciativa política. Favoreceu a investidura de Inés Rey en 2019; facilitou, por fin, a aprobación duns Orzamentos municipais —a cidade xa non podía continuar nesa situación de bloqueo que se viviu no pasado mandato—; facilitou, tamén, a aprobación das ordenanzas fiscais e non só cos seus votos, senón tamén coas súas ideas, o seu traballo de estudo, as súas propostas e as súas iniciativas.

A Marea Atlántica tamén formulou un convite ao Goberno local e empezar a negociar xa os Orzamentos de 2022, facendo fincapé en que había un montón de acordos sen cumprir que había que poñer ao día antes de facilitar unhas novas contas para o Concello.

Tamén é iniciativa da Marea Atlántica o impulso da Área Metropolitana que o Partido Popular nunca facilitou. Agora pide, efectivamente, consenso e diálogo,

*Muchas gracias, señor Jorquera.*

*Por la Marea Atlántica, señora García.*

***Señora García Gómez***

*Gracias.*

*Todas las fuerzas políticas del Pleno y la concejala no adscrita tenemos el derecho, pero la obligación, también, de trasladar al Gobierno municipal y a este salón de plenos nuestra iniciativa política e incluso es un imperativo legal, como hablaremos más tarde, protegido en la Constitución. Pero es también un imperativo cuando un Gobierno gobierna en minoría y necesita alianzas para aprobar las políticas fundamentales del Ayuntamiento.*

*La Marea Atlántica está permanentemente trasladando a este salón de plenos y al Gobierno local su iniciativa política. Favoreció la investidura de Inés Rey en 2019; facilitó, por fin, la aprobación de unos Presupuestos municipales —la ciudad ya no podía continuar en esa situación de bloqueo que se vivió en el pasado mandato—; facilitó, también, la aprobación de las ordenanzas fiscales y no solo con sus votos, sino también con sus ideas, su trabajo de estudio, sus propuestas y sus iniciativas.*

*La Marea Atlántica también formuló una invitación al Gobierno local para empezar a negociar ya los Presupuestos de 2022, haciendo hincapié en que había un montón de acuerdos sin cumplir que había que poner al día antes de facilitar unas nuevas cuentas para el Ayuntamiento.*

*También es iniciativa de la Marea Atlántica el impulso del Área Metropolitana que el Partido Popular nunca facilitó. Ahora pide, efectivamente,*

pero tamén o tiña que ter amosado, seguramente, pois moito antes, con estes temas clave de cidade.

*consenso y diálogo, pero también lo tenía que haber mostrado, seguramente, pues mucho antes, con estos temas clave de ciudad.*

A Marea Atlántica está amosando unha actitude crítica, algunhas veces moi crítica, pero creo que sempre construtiva, produtiva, propositiva e antepoñendo os intereses da cidade.

*La Marea Atlántica está mostrando una actitud crítica, algunas veces muy crítica, pero creo que siempre constructiva, productiva, propositiva y anteponiendo los intereses de la ciudad.*

O Goberno en minoría é libre de decidir cales son as súas alianzas, é libre de coidalas ou de non coidalas ou o que sexa, pero bueno, sempre tendo en conta que as matemáticas son infalibles, as matemáticas non son flexibles, as matemáticas non fallan. Entón, bueno, a partir de aí entendemos que vai primar a política e o sentido común. A Marea Atlántica, en todo caso, seguirá cunha actitude que antepón sempre o interese da cidade. Moitas grazas.

*El Gobierno en minoría es libre de decidir cuáles son sus alianzas, es libre de cuidarlas o de no cuidarlas o lo que sea, pero bueno, siempre toda vez que las matemáticas son infalibles, las matemáticas no son flexibles, las matemáticas no fallan. Entonces, bueno, a partir de ahí entendemos que va a primar la política y el sentido común. La Marea Atlántica, en todo caso, seguirá con una actitud que antepone siempre el interés de la ciudad. Muchas gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señora García.

*Muchas gracias, señora García.*

Pecha o debate, polo Grupo Socialista, o señor Lage.

*Cierra el debate, por el Grupo Socialista, el señor Lage.*

**Señor Lage Tuñas**

***Señor Lage Tuñas***

Señora Gallego, despois de ver a súa proposta e de ver a emenda que presenta o Grupo Socialista e o Grupo da Marea Atlántica, non sei onde ve vostede un problema, basicamente porque creo que o que se pon sobre a mesa non é nin máis nin menos que unha realidade. Todos os grupos políticos contribúen, teñen contribuído e poden contribuír a chegar a acordos, pero quero recordarlle algo, por se vostede tivera unha laguna puntual na súa memoria. Vostede, no primeiro semestre deste ano estaba traballando noutra dirección, é dicir, cando lle facía cuchi cuchi á Marea,

*Señora Gallego, después de ver su propuesta y de ver la enmienda que presenta el Grupo Socialista y el Grupo de la Marea Atlántica, no sé dónde ve usted un problema, básicamente porque creo que lo que se pone sobre la mesa no es nada más y nada menos que una realidad. Todos los grupos políticos contribuyen, han contribuido y pueden contribuir a llegar a acuerdos, pero quiero recordarle algo, por si usted tuviese una laguna puntual en su memoria. Usted, en el primer semestre de este año estaba trabajando en otra dirección, es decir, cuando le hacía cuchi cuchi a la Marea,*

claro, non me viña a falar de a ver se chegábamos a un acordo. Si...bueno, supoño que se entende. Cando vostede traballaba de forma decidida coa Marea para ver se facían unha pinza, pois, eu non a vin nada preocupada porque a señora Faraldo opinara, nin o señor Joquera. É máis, recordo como explicou en Comisión e en Pleno que aquí só sumaban dous grupos para que houbese maioría. Vostede non quixo abrir o diálogo que quixo abrir a Marea Atlántica. O único que fixo o grupo de Goberno foi recoller o ofrecemento da Marea, ese espazo que se abriu de diálogo se produciu antes de que nos fóramos de...non sei se de vacacións, colleron, non sei o tempo que estiveron, non me meto niso, pero no último Pleno creo que quedou ben claro que había un grupo político que, con todas as diferenzas que poida haber, estaba disposto a buscar un entendemento para que houbera uns Orzamentos progresistas nesta cidade. Vostede tivo outra posición e outra actitude. Hoxe, en setembro, o que se constata é que todos os grupos queren chegar a acordos co Goberno e nós felicitámolos. Non nos felicitamos nós, felicitámolos a vostedes porque queiran ter unha posición construtiva. Por tanto, non hai ningunha porta pechada, pero comprenderán que aberto un espazo de diálogo co Grupo da Marea Atlántica é razoable que se profundice nese terreo.

*claro, no me venía a hablar a ver si llegábamos a un acuerdo. Sí... bueno, supongo que se entiende. Cuando usted trabajaba de forma decidida con la Marea para ver si hacían una pinza, pues, yo no la vi nada preocupada porque la señora Faraldo opinase, ni el señor Joquera. Es más, recuerdo cómo explicó en Comisión y en Pleno que aquí solo sumaban dos grupos para que hubiera mayoría. Usted no quiso abrir el diálogo que quiso abrir la Marea Atlántica. Lo único que hizo el grupo de Gobierno fue recoger la oferta de la Marea, ese espacio que se abrió de diálogo se produjo antes de que nos fuésemos...no sé si de vacaciones, cogieron, no sé el tiempo que estuvieron, no me meto en eso, pero en el último Pleno creo que quedó bien claro que había un grupo político que, con todas las diferencias que pueda haber, estaba dispuesto a buscar un entendimiento para que hubiese unos Presupuestos progresistas en esta ciudad. Usted tuvo otra posición y otra actitud. Hoy, en septiembre, lo que se constata es que todos los grupos quieren llegar a acuerdos con el Gobierno y nosotros les felicitamos. No nos felicitamos nosotros, les felicitamos a ustedes porque quieran tener una posición constructiva. Por tanto, no hay ninguna puerta cerrada, pero comprenderán que abierto un espacio de diálogo con el Grupo de la Marea Atlántica es razonable que se profundice en ese terreno.*

Non sei onde está o problema pero si sei que cando se falou de impulsar a Área Metropolitana, no Pleno de 3 de outubro de 2019, se chegou a un primeiro acordo. O único grupo político que non votou a favor foi o Partido Popular. Non sei se vostede o recorda. O digo por facer memoria. Polo tanto, señora Gallego, hoxe púxose de manifesto que é posible entenderse unha vez máis. Recórdolle que vostede, a voceira da Marea Atlántica e eu mesmo como voceiro do

*No sé dónde está el problema pero sí sé que cuando se habló de impulsar el Área Metropolitana, en el Pleno de 3 de octubre de 2019, se llegó a un primer acuerdo. El único grupo político que no votó a favor fue el Partido Popular. No sé si usted lo recuerda. Lo digo por hacer memoria. Por lo tanto, señora Gallego, hoy se puso de manifiesto que es posible entenderse una vez más. Le recuerdo que usted, la portavoz de la Marea Atlántica y yo mismo como portavoz del Grupo*

Grupo Socialista, firmamos un acordo sobre o porto, do que vostedes levan falando moito tempo, hoxe mesmo. É dicir, é compatible, non é incompatible ese diálogo do que vostede fala, de que alguén nos exclúe. Onde os excluímos? Vostede formou parte do acordo do PRESCO. O que faría ben é en defendelo, non en criticalo, pero iso xa é cousa súa. Claro que foi positivo e claro que chegamos a acordos! E ogallá cheguemos a máis acordos! Pero, señora Gallego, creo que vostede o que non pode é querer condicionar que o Goberno fale con todos os grupos.

*Socialista, firmamos un acuerdo sobre el puerto, del que ustedes llevan hablando mucho tiempo, hoy mismo. Es decir, es compatible, no es incompatible ese diálogo del que usted habla, de que alguien nos excluye ¿Dónde los excluimos? Usted formó parte del acuerdo del PRESCO. Lo que haría bien es en defenderlo, no en criticarlo, pero eso ya es cosa suya ¡Claro que fue positivo y claro que llegamos a acuerdos! ¡Y ojalá lleguemos a más acuerdos! Pero, señora Gallego, creo que usted lo que no puede es querer condicionar que el Gobierno hable con todos los grupos.*

Vostede propón unha rebaixa indiscriminada de impostos e nós xa o dixemos dende que chegamos ao Concello que non estamos na mesma onda, señora Gallego. Poderíamos chegar a acordos? Bueno, poderíamos chegar a acordos puntuais. Estamos a falar coa Marea Atlántica e non excluímos as achegas de ningún outro grupo, por suposto **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** e —remato señora alcaldesa— creo que a man está tendida a todas e a todos. O que creo é que non se pode dicir unha cousa e facer a contraria. Polo tanto, nós o que estamos é practicando o que levamos dicindo moito tempo: que hai que poñer os intereses da cidade por riba dos intereses partidarios.

*Usted propone una rebaja indiscriminada de impuestos y nosotros ya lo dijimos desde que llegamos al Ayuntamiento que no estamos en la misma onda, señora Gallego ¿Podríamos llegar a acuerdos? Bueno, podríamos llegar a acuerdos puntuales. Estamos hablando con la Marea Atlántica y no excluimos las aportaciones de ningún otro grupo, por supuesto* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *y —finalizo, señora alcaldesa— creo que la mano está tendida a todas y a todos. Lo que creo es que no se puede decir una cosa y hacer la contraria. Por lo tanto, nosotros lo que estamos es practicando lo que llevamos diciendo mucho tiempo: que hay que poner los intereses de la ciudad por encima de los intereses partidarios.*

Creo que en moitas ocasións se chegaron a acordos. Fíxese se se chegaron a acordos que a metade dos acordos deste Pleno foron por unanimidade, señora Gallego. Polo tanto, sexamos positivos, vostedes teñen unha posición política diferente e partidaria pero iso non impide a busca de entendemento e ao mellor a próxima vez, cando en vez de intentar achuchar ao Goberno e querer facer unha pinza, en vez de que faga cuchi cuchi coa

*Creo que en muchas ocasiones se llegó a acuerdos. Fíjese si se llegó a acuerdos que la mitad de los acuerdos de este Pleno fue por unanimidad, señora Gallego. Por lo tanto, seamos positivos, ustedes tienen una posición política diferente y partidaria pero eso no impide la búsqueda de entendimiento y a lo mejor la próxima vez, cuando en vez de intentar achuchar al Gobierno y querer hacer una pinza, en vez de que haga cuchi cuchi con la Marea,*

Marea, pois fágao comigo, porque ao mellor **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)** pois tamén é posible. Bueno, a ver... hai que apañarse co que hai **(risos)**.

*pues hágalo conmigo, porque a lo mejor **(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)** pues también es posible. Bueno, a ver... hay que apañarse con lo que hay **(risas)**.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Ben, grazas, señor Lage.

*Bien, gracias, señor Lage.*

Aceptou a emenda de adición da concelleira non adscrita, polo tanto esa non se vota.

*Aceptó la enmienda de adición de la concejala no adscrita, por tanto esa no se vota.*

Pasamos á votación en primeiro lugar, da emenda de substitución presentada polo Grupo Socialista e a Marea Atlántica. De non prosperar se votaría a moción.

*Pasamos a la votación en primer lugar, de la enmienda de sustitución presentada por el Grupo Socialista y la Marea Atlántica. De no prosperar se votaría la moción.*

**Votación da emenda de substitución conxunta dos Grupos Municipais Socialista e Marea Atlántica á terceira moción do Grupo Municipal Popular**

***Votación de la enmienda de sustitución conjunta de los Grupos Municipales Socialista y Marea Atlántica a la tercera moción del Grupo Municipal Popular***

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a emenda de substitución conxunta dos Grupos Municipais Socialista e Marea Atlántica á terceira moción do Grupo Municipal Popular, sobre diálogo e consenso, producíndose o seguinte resultado:

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la enmienda de sustitución conjunta de los Grupos Municipales Socialista y Marea Atlántica a la tercera moción del Grupo Municipal Popular, sobre diálogo y consenso, produciéndose el siguiente resultado:*

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).*

Vota en contra o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

*Vota en contra el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).*

Vota a favor o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (5 votos).

*Vota a favor el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (5 votos).*

Abstense o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 abstencións).

*Se abstiene el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 abstenciones).*

Vota a favor a concelleira non adscrita Dª. Mónica Martínez Lema (1 voto).

*Vota a favor la concejala no adscrita Dª. Mónica Martínez Lema (1 voto).*

Vota a favor a concelleira non adscrita Dª. Isabel Faraldo Calvo (1 voto).

*Vota a favor la concejala no adscrita Dª. Isabel Faraldo Calvo (1 voto).*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas. Queda aprobada.

*Muchas gracias. Queda aprobada.*

**145. Moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular sobre diálogo e consenso, emendada polos Grupos Municipais do Partido Socialista e da Marea Atlántica**

***145. Moción presentada por el Grupo Municipal del Partido Popular sobre diálogo y consenso, emendada por los Grupos Municipales del Partido Socialista y de la Marea Atlántica***

**Acordo**

***Acuerdo***

Instar o Goberno local a tomar en consideración as achegas que calquera grupo municipal poida formular aos temas de cidade, como son, entre outros, os relativos ao debate portuario, o impulso da Área Metropolitana ou os Orzamentos de 2022.

*Instar al Gobierno local a tomar en consideración las aportaciones que cualquier grupo municipal pueda formular a los temas de ciudad, como son, entre otros, los relativos al debate portuario, el impulso del Área Metropolitana o los Presupuestos de 2022.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Remata aquí o debate das mocións.

*Finaliza aquí el debate de las mociones.*

Pasamos xa ás preguntas de resposta oral, comezando pola concelleira non adscrita, señora Faraldo.

*Pasamos ya a las preguntas de respuesta oral, comenzando por la concejala no adscrita, señora Faraldo.*

Poden saír os que o desexen, concelleiros, concelleiras, poden abandonar o Salón...si, si, saian.

*Pueden salir los que lo deseen, concejales, concejalas, pueden abandonar el Salón...sí, sí, salgan.*

**Ás dezaseis horas e corenta e nove minutos saen do Salón de Sesións as señoras Cameán Calvete, Sobral Cabanas e Cendán Gayoso, e o señor Celemín Santos.**

***A las dieciséis horas y cuarenta y nueve minutos salen del Salón de Sesiones las señoras Cameán Calvete, Sobral Cabanas y Cendán Gayoso, y el señor Celemín Santos.***

Ben, señora Faraldo, a primeira das súas preguntas sobre o complexo deportivo do Castrillón. Adiante.

*Bien, señora Faraldo, la primera de sus preguntas sobre el complejo deportivo del Castrillón. Adelante.*

**3º. Preguntas de resposta oral**

***3º. Preguntas de respuesta oral***

**PREGUNTAS DE RESPOSTA ORAL PRESENTADAS POLA CONCELLEIRA NON ADSCRITA, D.ª ISABEL FARALDO CALVO**

**Primeira. Pregunta de resposta oral sobre a necesidade de reforzar a piscina do Complexo Deportivo do Castrillón.**

**Señora Faraldo Calvo**

Grazas, señora alcaldesa.

Volvemos ó tema da piscina do Castrillón, que tanto malestar nos está causando a uns e a outras.

Con respecto á situación desa piscina no Complexo Deportivo do Castrillón, o informe que se nos pasou na última Comisión de Deportes relata un histórico cronolóxico que vén desde febreiro, e non é ata xullo, case ata finais de xullo, e a golpe de noticia en prensa, que nos enteramos de que EMVSA veuse obrigada a reforzar a piscina do Castrillón tras detectar problemas na proba de recheo. Como os veciños e as veciñas non van a alarmarse. Que necesidade había de chegar a estos termos?

**Ás dezaseis horas e cincuenta e un minutos entra no Salón de Sesións a señora Sobral Cabanas.**

Eu podería pensar que pola miña situación tan *sui generis* non estaba ó tanto, pero que na convocatoria da Asociación de Veciños do Castrillón, Urbanización Soto LAR, comprobo que o resto da oposición, máis curtida neste tema, estaba coma min: ningún dato por parte da concellería pertinente, nin do Goberno local, que nos puxera en antecedentes do ocurrido nin das medidas que se estaban a tomar. Tal é a

***PREGUNTAS DE RESPUESTA ORAL PRESENTADAS POR LA CONCEJALA NO ADSCRITA, D.ª ISABEL FARALDO CALVO***

***Primera. Pregunta de respuesta oral sobre la necesidad de reforzar la piscina del Complejo Deportivo del Castrillón.***

***Señora Faraldo Calvo***

*Gracias, señora alcaldesa.*

*Volvemos al tema de la piscina del Castrillón, que tanto malestar nos está causando a unos y a otras.*

*Con respecto a la situación de esa piscina en el Complejo Deportivo del Castrillón, el informe que se nos pasó en la última Comisión de Deportes relata un histórico cronológico que viene desde febrero, y no es hasta julio, casi hasta finales de julio, y a golpe de noticia en prensa, que nos enteramos de que EMVSA se vio obligada a reforzar la piscina del Castrillón tras detectar problemas en la prueba de relleno. Cómo los vecinos y las vecinas no van a alarmarse ¿Qué necesidad había de llegar la estos términos?*

***A las dieciséis horas y cincuenta y un minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Sobral Cabanas.***

*Yo podría pensar que por mi situación tan sui generis no estaba al tanto, pero que en la convocatoria de la Asociación de Vecinos del Castrillón, Urbanización Soto LAR, compruebo que el resto de la oposición, más curtida en este tema, estaba como yo: ningún dato por parte de la concejalía pertinente, ni del Gobierno local, que nos pusiera en antecedentes de lo ocurrido ni de las medidas que se estaban tomando. Tal es la cicatería a la*

cicatería á hora de trasladar datos que incluso no informe que se nos deu na Comisión do martes fai referencia a un informe da empresa de control Gestecnic que nin se nos aporta. É dicir, vamos ter que solicitalo a maiores.

En todo caso, o básico documento que se nos entrega —e digo básico en toda a extensión da expresión— é canto menos relevante no sentido que se recoñece que a estrutura non cumpre os requisitos mínimos e, polo tanto, exixe dunha intervención inmediata para reforzala.

Certo é que a valoración dos técnicos ós que consultamos, din que non ten que dar problemas si se executa ben e queda debidamente reforzada. Sobreentendemos, á vista do informe, que serán os propios proxectistas da reforma os que asuman o coste da mesma.

Ante tales desatinos, que non dudamos que sexan solucionables e que teñan ademais boa solución, lanzar primeiro a crítica pola falta de información e transparencia que evitase os recelos que agora sobrevoan neste tema e lanzo as seguintes preguntas: aínda que aparece no informe, creo que é positivo hoxe neste pleno relatar cales foron os problemas concretos atopados, que tipo de intervención vai a facerse e aclarar se estamos entendendo ben que o coste será asumido polos proxectistas da reforma.

Grazas.

**Ás catorce horas e cincuenta e tres minutos entra no Salón de Sesións a señora Cameán Calvete.**

**<u>Presidencia</u>**

*hora de trasladar datos que incluso en el informe que se nos dio en la Comisión del martes hace referencia a un informe de la empresa de control Gestecnic que ni se nos aporta. Es decir, vamos a tener que solicitarlo la mayores.*

*En todo caso, el básico documento que se nos entrega —y digo básico en toda la extensión de la expresión— es cuanto menos relevante en el sentido que se reconoce que la estructura no cumple los requisitos mínimos y, por lo tanto, exige de una intervención inmediata para reforzarla.*

*Cierto es que la valoración de los técnicos a los que consultamos, dicen que no tiene que dar problemas si se ejecuta bien y queda debidamente reforzada. Sobreentendemos, a la vista del informe, que serán los propios proyectistas de la reforma los que asuman el coste de la misma.*

*Ante tales desatinos, que no dudamos que sean solucionables y que tengan además buena solución, lanzar primero la crítica por la falta de información y transparencia que evitara los recelos que ahora sobrevuelan en este tema y lanzo las siguientes preguntas: aunque aparece en el informe, creo que es positivo hoy en este pleno relatar cuáles fueron los problemas concretos encontrados, qué tipo de intervención va a hacerse y aclarar si estamos entendiendo bien que el coste será asumido por los proyectistas de la reforma.*

*Gracias.*

***A las catorce horas y cincuenta y tres minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Cameán Calvete.***

***<u>Presidencia</u>***

Moitas grazas, señora Faraldo.

Señor Lage, para responder.

**Señor Lage Tuñas**

Bueno, señora Faraldo, a verdade, sería reiterar o debate que tivemos xa con respecto ó Centro Deportivo Castrillón. Podo recordarlle —que nunca está de máis— todo o que se fixo. Recordarlle que o 5 de marzo se adxudicou o contrato das obras pendentes; que o 11 de maio comezaron por fin os traballos que levaban máis de 8 anos agardando; en novembro do ano 2020 remataron as obras cun investimento de máis de 2 millóns de euros, e despois... É solo para aclararlle, porque cóntano como se alguén ocultara algo, ou vostede non se enterou, por ser non adscrita, e os outros si se enteraron. Non, simplemente creo que non seleu un edicto no Boletín Oficial da Provincia explicando que atoparan unha serie de problemas. Bueno, creo que fixeron o razoable, e a empresa que acometeu as actuacións tamén instalou uns testigos para o control do asentamento da obra, a detección de posibles deformacións. Tralas probas de enchido do vaso se detectou un problema estrutural, concretamente que a lousa do fondo do vaso non cumpre a normativa da seguridade tal como estaba, e o 10 de febreiro llo trasladaron á promotora. Quen asume os custes? Pois a promotora ten que asumir o custe total dos traballos necesarios, achega o 13 de abril unha proposta, a proposta de enxeñería para solucionar o problema.

Cales foron os problemas? Creo que está contestado. Que tipo de intervención fixeron? Creo que tamén. Bueno, 5 de xullo comezan os traballos, consisten no reforzo da estrutura da lousa mediante vigas metálicas, traballos que están neste momento na última fase de execución, e

*Muchas gracias, señora Faraldo.*

*Señor Lage, para responder.*

***Señor Lage Tuñas***

*Bueno, señora Faraldo, la verdad, sería reiterar el debate que tuvimos ya con respecto al Centro Deportivo Castrillón. Puedo recordarle —que nunca está de más— todo lo que se hizo. Recordarle que el 5 de marzo se adjudicó el contrato de las obras pendientes; que el 11 de mayo comenzaron por fin los trabajos que llevaban más de 8 años esperando; en noviembre del año 2020 finalizaron las obras con una inversión de más de 2 millones de euros, y después... Es solo para aclararle, porque lo cuenta como si alguien ocultara algo, o usted no se enteró, por ser no adscrita, y los otros sí se enteraron. No, simplemente creo que no salió un edicto en el Boletín Oficial de la Provincia explicando que habían encontrado una serie de problemas. Bueno, creo que hicieron lo razonable, y la empresa que acometió las actuaciones también instaló unos testigos para el control del asentamiento de la obra, la detección de posibles deformaciones. Tras las pruebas de llenado del vaso se detectó un problema estructural, concretamente que la losa del fondo del vaso no cumple la normativa de la seguridad tal como estaba, y el 10 de febrero se lo trasladaron a la promotora ¿Quién asume los costes? Pues la promotora tiene que asumir el coste total de los trabajos necesarios, presenta el 13 de abril una propuesta, la propuesta de ingeniería para solucionar el problema.*

*¿Cuáles fueron los problemas? Creo que está contestado ¿Qué tipo de intervención hicieron? Creo que también. Bueno, 5 de julio comienzan los trabajos, consisten en el refuerzo de la estructura de la losa mediante vigas metálicas, trabajos que están en este momento en la última fase de*

a previsión coa que conta a propia dirección de obra é que estén rematados a finais deste mes. O custe total non llo podo dicir neste momento porque entendo que está dimensionado pola propia empresa que se ocupa do mesmo e entendo que coa información que se me facilitou por parte dos servizos técnicos, quen asume o gasto tamén é neste caso o promotor, co cal creo que as uno, dous, dous bis e tres que están aquí, creo que están contestadas. Se esas eran as preguntas, pois nada, quedar a súa disposición e se necesita algunha aclaración máis, pois aquí estamos.

*ejecución, y la previsión con la que cuenta la propia dirección de obra es que estén finalizados a finales de este mes. El coste total no se lo puedo decir en este momento porque entiendo que está dimensionado por la propia empresa que se ocupa del mismo y entiendo que con la información que se me facilitó por parte de los servicios técnicos, quien asume el gasto también es en este caso el promotor, con lo cual creo que las uno, dos, dos bis y tres que están aquí, creo que están contestadas. Si esas eran las preguntas, pues nada, quedar su disposición y si necesita alguna aclaración más, pues aquí estamos.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Lage.

Señora Faraldo, seguinte pregunta.

**Segunda. Pregunta de resposta oral sobre as demandas de parte da veciñanza do Barrio das Flores en concreto os bloques A, B e C da rúa Petunias, ante o estado dos edificios.**

**Señora Faraldo Calvo**

Se ben é certo que o conxunto do Barrio das Flores é de recoñecido interese de carácter arquitectónico, sendo como foi declarado Premio Nacional de Arquitectura, tamén é certo que na actualidade o deterioro é tan grande que é inasumible frear a vontade das comunidades de veciños de rehabilitar eses bloques.

O formigón cara vista das fachadas, a pesar de estar catalogadas e ser un ben cultural, se está degradando a uns niveis perigosísimos, incumplindo as tres normas básicas de calquera edificio: accesibilidade, seguridade, habitabilidade.

***Presidencia***

*Muchas gracias, señor Lage.*

*Señora Faraldo, siguiente pregunta.*

***Segunda. Pregunta de respuesta oral sobre las demandas de parte del vecindario del Barrio de las Flores en concreto los bloques La, B y C de la calle Petunias, ante lo estado de los edificios.***

***Señora Faraldo Calvo***

*Si bien es cierto que el conjunto del Barrio de las Flores es de reconocido interés de carácter arquitectónico, siendo como fue declarado Premio Nacional de Arquitectura, también es cierto que en la actualidad el deterioro es tan grande que es inasumible frenar la voluntad de las comunidades de vecinos de rehabilitar esos bloques.*

*El hormigón cara vista de las fachadas, a pesar de estar catalogadas y ser un bien cultural, se está degradando a unos niveles peligrosísimos, incumpliendo las tres normas básicas de cualquier edificio: accesibilidad, seguridad, habitabilidad.*

En visita ó concelleiro de Urbanismo no mes de xuño levamos cascotes —pode confirmalo— de cerca de quilo e medio caídos das fachadas, que volveron a caer fai unhas semanas, a finales de agosto. Veciños teñen vídeos do interior das súas casas onde se pode comprobar como entra auga da chuvia polos tellados.

*En visita al concejal de Urbanismo en el mes de junio llevamos cascotes —puede confirmarlo— de cerca de kilo y medio caídos de las fachadas, que volvieron a caer hace unas semanas, a finales de agosto. Vecinos tienen vídeos del interior de sus casas donde se puede comprobar como entra agua de la lluvia por los tejados.*

É certo que o informe de Patrimonio, bueno, que é vinculante ademais, pois pon impedimentos, pero non pode esquecer que a durabilidade do formigón sen mantemento está tasada en uns 50 anos. Estamos a falar ademais duns edificios non alleos á corrosión, pola proximidade co mar, e o efecto que esto supón polas salitres e os cloruros. A solución que se plantexa de acometer a rehabilitación desde o interior non soluciona os problemas de corrosión, e ademais disminúe as posibilidades de forro enerxético tres a un.

*Es cierto que el informe de Patrimonio, bueno, que es vinculante además, pues pone impedimentos, pero no puede olvidar que la durabilidad del hormigón sin mantenimiento está tasada en unos 50 años. Estamos hablando además de unos edificios no ajenos a la corrosión, por la cercanía con el mar, y el efecto que esto supone por las salitres y los cloruros. La solución que se plantea de acometer la rehabilitación desde lo interior no soluciona los problemas de corrosión, y además disminuye las posibilidades de forro energético tres a uno.*

A situación é desesperada para as familias que viven nesos edificios, tal e como plantexou unha representante que acudíu ó Escano Cidadán en maio.

*La situación es desesperada para las familias que viven en esos edificios, tal y como planteó una representante que acudió al Escaño Ciudadano en mayo.*

Non podemos maniatalas e creo que este goberno municipal ten a responsabilidade de defendelas frente ó informe de Patrimonio da Xunta, insisto, que antepón a beleza —a suposta beleza neste caso, porque ante o estado das fachadas nin existe— pero insisto, antepón a beleza frente á firmeza e a utilidade dos edificios como fogares de familias. De feito, a ficha de Catálogo non exixe a conservación das fachadas, non se especifica nada nese sentido. Fala do formigón como material e di que é un fermoso exemplo do estilo Movemento Moderno. Frente a eso todos os demais edificios da zona, ata 28.000 m2 de fachadas, xa foron revestidos de SATE para mellorar as súas fachadas nos anos

*No podemos maniatarlas y creo que este gobierno municipal tiene la responsabilidad de defenderlas frente al informe de Patrimonio de la Xunta, insisto, que antepone la belleza —la supuesta belleza en este caso, porque ante el estado de las fachadas ni existe— pero insisto, antepone la belleza frente a la firmeza y la utilidad de los edificios como hogares de familias. De hecho, la ficha de Catálogo no exige la conservación de las fachadas, no se especifica nada en ese sentido. Habla del hormigón como material y dice que es un hermoso ejemplo del estilo Movimiento Moderno. Frente a eso todos los demás edificios de la zona, hasta 28.000 m2 de fachadas, ya fueron revestidos de SATE para mejorar sus*

80 sen que eso perxudique, reste ou deteriore o entorno. Máis ben todo o contrario, fai máis habitable a barriada, que lonxe de perder valor, o recupera.

Por esto pedimos a este goberno municipal que use todas as medidas que estean ó seu alcance para defender a veciñanza afectada e deste xeito evitar ademais uns riscos nos que podería ser incluso responsable subsidiario. E a pregunta que lanzamos é: que actuacións prevé o Concello da Coruña para solucionar os problemas existentes nos bloques A, B e C da rúa Petunias do Barrio das Flores?

Grazas.

**Ás catorce horas e cincuenta e nove minutos entra no Salón de Sesións o señor Celemín Santos.**

**Presidencia**

Grazas. Señor Díaz Villoslada, para responder polo Goberno.

**Señor Díaz Villoslada**

Señora Faraldo, como ben coñece, porque tivemos ocasión de ter varios encontros máis a nivel técnico sobre esta cuestión, e como a pregunta... bueno, unha especie de pregunta ou rogo, fai referencia a tres bloques da rúa Petunias, A, B e C, as situacións son distintas en cada un dos bloques, sen prexuízo das situacións doutros bloques anteriores, de como no seu momento se deran as licenzas coas autorizacións preceptivas de Patrimonio, porque nós o que nunca imos poñer en entredito —isto vaia un pouco de antesala das consideracións ó respecto— é o valor. Non imos poñer nunca en entredito o valor arquitectónico e patrimonial, e de patrimonio cultural

*fachadas en los años 80 sin que eso perjudique, reste o deteriore el entorno. Más bien todo lo contrario, hace más habitable a barriada, que lejos de perder valor, lo recupera.*

*Por esto pedimos a este gobierno municipal que use todas las medidas que estén a su alcance para defender el vecindario afectado y de este modo evitar además unos riesgos en los que podría ser incluso responsable subsidiario. Y la pregunta que lanzamos es: ¿qué actuaciones prevé el Ayuntamiento de A Coruña para solucionar los problemas existentes en los bloques La, B y C de la calle Petunias del Barrio de las Flores?*

*Gracias.*

***A las catorce horas y cincuenta y nueve minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Celemín Santos.***

***Presidencia***

*Gracias. Señor Díaz Villoslada, para responder por el Gobierno.*

***Señor Díaz Villoslada***

*Señora Faraldo, como bien conoce, porque tuvimos ocasión de tener varios encuentros más a nivel técnico sobre esta cuestión, y como la pregunta... bueno, una especie de pregunta o ruego, hace referencia a tres bloques de la calle Petunias, A, B y C, las situaciones son distintas en cada uno de los bloques, sin perjuicio de las situaciones de otros bloques anteriores, de cómo en su momento se habían dado las licencias con las autorizaciones preceptivas de Patrimonio, porque nosotros lo que nunca vamos a poner en entredicho —esto vaya un poco de antesala de las consideraciones al respeto— es el valor. No vamos a poner nunca en entredicho el*

de Galicia no que se refire a estes bloques de edificios, a estas unidades veciñais, non? innovadoras no seu momento e que necesitan —é certo— un novo impulso inversor para esa rehabilitación.

*valor arquitectónico y patrimonial, y de patrimonio cultural de Galicia en lo que se refiere la estos bloques de edificios, a estas unidades vecinales, ¿no? innovadoras en su momento y que necesitan —es cierto— un nuevo impulso inversor para esa rehabilitación.*

Pero voulle clarificar, aínda que pode ser que coñeza a situación. O bloque A. O bloque A solicitara unha licenza que recibiu o informe desfavorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de Galicia pola aplicación dun sistema SATE na fachada incompatible coa protección que ten na catalogación. Sen embargo a comunidade de veciños en agosto, o 17 de agosto pasado, presentou unha nova documentación en subsanación, atendendo ó requirimento da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural que foi remitida hai uns días a Patrimonio para que se reciba o correspondente informe, que é vinculante e que condiciona, efectivamente, a posibilidade de outorgar ou non a licenza, pero para o bloque A a comunidade de veciños está atendendo os requirimentos da Xunta de Galicia no que afecta a patrimonio cultural.

*Pero le voy a clarificar, aunque puede ser que conozca la situación. El bloque A. El bloque A había solicitado una licencia que recibió el informe desfavorable de la Dirección General de Patrimonio Cultural de Galicia por la aplicación de un sistema SATE en la fachada incompatible con la protección que tiene en la catalogación. Sin embargo la comunidad de vecinos en agosto, el 17 de agosto pasado, presentó una nueva documentación en subsanación, atendiendo al requerimiento de la Dirección General de Patrimonio Cultural que fue remitida hace unos días a Patrimonio para que se reciba el correspondiente informe, que es vinculante y que condiciona, efectivamente, la posibilidad de otorgar o no la licencia, pero para el bloque A la comunidad de vecinos está atendiendo los requerimientos de la Xunta de Galicia en lo que afecta a patrimonio cultural.*

No bloque C, que o coñece tamén perfectamente e frente a actuación que está a levar a comunidade do bloque A, unha vez que se desestimou a licenza por informe desfavorable de Patrimonio por aplicar un sistema SATE, se volve a presentar unha mesma solución que non atende os requirimentos de Patrimonio Cultural.

*En el bloque C, que lo conoce también perfectamente y frente la actuación que está llevando la comunidad del bloque A, una vez que se desestimó la licencia por informe desfavorable de Patrimonio por aplicar un sistema SATE, se vuelve a presentar una misma solución que no atiende los requerimientos de Patrimonio Cultural.*

Polo que respecta ó bloque B, non nos consta que se solicitara ningunha licenza. Quero dicir, non está nesta situación.

*Por lo que respecta al bloque B, no nos consta que se había solicitado ninguna licencia. Quiero decir, no está en esta situación.*

Por iso, señora Faraldo, sabe que nós estamos traballando e explicándolle

*Por eso, señora Faraldo, sabe que nosotros estamos trabajando y*

técnicamente ós veciños, e traballando tamén coa Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, neste caso a nivel de Xefatura Territorial, para buscar unha solución, porque entendemos as necesidades de rehabilitación, pero que teñen que ser compatibles coa protección do patrimonio cultural. E nese sentido, como lle digo, se os equipos redactores para un bloque son capaces de buscar unha solución técnica que faga compatible a rehabilitación coa protección patrimonial, para os outros bloques, pois os equipos redactores teñen que buscar solucións alternativas e finalmente a Dirección de Patrimonio Cultural así o acepta dentro da protección, da catalogación que ten esta importante unidade veciñal número 3 do Barrio das Flores.

Máis nada, grazas.

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Díaz Villoslada.

Rematan as preguntas da concelleira non adscrita.

Turno do Bloque Nacionalista Galego. Señor Jorquera, primeira pregunta.

**PREGUNTAS DE RESPOSTA ORAL PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**

**Primeira. Pregunta de resposta oral sobre o Complexo Deportivo do Castrillón.**

**Señor Jorquera Caselas**

Señor concelleiro, sen ánimo de matalo de aburrimento, en que datas e en que termos se vai proceder á apertura en condicións de seguridade do Complexo

*explicándole técnicamente a los vecinos, y trabajando también con la Dirección General de Patrimonio Cultural, en este caso a nivel de Jefatura Territorial, para buscar una solución, porque entendemos las necesidades de rehabilitación, pero que tienen que ser compatibles con la protección del patrimonio cultural. Y en ese sentido, como le digo, si los equipos redactores para un bloque son capaces de buscar una solución técnica que haga compatible la rehabilitación con la protección patrimonial, para los otros bloques, pues los equipos redactores tienen que buscar soluciones alternativas y finalmente la Dirección de Patrimonio Cultural así lo acepta dentro de la protección, de la catalogación que tiene esta importante unidad vecinal número 3 del Barrio de las Flores.*

*Nada más, gracias.*

***Presidencia***

*Muchas gracias, señor Díaz Villoslada.*

*Finalizan las preguntas de la concejala no adscrita.*

*Turno del Bloque Nacionalista Galego. Señor Jorquera, primera pregunta.*

***PREGUNTAS DE RESPUESTA ORAL PRESENTADAS POR El GRUPO MUNICIPAL DEL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)***

***Primera. Pregunta de respuesta oral sobre el Complejo Deportivo del Castrillón.***

***Señor Jorquera Caselas***

*Señor concejal, sin ánimo de matarlo de aburrimiento, ¿en qué fechas y en qué términos se va a proceder a la apertura en condiciones de seguridad del Complejo*

Deportivo do Castrillón?

**Ás dezasete horas e tres minutos saen do Salón de Sesións a señora Veira González e o señor Martínez Durán.**

**Señor Lage Tuñas**

Señor Jorquera, sempre co espírito máis construtivo posible, como lle dixen á mañá, este goberno municipal agarda que no primeiro semestre do ano 2022 o Complexo Deportivo estea a disposición dos veciños e veciñas do Castrillón, despois de máis dunha década agardando por esa tan anunciada obra, actuación e equipamento, e nunca vista ata que... verano agora, verano agora baixo o mandato da nosa alcaldesa, de Inés Rey. En calquera caso, sabe vostede que calquera suxerencia que fagan sempre se acolle e se ten en conta, despois se toman as decisións correspondentes.

**Señor Jorquera Caselas**

Ben, fixen esa introdución dicindo que non pretendiamos matalo de aburrimento porque é a terceira iniciativa no Pleno de hoxe sobre esta cuestión e se non me confundo é a terceira vez que o BNG trae esta cuestión a Pleno. Pero é que a medida que pasa o tempo, as incertezas sobre este complexo en vez de resolverse van a máis.

Permítanme que resuma. A alcaldesa anunciou que se poñería en funcionamento o pasado mes de abril. Cinco meses despois EMVSA segue a espera da ampliación de capital necesaria para poder completar as dotacións. Despois daquel anuncio o Goberno municipal, contradicindo os propios estudos de EMVSA, anuncia que privatizará a xestión do complexo, e aquí quero determe. Coas palabras se

*Deportivo del Castrillón?*

***A las diecisiete horas y tres minutos salen del Salón de Sesiones la señora Veira González y el señor Martínez Durán.***

***Señor Lage Tuñas***

*Señor Jorquera, siempre con el espíritu más constructivo posible, como le dije por la mañana, este gobierno municipal espera que en el primer semestre del año 2022 el Complejo Deportivo esté a disposición de los vecinos y vecinas del Castrillón, después de más de una década esperando por esa tan anunciada obra, actuación y equipamiento, y nunca vista hasta que... lo verán ahora, lo verán ahora bajo el mandato de nuestra alcaldesa, de Inés Rey. En cualquier caso, sabe usted que cualquier sugerencia que hagan siempre se acoge y se tiene en cuenta, después se toman las decisiones correspondientes.*

***Señor Jorquera Caselas***

*Bien, hice esa introducción diciendo que no pretendíamos matarlo de aburrimiento porque es la tercera iniciativa en el Pleno de hoy sobre esta cuestión y si no me confundo es la tercera vez que el BNG trae esta cuestión a Pleno. Pero es que a medida que pasa el tiempo, las incertidumbres sobre este complejo en vez de resolverse van a más.*

*Permítanme que resuma. La alcaldesa anunció que se pondría en funcionamiento el pasado mes de abril. Cinco meses después EMVSA sigue a la espera de la ampliación de capital necesaria para poder completar las dotaciones. Después de aquel anuncio el Gobierno municipal, contradiciendo los propios estudios de EMVSA, anuncia que privatizará la gestión del complejo, y aquí quiero detenerme. Con las palabras se puede*

pode xogar. Por suposto que a titularidade do complexo non está en discusión, o complexo vai seguir sendo público, pero se vostedes optan pola xestión indirecta están privatizando a xestión, unha decisión esta que engade máis incerteza sobre a súa posta en funcionamento.

*jugar. Por supuesto que la titularidad del complejo no está en discusión, el complejo va a seguir siendo público, pero se ustedes optan por la gestión indirecta están privatizando la gestión, una decisión esta que añade más incertidumbre sobre su puesta en funcionamiento.*

Segundo o Goberno municipal EMVSA asumiría provisoriamente a xestión namentras non se resolva a licitación, mais dificilmente EMVSA estará en condicións de asumir o encargo cando aínda non se procedeu á ampliación de capital, e ademais este esquema obrigaría a establecer un réxime de taxas e abono provisorio con vixencia só para uns meses. Unha decisión, esta, ademais rexeitada pola veciñanza. Máis de 1.000 veciñas e veciños asinaron un escrito exixindo a apertura inmediata e a súa xestión pública, e como xa dixemos nun debate anterior, por se todo isto fose pouco, o 30 de xullo, só un día despois do rexistro no Concello do escrito asinado pola veciñanza, a prensa informaba do inicio de obras de reforzo na estrutura do edificio. O Goberno municipal en ningún momento informou desta circunstancia. Os veciños, os propios grupos municipais tivemos que enterarnos pola prensa. Por iso, as veciñas e os veciños reclaman unha información fluída e transparente, e coñecer con claridade o calendario de apertura, máis alá desa manifestación moi xenérica de no próximo semestre, perdón, no primeiro semestre do vindeiro ano, e as condicións para uso e desfrute das instalacións.

*Según el Gobierno municipal EMVSA asumiría provisionalmente la gestión mientras no se resuelva la licitación, pero difícilmente EMVSA estará en condiciones de asumir el encargo cuando aún no se procedió a la ampliación de capital, y además este esquema obligaría a establecer un régimen de tasas y abono provisional con vigencia solo para unos meses. Una decisión, esta además rechazada por el vecindario. Más de 1.000 vecinas y vecinos firmaron un escrito exigiendo la apertura inmediata y su gestión pública, y como ya dijimos en un debate anterior, por si todo esto fuera poco, el 30 de julio, solo un día después del registro en el Ayuntamiento del escrito firmado por el vecindario, la prensa informaba del inicio de obras de refuerzo en la estructura del edificio. El Gobierno municipal en ningún momento informó de esta circunstancia. Los vecinos, los propios grupos municipales tuvimos que enterarnos por la prensa. Por eso, las vecinas y los vecinos reclaman una información fluida y transparente, y conocer con claridad el calendario de apertura, más allá de esa manifestación muy genérica de en el próximo semestre, perdón, en el primer semestre del próximo año, y las condiciones para uso y disfrute de las instalaciones.*

Por iso pídolle que conteste con clareza a estas cuestións: de que xeito van afectar estas obras ás previsións de apertura en condicións de seguridade? Cando se vai efectuar a ampliación de capital de EMVSA necesaria para

*Por eso le pido que conteste con claridad a estas cuestiones: ¿de qué manera van a afectar estas obras a las previsiones de apertura en condiciones de seguridad? ¿Cuándo se va a efectuar la ampliación de capital de EMVSA necesaria para*

completar a dotación do complexo? Cando coñecerá a veciñanza as condicións para poder facer uso destas instalacións? Vai o Goberno municipal no sucesivo a informar de xeito regular e transparente a veciñas e veciños?

*completar la dotación del complejo? ¿Cuándo conocerá el vecindario las condiciones para poder hacer uso de estas instalaciones? ¿Va el Gobierno municipal en lo sucesivo a informar de manera regular y transparente a vecinas y vecinos?*

E dúas últimas cuestións: como vai resolver o Goberno a retirada da encomenda a EMVSA? Porque non é un proceso fácil, é un proceso costoso e complexo. E en consecuencia, está disposto o Goberno municipal a reconsiderar a súa decisión de privatizar a xestión do complexo?

*Y dos últimas cuestiones: ¿cómo va a resolver el Gobierno la retirada del encargo a EMVSA? Porque no es un proceso fácil, es un proceso costoso y complejo. Y en consecuencia, ¿está dispuesto el Gobierno municipal a reconsiderar su decisión de privatizar la gestión del complejo?*

Os veciños reclaman clareza e transparencia, por iso pídolle por eles que responda con concreción.

*Los vecinos reclaman claridad y transparencia, por eso le pido por ellos que responda con concreción.*

**Señor Lage Tuñas**

Señor Jorquera, eu téñoo por unha persoa rigorosa, eu me imaxino que o Bloque Nacionalista Galego non terá privatizado tódolos servizos no Concello de Pontevedra. Vostedes que son defensores do público quero pensar que o que teñen é unha xestión indirecta, non teñen privatizado nada, non? Si, claro, escoitalo falar de privatización a unha persoa como vostede, con todas as responsabilidades que ostentou, creo que non está á altura nin das súas capacidades, que son moitas, nin da súa traxectoria, co cal creo que non é necesario que vostede compita nun terreo que xa ten outros actores. Seguramente o fagan mellor que vostede, pero, a ver... Ou é que o Bloque privatizou a auga en Pontevedra? Sería terrible, pensar que o Bloque anda privatizando o ciclo da auga en Pontevedra. Ó mellor ten unha xestión indirecta, pero o servizo é publico, verdade? Ou vostede cre que as escolas infantís municipais no Concello da Coruña están privatizadas? Están

***Señor Lage Tuñas***

*Señor Jorquera, yo lo tengo por una persona rigurosa, yo me imagino que el Bloque Nacionalista Galego no habrá privatizado todos los servicios en el Ayuntamiento de Pontevedra. Ustedes que son defensores de lo público quiero pensar que lo que tienen es una gestión indirecta, no han privatizado nada, ¿no? Sí, claro, escucharlo hablar de privatización a una persona cómo usted, con todas las responsabilidades que ostentó, creo que no está a la altura ni de sus capacidades, que son muchas, ni de su trayectoria, con lo cual creo que no es necesario que usted compita en un terreno que ya tiene otros actores. Seguramente lo hagan mejor que usted, pero, a ver... ¿O es que el Bloque privatizó el agua en Pontevedra? Sería terrible, pensar que el Bloque anda privatizando el ciclo del agua en Pontevedra. A lo mejor tiene una gestión indirecta, pero el servicio es publico, ¿verdad? ¿O usted cree que las escuelas infantiles municipales en el Ayuntamiento de A Coruña están privatizadas? ¿Están privatizadas, señor*

privatizadas, señor Jorquera? Un pouquiño de rigor.

**Ás dezasete horas e sete minutos entran no Salón de Sesións a señora Cendán Gayoso e o señor Martínez Durán.**

O Complexo Deportivo do Castrillón vai ter unha xestión pública e todo o que haxa que reconsiderar, se é necesario facelo, non hai ningún problema en reconsiderar, en estudar, en analizar. En calquera caso o que non se debe é de chamar ás cousas con nomes que non se corresponden, porque se non, imaxínese vostede toda a crítica política que lle leva facendo o Bloque Nacionalista Galego ó Partido Popular, ó Partido Socialista, non sei cantos máis, a ver si vai resultar que son vostedes *os reis da privatización dos servizos públicos* en Carballo..., bueno, nos sitios nos que gobernan, claro. Non pode ser en douscentos sitios, pero nos que gobernan. Claro, quero dicir, un pouquiño de... hai que pedirlle un pouquiño de... Non é propio de vostede, señor Jorquera.

Quero dicir, eu que quere que lle conte? As obras, evidentemente, xa llo expliquei, o que pasou. Se colocaron uns sensores determinados, descubriron que había algo que estaba mal, o están corrixindo. Oiga, pero non nos achaque a este goberno a responsabilidade de todos os que estiveron tempo atrás e non sacaron isto adiante. Isto vaise resolver neste mandato. Houbo moitos outros responsables para resolvelo, sen embargo vai ser agora. Oiga, que hai algún pequeno retraso? pois si, é certo. Creo que por algo bo, que é corrixir aquelo que estaba mal formulado nun proxecto inicial. Non seremos nós tamén responsables diso.

*Jorquera? Un poquito de rigor.*

***A las diecisiete horas y siete minutos entran en el Salón de Sesiones la señora Cendán Gayoso y el señor Martínez Durán.***

*El Complejo Deportivo del Castrillón va a tener una gestión pública y todo lo que haya que reconsiderar, si es necesario hacerlo, no hay ningún problema en reconsiderar, en estudiar, en analizar. En cualquier caso lo que no se debe es llamar a las cosas con nombres que no se corresponden, porque si no, imagínese usted toda la crítica política que le lleva haciendo el Bloque Nacionalista Galego al Partido Popular, al Partido Socialista, no sé cuantos más, a ver si va a resultar que son ustedes* los reyes de la privatización de los servicios públicos *en Carballo..., bueno, en los sitios en los que gobiernan, claro. No puede ser en doscientos sitios, pero en los que gobiernan. Claro, quiero decir, un poquito de... hay que pedirle un poquito de... No es propio de usted, señor Jorquera.*

*Quiero decir, ¿yo que quiere que le cuente? Las obras, evidentemente, ya se lo expliqué, lo que pasó. Se colocaron unos sensores determinados, descubrieron que había algo que estaba mal, lo están corrigiendo. Oiga, pero no nos achaque a este gobierno la responsabilidad de todos los que estuvieron tiempo atrás y no sacaron esto adelante. Esto se va a resolver en este mandato. Hubo muchos otros responsables para resolverlo, sin embargo va a ser ahora. Oiga, ¿que hay algún pequeño retraso? pues sí, es cierto. Creo que por algo bueno, que es corregir aquello que estaba mal formulado en un proyecto inicial. No seremos nosotros también responsables de eso.*

Entón, señor Jorquera, eu supoño que vostede esperaba que eu lle dera a resposta na segunda..., na réplica. Díxenllo na primeira. Pregunta concreta: cando vai estar a disposición? Resposta concreta: no primeiro semestre do 2022 é cando este goberno espera poder poñer a disposición **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** dos veciños e veciñas do Castrillón un complexo deportivo polo que levan esperando moitos anos. Non estaba Inés Rey, alcaldesa da Coruña, nesta corporación, nin era responsable de nada do que vostede está a falar, sen embargo é responsable de algo, que é que neste mandato saia adiante ese complexo deportivo, co cal creo que ben farían en non chamarlle ás cousas polo nome, é dicir, en chamarlle ás cousas polo nome ben, e non en falsear a realidade, porque se vostede dice que este goberno privatiza, o BNG é o maior privatizador en termos proporcionales nos gobernos municipais. Aínda non vexo que municipalizaran case nada, máis ben o que fan... Entonces é o que vostede está denunciando. Un pouquiño de coherencia.

*Entonces, señor Jorquera, yo supongo que usted esperaba que yo le diera la respuesta en la segunda..., en la réplica. Se lo dije en la primera. Pregunta concreta: ¿cuándo va a estar a disposición? Respuesta concreta: en el primer semestre del 2022 es cuando este gobierno espera poder poner a disposición* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *de los vecinos y vecinas del Castrillón un complejo deportivo por el que llevan esperando muchos años. No estaba Inés Rey, alcaldesa de A Coruña, en esta corporación, ni era responsable de nada de lo que usted está hablando, sin embargo es responsable de algo, que es que en este mandato salga adelante ese complejo deportivo, con lo cual creo que bien harían en no llamarle a las cosas por el nombre, es decir, en llamarle a las cosas por el nombre bien, y no en falsear la realidad, porque si usted dice que este gobierno privatiza, el BNG es el mayor privatizador en términos proporcionales en los gobiernos municipales. Aun no veo que municipalizaran casi nada, más bien lo que hacen... Entonces es lo que usted está denunciando. Un poquito de coherencia.*

**Presidencia**

Moitas grazas.

Segunda pregunta do BNG.

**Segunda.- Pregunta de resposta oral sobre o proceso de selección do novo xerente do Consorcio de Turismo.**

**Señor Jorquera Caselas**

Grazas, señora alcaldesa.

Dado que se fala tanto de diálogo, unha característica intrínseca ó diálogo é escoitar, porque o primeiro que dixo que

***Presidencia***

*Muchas gracias.*

*Segunda pregunta del BNG.*

***Segunda.- Pregunta de respuesta oral sobre el proceso de selección del nuevo gerente del Consorcio de Turismo.***

***Señor Jorquera Caselas***

*Gracias, señora alcaldesa.*

*Dado que se habla tanto de diálogo, una característica intrínseca al diálogo es escuchar, porque el primero que dijo que*

a titularidade pública do complexo non estaba en discusión, que o complexo vai ser público e o asunto é si se privatiza a xestión, fun eu, e polo tanto que se conteste o que se pregunta, non que se busquen derivadas para eludir as preguntas que queren os veciños que se respondan, pero a ver se nesta teño máis fortuna.

*la titularidad pública del complejo no estaba en discusión, que el complejo va a ser público y el asunto es sí se privatiza la gestión, fui yo, y por lo tanto que se conteste lo que se pregunta, no que se busquen derivadas para eludir las preguntas que quieren los vecinos que se respondan, pero a ver si en esta tengo más fortuna.*

Considera o Goberno municipal que a escolla do señor Moisés Jorge Naranjo como xerente do Consorcio de Turismo da Coruña foi o resultado dun proceso transparente?

*¿Considera el Gobierno municipal que la elección del señor Moisés Jorge Naranjo como gerente del Consorcio de Turismo de A Coruña fue el resultado de un proceso transparente?*

**Señor Borrego Vázquez**

***Señor Borrego Vázquez***

Moito máis incluso do que permitiría o propio proceso.

*Mucho más incluso de lo que permitiría el propio proceso.*

**Señor Jorquera Caselas**

***Señor Jorquera Caselas***

Concelleiro, no Pleno do 8 de xullo preguntamos sobre o cese do anterior xerente, unha decisión da que discrepamos, tanto polo fondo como pola forma en que se executou. Non nos parecía presentábel que unha persoa fose cesada de xeito fulminante, sen sequera contar coa Xunta de Goberno do Consorcio, que tivo que coñecer a noticia tamén pola prensa. Un cese feito, ademais lembrabamos, saltándose os propios Estatutos do Consorcio, que no artigo 12 establecen que o Consello do Consorcio é o que ten a atribución de nomear ou separar a persoa titular da Xerencia.

*Concejal, en el Pleno de 8 de julio preguntamos sobre el cese del anterior gerente, una decisión de la que discrepamos, tanto por el fondo como por la forma en que se ejecutó. No nos parecía presentable que una persona fuera cesada de manera fulminante, sin siquiera contar con la Junta de Gobierno del Consorcio, que tuvo que conocer la noticia también por la prensa. Un cese hecho, además recordábamos, saltándose los propios Estatutos del Consorcio, que en el artículo 12 establecen que el Consejo del Consorcio es el que tiene la atribución de nombrar o separar la persona titular de la Gerencia.*

Naquel debate alertabamos tamén das consecuencias de adoptar esa decisión deixando a Xerencia de Turismo descabezada precisamente no inicio da temporada alta, pois si se optaba polo sistema de concurso podían pasar seis meses até que houbese un novo xerente, a non ser —advertiamos— de que as

*En aquel debate alertábamos también de las consecuencias de adoptar esa decisión dejando la Gerencia de Turismo descabezada precisamente en el inicio de la temporada alta, pues si se optaba por el sistema de concurso podían pasar seis meses hasta que hubiera un nuevo gerente, a no ser —advertíamos— de que*

razóns dadas para o cese fosen un pretexto para colocar na Xerencia a unha persoa que o Goberno municipal xa tiña decidido. Advertiamos disto. E, oh casualidade, apenas un mes despois na prensa se informaba de que Moisés Jorge Naranjo sería, novamente, o xerente do Consorcio de Turismo da Coruña. Moisés Jorge Naranjo que, curiosamente, deixara a Xerencia do Padroado de Turismo de Fuerteventura un mes antes do cese de Lanzada Calatayud. Moisés Jorge Naranjo, que resultou seleccionado froito dun concurso exprés para a cobertura do posto no que só se deron oito días de prazo para que os aspirantes elaborasen unha proposta de actuación turística para a cidade.

*las razones dadas para el cese fueran un pretexto para colocar en la Gerencia a una persona que el Gobierno municipal ya había decidido. Advertíamos de esto. Y, ¡oh! casualidad, apenas un mes después en la prensa se informaba de que Moisés Jorge Naranjo sería, nuevamente, el gerente del Consorcio de Turismo de A Coruña. Moisés Jorge Naranjo que, curiosamente, había dejado la Gerencia del Patronato de Turismo de Fuerteventura un mes antes del cese de Lanzada Calatayud. Moisés Jorge Naranjo, que resultó seleccionado fruto de un concurso exprés para la cobertura del puesto en el que solo se dieron ocho días de plazo para que los aspirantes elaboraran una propuesta de actuación turística para la ciudad.*

Nun posto no que é fundamental a experiencia, considera que o mes de agosto, en plena temporada alta, é o máis acaído para que os profesionais con experiencia no sector poidan optar? Esta circunstancia, unido ós prazos exprés, sen dúbida influíron en que só optasen á praza tres persoas fronte ás 35 do concurso do 2016.

*En un puesto en el que es fundamental la experiencia, ¿considera que el mes de agosto, en plena temporada alta, es el más adecuado para que los profesionales con experiencia en el sector puedan optar? Esta circunstancia, unido a los plazos exprés, sin duda influyeron en que solo optaran a la plaza tres personas frente a las 35 del concurso de 2016.*

Ademais, pese a que as bases do concurso establecían que as persoas candidatas serían avaliadas por un órgano composto por profesionais cualificados e especialistas, as candidaturas finalmente foron valoradas polo cadro técnico da empresa Valora Consulting, contratada polo Consorcio a tal efecto. Polo tanto, outra pregunta: considera un modelo de uso racional dos recursos públicos contratar unha consultora por case 10.000 € para que valore tres curriculums e tres propostas de actuación turística? Está en condicións de afirmar á vista destes datos que a escolla do señor Moisés Jorge Naranjo foi o resultado dun proceso no que as distintas persoas que o desexasen puidesen optar en condicións

*Además, pese a que las bases del concurso establecían que las personas candidatas serían evaluadas por un órgano compuesto por profesionales cualificados y especialistas, las candidaturas finalmente fueron valoradas por el cuadro técnico de la empresa Valora Consulting, contratada por el Consorcio a tal efecto. Por lo tanto, otra pregunta: ¿considera un modelo de uso racional de los recursos públicos contratar una consultora por casi 10.000 € para que valore tres currículos y tres propuestas de actuación turística? ¿Está en condiciones de afirmar a la vista de estos datos que la elección del señor Moisés Jorge Naranjo fue el resultado de un proceso en el que las distintas personas que lo desearan pudieran optar en condiciones de*

de igualdade de oportunidades?

Porque hai máis, señor concelleiro. Nunha entrevista publicada en Tour 43, *periódico de turismo do norte*, o señor Moisés Jorge Naranjo, preguntado pola situación da cidade en materia turística, contesta: **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** *desde logo, hai moito que facer, e eu, que en parte aceptei o cargo por iso, estou convencido de que A Coruña pode ser un dos destinos urbanos con máis posibilidades para saír reforzado.*

Como valora que o señor Moisés Jorge Naranjo afirmase que aceptou o cargo, como se este lle fose ofrecido? Reitérolle a pregunta inicial: considera a súa escolla o resultado dun proceso transparente. O BNG dende logo pensa que non. Os datos son elocuentes.

**Ás dezasete horas e quince minutos entra no Salón de Sesións a señora Veira González.**

**Señor Borrego Vázquez**

Señor Jorquera, eu teño a vostede por unha persoa non conspiranoide, entón igual o que lle faltan son datos.

Mire, cando se convoca a praza de xerente de Turismo non se convoca concurso ningún, convócase mediante un procedemento de libre designación. As bases reflicten exactamente os requirimentos que se lle piden a aqueles candidatos que se queren presentar a esa praza. Nesas bases indícase tamén o prazo. O prazo é o mesmo que xa este concello tivo noutra selección anterior dun xerente do Consorcio de Turismo, pódello recordar o Partido Popular tamén no seu momento.

*igualdad de oportunidades?*

*Porque hay más, señor concejal. En una entrevista publicada en Tour 43,* periódico de turismo del norte, *el señor Moisés Jorge Naranjo, preguntado por la situación de la ciudad en materia turística, contesta: (**se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)** desde luego, hay mucho que hacer, y yo, que en parte acepté el cargo por eso, estoy convencido de que A Coruña puede ser uno de los destinos urbanos con más posibilidades para salir reforzado.*

*¿Cómo valora que el señor Moisés Jorge Naranjo afirmara que aceptó el cargo, como si este le fuera ofrecido? Le reitero la pregunta inicial: ¿considera su elección el resultado de un proceso transparente? El BNG desde luego cree que no. Los datos son elocuentes.*

***A las diecisiete horas y quince minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Veira González.***

***Señor Borrego Vázquez***

*Señor Jorquera, yo tengo a usted por una persona no conspiranoide, entonces igual lo que le faltan son datos.*

*Mire, cuando se convoca la plaza de gerente de Turismo no se convoca concurso alguno, se convoca mediante un procedimiento de libre designación. Las bases reflejan exactamente los requerimientos que se le piden la aquellos candidatos que se quieren presentar a esa plaza. En esas bases se indica también el plazo. El plazo es el mismo que ya este ayuntamiento tuvo en otra selección anterior de un gerente del Consorcio de Turismo, se lo puede recordar el Partido Popular también en su momento.*

A partir de aí, pódolle dicir que na Concellaría de Turismo non se soubo nin sequera o número de candidatos presentados ata que, efectivamente, unha empresa externa especializada en valorar exhaustivamente, con criterios da propia base do procedemento, punto por punto, non soubemos o número de candidatos ata que veu o resultado da avaliación da empresa. Máis limpo, más transparente e máis aséptico, imposible.

*A partir de ahí, le puedo decir que en la Concejalía de Turismo no se supo ni siquiera el número de candidatos presentados hasta que, efectivamente, una empresa externa especializada en valorar exhaustivamente, con criterios de la propia base del procedimiento, punto por punto, no supimos el número de candidatos hasta que vino el resultado de la evaluación de la empresa. Más limpio, más transparente y más aséptico, imposible.*

**Ás dezasete horas e dezasete minutos sae do Salón de Sesións o señor Coira Andrade.**

***A las diecisiete horas y diecisiete minutos sale del Salón de Sesiones el señor Coira Andrade.***

Un procedemento que se fai cando se fai e que tarda menos dun mes en resolverse, precisamente porque a tempada alta da que vostede fala é unha tempada que xa está en marcha, e que a planificación case completa cara a fin de ano por parte do Concello no que se refire a turismo xa está planificada, e é o momento, ademais, de empezar a pensar no orzamento do ano que vén e da política do Consorcio de Turismo, da Concellaría de Turismo, que se quere aplicar en anos posteriores.

*Un procedimiento que se hace cuando se hace y que tarda menos de un mes en resolverse, precisamente porque la temporada alta de la que usted habla es una temporada que ya está en marcha, y que la planificación casi completa cara a fin de año por parte del Ayuntamiento en lo que se refiere a turismo ya está planificada, y es el momento, además, de empezar a pensar en el presupuesto del año que viene y de la política del Consorcio de Turismo, de la Concejalía de Turismo, que se quiere aplicar en años posteriores.*

Con respecto ó tema dos Estatutos penso que está vostede mal informado porque todas as garantías legais foron xustificadas na correspondente sesión da Xunta de Goberno do Consorcio onde se plantexou este tema e directamente se atendeu o procedemento que, según indica o propio secretario-interventor do Consorcio, reflicten os Estatutos en vigor do Consorcio.

*Con respecto al tema de los Estatutos creo que está usted mal informado porque todas las garantías legales fueron justificadas en la correspondiente sesión de la Junta de Gobierno del Consorcio donde se planteó este tema y directamente se atendió al procedimiento que, según indica el propio secretario-interventor del Consorcio, reflejan los Estatutos en vigor del Consorcio.*

Co cal, ou vostede está mal informado ou hai unha conspiración por detrás que non lle recomendo que acepte, porque curiosamente —isto xa é unha valoración persoal miña— por suposto, recoñecendo o mérito daqueles que se

*Con lo cual, o usted está mal informado o hay una conspiración por detrás que no le recomiendo que acepte, porque curiosamente —esto ya es una valoración personal mía— por supuesto, reconociendo el mérito de aquellos que se*

presentaron á praza, pois para nós foi tamén unha satisfacción saber que se presentou o señor Naranjo, porque xa coñece ben a cidade, foi un impulsor do turismo no seu momento e conqueriu a maior valoración por parte dunha empresa allea totalmente ó procedemento, precisamente para dar total limpeza, transparencia e asepsia a ese procedemento.

Co cal non teño máis que dicir que por suposto que si, foi transparente e estamos ben orgullosos de como acabou.

**Ás dezasete horas e dezasete minutos entra no Salón de Sesións a señora Gallego Neira.**

**Presidencia**

Moitas grazas.

Terceira e última pregunta do BNG, señora Veira.

**Terceira. Pregunta de resposta oral sobre mobilidade.**

**Señora Veira González**

Si, grazas, señora alcaldesa.

Considera o Goberno local que o transporte público na nosa cidade está deseñado para atender o conxunto de necesidades da poboación da Coruña?

**Señor Díaz Villoslada**

Si. Señora Veira, con carácter xeral e sen prexuízo das necesarias melloras para unha adaptación continua ás demandas da cidade, si que consideramos que o transporte público da cidade, colectivo, atende o conxunto da urbe.

*presentaron a la plaza, pues para nosotros fue también una satisfacción saber que se presentó el señor Naranjo, porque ya conoce bien la ciudad, fue un impulsor del turismo en su momento y consiguió la mayor valoración por parte de una empresa ajena totalmente al procedimiento, precisamente para dar total limpieza, transparencia y asepsia la ese procedimiento.*

*Con lo cual no tengo más que decir que por supuesto que sí, fue transparente y estamos bien orgullosos de cómo acabó.*

***A las diecisiete horas y diecisiete minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Gallego Neira.***

***Presidencia***

*Muchas gracias.*

*Tercera y última pregunta del BNG, señora Veira.*

***Tercera. Pregunta de respuesta oral sobre movilidad.***

***Señora Veira González***

*Sí, gracias, señora alcaldesa.*

*¿Considera el Gobierno local que el transporte público en nuestra ciudad está diseñado para atender al conjunto de necesidades de la población de A Coruña?*

***Señor Díaz Villoslada***

*Sí. Señora Veira, con carácter general y sin perjuicio de las necesarias mejoras para una adaptación continua a las demandas de la ciudad, sí que consideramos que el transporte público de la ciudad, colectivo, atiende el conjunto de la urbe.*

**Señora Veira González**

Pois xa lle adianto que aquí discrepamos, porque para o BNG o transporte público nin está adaptado nin se fai, nin o seu deseño, nin o modelo que hai actualmente é facilmente adaptábel ás necesidades da poboación da Coruña. Primeiro, polo que tantas veces temos comentado da importancia de traballar para ampliar os horarios do servizo que, por certo, está nos acordos de investidura e está aprobado nunha moción deste pleno.

O horario de autobuses é moi limitado para as necesidades da poboación que traballa na nosa cidade. O servizo —como temos dito moitas veces— debera comezar antes e rematar despois. Os horarios dos buses actuais obrigan, si ou si, a moitas persoas da nosa cidade a mover o coche, se é que o teñen, e se non, a teren limitadas as súas opcións de traballo segundo os horarios do transporte público. A falta de flexibilidade nos horarios de feito fai que, por exemplo, un día de partido do Deportivo, un día de concertos da nosa cidade, un día no que hai acontecementos importantes na cidade, non haxa capacidade ou non haxa interese de ampliar o servizo de transporte público e ofrecer un servizo de volta a casa para evitar o desprazamento de centos ou milleiros de coches. Hoxe en día, por exemplo falando dos horarios, hai que lembrar que o servizo de bus nocturno está cancelado, e o Goberno municipal non está a requirirlle a Compañía de Tranvías que o volva a poñer en marcha. Pero é que cremos que non está adaptado ás necesidades da cidade tamén porque seguimos exactamente coas mesmas liñas de autobús que no inicio de mandato.

Non se está a traballar co tecido social da

***Señora Veira González***

*Pues ya le adelanto que aquí discrepamos, porque para el BNG el transporte público ni está adaptado ni se hace, ni su diseño, ni el modelo que hay actualmente es fácilmente adaptable a las necesidades de la población de A Coruña. Primero, por lo que tantas veces hemos comentado de la importancia de trabajar para ampliar los horarios del servicio que, por cierto, está en los acuerdos de investidura y está aprobado en una moción de este pleno.*

*El horario de autobuses es muy limitado para las necesidades de la población que trabaja en nuestra ciudad. El servicio —como hemos dicho muchas veces— debería comenzar antes y finalizar después. Los horarios de los buses actuales obligan, sí o sí, a muchas personas de nuestra ciudad a mover el coche, si es que lo tienen, y si no, a tener limitadas sus opciones de trabajo según los horarios del transporte público. La falta de flexibilidad en los horarios de hecho hace que, por ejemplo, un día de partido del Deportivo, un día de conciertos de nuestra ciudad, un día en el que hay acontecimientos importantes en la ciudad, no haya capacidad o no haya interés de ampliar el servicio de transporte público y ofrecer un servicio de vuelta a casa para evitar el desplazamiento de cientos o millares de coches. Hoy, por ejemplo hablando de los horarios, hay que recordar que el servicio de bus nocturno está cancelado, y el Gobierno municipal no está requiriendo a la Compañía de Tranvías que lo vuelva a poner en marcha. Pero es que creemos que no está adaptado a las necesidades de la ciudad también porque seguimos exactamente con las mismas líneas de autobús que en el inicio de mandato.*

*No se está trabajando con el tejido social*

cidade na modificación das liñas, que por exemplo poidan conectar os barrios con axilidade, os polígonos industriais, os centros sanitarios, os educativos ou os de traballo que máis atraian xente, e mesmo poderiamos estar avanzando até a altura de mandato na creación de aparcadoiros nas marxes da cidade ben conectados co transporte público, que axudarían a mellorar, afianzar e avanzar nos procesos de peonalización e en todos aqueles procesos que impliquen gañarlle espazo ós peóns fronte ós choches, ou cando se modifican as liñas resulta que deixan sen servizo á parte máis feble da poboación, e faise sen o máis mínimo diálogo, como foi no caso da liña 11.

*de la ciudad en la modificación de las líneas, que por ejemplo puedan conectar los barrios con agilidad, los polígonos industriales, los centros sanitarios, los educativos o los de trabajo que más atraigan gente, e incluso podríamos estar avanzando hasta la altura de mandato en la creación de aparcamientos en las márgenes de la ciudad bien conectados con el transporte público, que ayudarían a mejorar, afianzar y avanzar en los procesos de peatonalización y en todos aquellos procesos que impliquen ganarle espacio a los peatones frente a los choches, o cuando se modifican las líneas resulta que dejan sin servicio a la parte más débil de la población, y se hace sin el más mínimo diálogo, como fue en el caso de la línea 11.*

Pero é que tamén vemos que non se está a avanzar absolutamente nada na accesibilidade do transporte público. As persoas con mobilidade reducida ou aquelas que teñan algunha discapacidade sensorial seguen sen poder acceder de maneira autónoma —e esta é a clave— e segura ó transporte público da nosa cidade. Moitas paradas de bus seguen sendo aparcadoiros para algúns condutores, imposibilitando que os autobuses se aproximen ás beirarrúas para baixaren a altura do autobús e que as persoas en cadeira de rodas, con mobilidade reducida, ou que levan un carro de bebé poidan baixar autonomamente con seguridade. E nós o que vemos é que o Goberno local non está a traballar na accesibilidade das paradas de autobús.

*Pero es que también vemos que no se está avanzando absolutamente nada en la accesibilidad del transporte público. Las personas con movilidad reducida o aquellas que tengan alguna discapacidad sensorial siguen sin poder acceder de manera autónoma —y esta es la clave— y segura al transporte público de nuestra ciudad. Muchas paradas de bus siguen siendo aparcamientos para algunos conductores, imposibilitando que los autobuses se aproximen a las aceras para bajar la altura del autobús y que las personas en silla de ruedas, con movilidad reducida, o que llevan un carro de bebé puedan bajar autónomamente con seguridad. Y nosotros lo que vemos es que el Gobierno local no está trabajando en la accesibilidad de las paradas de autobús.*

Tamén existe tecnoloxía que se está empregando no mundo para as persoas con discapacidade visual, que a través de aplicacións lles avisan de onde están as paradas e de cando chegan os autobuses, e tampouco nisto vemos que estea a avanzar a nosa cidade.

*También existe tecnología que se está empleando en el mundo para las personas con discapacidad visual, que a través de aplicaciones les avisan de dónde están las paradas y de cuándo llegan los autobuses, y tampoco en esto vemos que esté avanzando nuestra ciudad.*

Desde logo, o que vemos —e xa remato— é que a mobilidade en transporte público na nosa cidade segue a xestionarse á medida das necesidades económicas **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** da Compañía de Tranvías que, por certo, vén de recibir unha cuantiosa subvención por parte do Estado, e entendemos que a Compañía de Tranvías defenda o seu interese, pero o Goberno local debía de defender o interese e as necesidades da poboación da Coruña e vemos que de momento non o está a facer.

**Ás dezasete horas e vinte e un minutos entra no Salón de Sesións a señora Gallego Neira.**

**Señor Díaz Villoslada**

Señora Veira, eu —que vostede sempre trae os asuntos de transporte público e, loxicamente, benvidos sean— creo que estamos nun momento precisamente de saída desta pandemia. Esperemos que cheguemos a unha normalidade tamén no uso do transporte público que exixe tamén avogar dunha forma importante por esa recuperación e esa nova confianza no transporte público colectivo. Porque o bus non é un taxi. Eu creo que hai que diferenciar que un bus non é un taxi a demanda. Un bus ten que atender de forma eficiente o conxunto das liñas. Pero hai datos obxectivos que creo que temos que ter en conta para ser conscientes de que necesitamos moitas melloras, pero ser conscientes ó propio tempo de que temos un servizo de transporte público colectivo en autobús na cidade de máis calidade do que a veces parece ou se pode dicir, porque segundo o Observatorio de Mobilidade Metropolitana, no seu último informe de 2020, na parte da oferta temos unha das redes de transporte máis tupidas de todo

*Desde luego, lo que vemos —y ya finalizo— es que la movilidad en transporte público en nuestra ciudad sigue gestionándose a la medida de las necesidades económicas* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *de la Compañía de Tranvías que, por cierto, acaba de recibir una cuantiosa subvención por parte del Estado, y entendemos que la Compañía de Tranvías defienda su interés, pero el Gobierno local debía defender el interés y las necesidades de la población de A Coruña y vemos que de momento no lo está haciendo.*

***A las diecisiete horas y veintiún minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Gallego Neira.***

***Señor Díaz Villoslada***

*Señora Veira, yo —que usted siempre trae los asuntos de transporte público y, lógicamente, bienvenidos sean— creo que estamos en un momento precisamente de salida de esta pandemia. Esperemos que lleguemos a una normalidad también en el uso del transporte público que exige también abogar de una forma importante por esa recuperación y esa nueva confianza en el transporte público colectivo. Porque el bus no es un taxi. Yo creo que hay que diferenciar que un bus no es un taxi a demanda. Un bus tiene que atender de forma eficiente al conjunto de las líneas. Pero hay datos objetivos que creo que tenemos que tener en cuenta para ser conscientes de que necesitamos muchas mejoras, pero ser conscientes al propio tiempo de que tenemos un servicio de transporte público colectivo en autobús en la ciudad de más calidad de lo que a veces parece o se puede decir, porque según el Observatorio de Movilidad Metropolitana, en su último informe de 2020, en la parte de la oferta tenemos una de las redes de transporte más tupidas de*

o país, xunto con Pamplona. No nivel da demanda, o número de viaxeiros é un dos maiores de España na nosa escala de cidade. Achegáronse ós 23 millóns de viaxeiros en 2019 porque non podemos ter en conta os datos de usuarios de 2020, nin sequera de 2021. Medio millón máis que en Vigo, por exemplo, que a pesar de que ten 50.000 habitantes máis e de que ten un municipio cunha extensión tres veces maior á da cidade da Coruña.

*todo el país, junto con Pamplona. En el nivel de la demanda, el número de viajeros es uno de los mayores de España en nuestra escala de ciudad. Se acercaron a los 23 millones de viajeros en 2019 porque no podemos tener en cuenta los datos de usuarios de 2020, ni siquiera de 2021. Medio millón más que en Vigo, por ejemplo, que a pesar de que tiene 50.000 habitantes más y de que tiene un municipio con una extensión tres veces mayor a la de la ciudad de A Coruña.*

Quero dicir que temos unha serie de elementos, de certificacións de calidade, de enquisas de satisfacción que progresan axeitadamente, por dicilo dalgunha forma, pero somos conscientes de que é necesario progresar dunha forma importante nunha nova case configuración da nosa rede, que estamos precisamente comezando a preparar de cara á nova licitación porque, como sabemos todos, por efectos ademais de pronunciamentos xudiciais, a actual concesión vai caducar para o inicio do novo servizo en 2024.

*Quiero decir que tenemos una serie de elementos, de certificaciones de calidad, de encuestas de satisfacción que progresan adecuadamente, por decirlo de alguna forma, pero somos conscientes de que es necesario progresar de una forma importante en una nueva casi configuración de nuestra red, que estamos precisamente comenzando a preparar de cara a la nueva licitación porque, como sabemos todos, por efectos además de pronunciamientos judiciales, la actual concesión va a caducar para el inicio del nuevo servicio en 2024.*

Estamos revisando liñas, como está a pasar coa liña 11, como está a pasar... estamos a revisar para reforzar a liña 14, estamos terminando de traballar para establecer un novo reforzo, unha nova conectividade de Novo Mesoiro, Someso, de cara tamén ó Castrillón. Está a punto de arrancar o funcionamento de pago mediante app no bus urbano e son moitísimas as paradas que temos adaptadas para maior accesibilidade das paradas de bus. É certo que debemos apelar ó civismo e que non se ocupen as paradas de bus para aparcar. Eso non é unha escusa, eso é unha realidade que nos chega desde moitas das asociacións de persoas con mobilidade reducida.

*Estamos revisando líneas, como está pasando con la línea 11, como está pasando... estamos revisando para reforzar la línea 14, estamos terminando de trabajar para establecer un nuevo refuerzo, una nueva conectividad de Nuevo Mesoiro, Someso, de cara también al Castrillón. Está a punto de arrancar el funcionamiento de pago mediante app en el bus urbano y son muchísimas las paradas que tenemos adaptadas para mayor accesibilidad de las paradas de bus. Es cierto que debemos apelar al civismo y que no se ocupen las paradas de bus para aparcar. Eso no es una excusa, eso es una realidad que nos llega desde muchas de las asociaciones de personas con movilidad reducida.*

En definitiva, temos unha boa rede de

*En definitiva, tenemos una buena red de*

transporte, pero si que é certo que temos que introducir moitísimas medidas. Algunhas destas están en camiño e outras necesariamente teñen que vir da man da nova concesión.

Grazas.

**Ás dezasete horas e vinte e tres minutos entra no Salón de Sesións o señor Coira Andrade.**

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Díaz Villoslada.

Remata aquí o turno de preguntas do Bloque Nacionalista Galego. Pasamos xa ás preguntas da Marea Atlántica. Señora Cameán, o seu turno.

**PREGUNTAS DE RESPOSTA ORAL PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DA MAREA ATLÁNTICA (MA)**

**Primeira. Pregunta de resposta oral sobre saúde mental.**

**Señora Cameán Calvete**

Si, moitísimas grazas, señora alcaldesa.

Que medidas desenvolveu o Goberno municipal para promover a saúde mental?

***Señora Neira Fernández***

*Grazas.*

*O tratamento da saúde mental, como vostede sabe, igual que calquera outra cuestión de carácter sanitario, é unha competencia da Xunta de Galicia dentro do que é a actividade propia do SERGAS e o Concello da Coruña realiza dentro do seu ámbito competencial un importante labor de prevención entre os*

*transporte, pero sí que es cierto que tenemos que introducir muchísimas medidas. Algunas de estas están en camino y otras necesariamente tienen que venir de la mano de la nueva concesión.*

*Gracias.*

***A las diecisiete horas y veintitrés minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Coira Andrade.***

***Presidencia***

*Muchas gracias, señor Díaz Villoslada.*

*Finaliza aquí el turno de preguntas del Bloque Nacionalista Galego. Pasamos ya a las preguntas de la Marea Atlántica. Señora Cameán, su turno.*

***PREGUNTAS DE RESPUESTA ORAL PRESENTADAS POR El GRUPO MUNICIPAL DE La MAREA ATLÁNTICA (MA)***

***Primera. Pregunta de respuesta oral sobre salud mental.***

***Señora Cameán Calvete***

*Sí, muchísimas gracias, señora alcaldesa.*

*¿Qué medidas desarrolló el Gobierno municipal para promover la salud mental?*

**Señora Neira Fernández**

Gracias.

El tratamiento de la salud mental, como usted sabe, igual que cualquier otra cuestión de carácter sanitario, es una competencia de la Xunta de Galicia dentro de lo que es la actividad propia del SERGAS y el Ayuntamiento de A Coruña realiza dentro de su ámbito competencial una importante labor de prevención entre

*distintos colectivos da cidade. Algúns, loxicamente, potencialmente afectados ou moi afectados tras o COVID en cuestións de saúde mental.*

**Señora Cameán Calvete**

Ben, pois gustaríanos, se é posible, pois ter un pouco máis de detalle nesa parte que si que é competencia local, pois de cales son esas medidas, non? porque si ben é certo que as competencias sanitarias son da Xunta de Galicia, tamén o é que o ámbito local pois é o máis axeitado de cara a abordar os determinantes sociais, por exemplo, ou abordar iniciativas comunitarias e tamén pues de prevención e de promoción da saúde, non?

Xa falamos en moitas ocasións, pero creemos que dende o ámbito local, dende a proximidade, como mellor se traballa dende logo tamén pois cuestións comunitarias que creemos que serían as idóneas tamén para a saúde mental, non? e así, de feito, o están afrontando pues varias cidades. Sen ir moi lonxe podemos ver estes días como Cambre acaba de abrir unha oficina municipal de atención temperá precisamente para abordar o impacto da COVID na poboación infantil, non?

Neste sentido si que queremos amosar a nosa discrepancia co peche da unidade de saúde mental infantoxuvenil de Eirís. Parécenos que foi un erro, e parécenos que foi un erro por varias razóns. A primeira, porque o equipo estaba a desenvolver un traballo que nos parece excelente porque estaba a resultar un recurso útil para moitas persoas, e en segundo lugar por unha cuestión que non nos parece menor, e é que o impacto da COVID é bastante máis severo do que creemos e moito máis, por supostísimo,

los distintos colectivos de la ciudad. Algunos, lógicamente, potencialmente afectados o muy afectados tras el COVID en cuestiones de salud mental.

***Señora Cameán Calvete***

